

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 3-16 de 03/03/2016

ACTA CORRIXIDA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 03/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 03.03.2016

Hora de convocatoria: 20.00 h.

Hora de comezo: 20.05 h.

Hora de remate: 12.58 h. do día 04/03/2016

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

AUSENTES

- D. Javier Gregores Méndez

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.05 horas do 3 de marzo de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas anteriores:

a.

Aprobación da acta núm. 02/16 de data 11.02.2016.

2. Proposta da Alcaldía relativa a modificación da retribución da dedicación exclusiva do alcalde.

3. Proposta relativa a aprobación da prórroga do III Plan municipal para a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes de Gondomar.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.
 - a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo I 2016.
 - b. Dar conta da Información a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención.
 - c. Liquidación do orzamento do Concello de Gondomar do exercizo 2015.
5. Mocións.
6. Rogos e preguntas

- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN: D. XOSÉ ANTÓN ARAÚXO RODRÍGUEZ

Recibida a credencial do concelleiro desta Corporación municipal. D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez expedida pola Xunta Electoral Central con data 25.02.2016.

De acordo co disposto nos artigos 108.8 e 182.1 da Lei orgánica 5/85 do réxime electoral xeral e no Real decreto 707/79, o Sr. alcalde dá posesión do seu cargo como concelleiro da Corporación municipal a D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez previo xuramento ou promesa do cargo nos termos esixidos no citado R.D. 707/79.

Sr. Alcalde: Moi boas tardes a todos e a todas. Damos comezo á convocatoria, ben, á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do concello Gondomar, a número 3/2016 co seguinte inciso previo á deliberación dos puntos da orde do día que é a toma de posesión do novo concelleiro Antón Araúxo. Dime o secretario municipal da Corporación que para o nomeamento do concelleiro non obedece a un formalismo, polo tanto, é unha discrecionalidade do presidente da Corporación, neste caso, o que vos fala, para que tome posesión do seu cargo e xuramento do mesmo. Cotexada, analizada a documentación que versa sobre este nomeamento remitida dende a Xunta Electoral Central como a credencial para tomar cargo, posesión do seu cargo electo a declaración de bens e incompatibilidades, etc. que chegou ao concello xustamente o día 2 de marzo ás 10.00 da mañá obriga a facelo deste xeito en garantía dos seus dereitos. Perdón? Baixo? Agora escóitase mellor? Ben, digo que en áreas de garantir o seu dereito fundamental de participar da acción política e representación da veciñanza como foi nomeado nas últimas eleccións municipais, así que comprobada e valorada toda a documentación necesaria e que non incorren en ningunha incompatibilidade nin nada que impida asumir o seu cargo de concelleiro, unha vez analizada a mesma polo secretario municipal, procederíamos á toma de posesión do concelleiro Antón Araúxo. Quería darlles a vostedes a palabra por se teñen algo que dicir ao efecto como tamén se queren e para quedar máis claro este termo, tamén se o señor secretario considera ou se considera alguén dos aquí presentes que tome a palabra para que explique ou dalgunha maneira referende o que acabo de dicir, pois poden solicitálo. Ninguén pide a palabra, polo tanto, señor secretario, tomamos xuramento do cargo do concelleiro Antón Araúxo que pasa a ler.

Sr. Araúxo: Boa noite a todos e a todas, paso a ler. (...)

Sr. alcalde: Señor concelleiro, queda nomeado o señor concelleiro Antón Araúxo Rodríguez e dime o secretario municipal se pode resumir o seu xuramento e volver a repetilo que non nos quedou claro se verdadeiramente xurou ou... Se pode repetilo, por favor.

Sr. Araúxo: (...) Nestas terras (...), nestas do Valmiñor, nestas terras de Gondomar, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as miñas obrigas de cargo de concelleiro de Gondomar, traballar arreo para medren ideas innovadoras, os postos de vangarda, ofrecéndolle (...) e fiel ao servizo dos habitantes (...).



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. alcalde: Grazas. Ben, damos por, damos por válido o xuramento do concelleiro sen prexuízos e calquera pode facer os recursos pertinentes se cre que está desnaturalizado ou baleiro de contido o xuramento ou a promesa deste concelleiro. Queda, polo tanto, nomeado o concelleiro Antón Araúxo Rodríguez como cargo electo e queda integrado, ademais, no grupo municipal Manifesto Miñor polo partido que se presentou. Moitas grazas. Damos comezo polo tanto á sesión ordinaria do Pleno pero xa entrando na orde do día.

1. Aprobación das actas anteriores:

a. Aprobación da acta núm. 02/16 de data 11.02.2016.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr.Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por maioría dos membros presentes, coa abstención do concelleiro Xosé Antón Araúxo Rodríguez por non estar presente na sesión de que se trata, acorda aprobar a acta da sesión n.º 02/16 de data 11/02/2016.

Sr. Alcalde: Rógovos a todos os corporativos que na votación ou nas intervencións, se piden a palabra que non se molesten porque non me dou conta porque verdadeiramente tal e como estamos aliñados non vemos e de quen levanta practicamente a man nin quen a pide, tal como, moitas veces, non é cuestión de non darlle a palabra, ou de non darme conta, que simplemente non teño unha visión dende aquí como para estar atento moitas veces a todo.

2. Proposta da Alcaldía relativa a modificación da retribución da dedicación exclusiva do alcalde.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas n.º 1/16 de data 26.02.2016, que literalmente di:

"Vista a proposta de Alcaldía de data 23.02.2016 que literalmente di:

Asunto: Modificación retribución pola adicación exclusiva do Alcalde

A normativa actualmente vixente pronúnciase en sentido positivo sobre a posibilidade de que determinados cargos electos que exerzan as súas funcións con dedicación exclusiva e parcial, perciban retribucións con cargos aos orzamentos da entidade.

Así o artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local (Instrumento de ratificación , 20 de xaneiro de 1988) contén que o Estatuto dos representantes locais debe asegurar o libre exercicio do seu mandato. Debe permitir a compensación financeira adecuada aos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como se chegara o caso, a compensación financeira dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

É o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o que, en termos similares ao artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia

“Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

Tendo en conta que con data 16 de xullo de 2015, con motivo da sinatura do acordo de goberno entre os grupos do PSOE, CABE e MANIFIESTO MIÑOR, que incluía unha redución das retribucións do alcalde, así como nas relativas as indemnizacións polas asistencias a órganos colexiados, sen haberse feito efectiva esta última parte do acordo a data de hoxe.

Considerando que unicamente se levou a cabo a redución salarial do alcalde manténdose as asistencias os órganos colexiados,

Considerando que o cargo de alcalde leva consigo unha adicación exclusiva e plena ao concello e que ademais inclúe a súa asistencia a outros órganos de carácter supramunicipal de interese xeral para este concello (Mancomunidade do Val Miñor, Area metropolitana de Vigo...) pola que non percibe ningún tipo de emolumento pero si lle implica mais dedicación ao cargo, e polo que

PROPOÑO

A Modificación da actual retribución salarial desta Alcaldía, tendo en conta que as indemnizacións por asistencia a órganos colexiados non foron reducidas e, se restituía a contía a percibir ata a cantidade establecida e percibida polos anteriores alcaldes das diferentes corporacións, Sr. Guitián Guitián:, Sr. Urgal Alonso ou Sr. Arauxo Quintas.

A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (02 votos a favor: do grupo municipal do PSOE; 04 abstencións: 02 do grupo municipal do PP, 01 do grupo municipal Concello Aberto: e 01 do grupo municipal Iniciativa por Gondomar; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto.”

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Grazas, grazas, señora Iria. Intervencións? Señor Guitián ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Boas tardes antes de nada (...). A min me gustaría, señor alcalde, (..) que fixera unha análise (...)

Sr. alcalde: Grazas, señor Guitián. Algunha intervención máis? Ningunha intervención? Señor Pauliño del Río ten vostede a palabra. Señor Gómez ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas. En primeiro lugar darlle a benvinda ao novo concelleiro don Antón Araúxo. Segundo, desculpar ao noso compañeiro de grupo ao noso compañeiro (...), que non pode estar hoxe aquí na sesión plenaria. En segundo, (...) que explicara o seu cambio de opinión (...) que se propuxo poñer un soldo, vostede estaba totalmente convencido e sentíase afortunado por ter ese soldo, non? Como dixó nesta sesión plenaria no seu día e posta en acta. Ese cambio de opinión, gustaríame saber a que vén e que nos dea unha explicación. Eu en principio, nada máis, moitas grazas.

Sr. alcalde: Moitas grazas, señor Gómez. Señor Pauliño del Río ten vostede a palabra.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde. Ben, eu só quería que vostede dera conta das intervencións, das explicacións anteriores, en todo caso, a postura de Gondomar Concello Aberto é bastante clara, nós, por coherencia política, polo noso código ético, tendo en conta



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

que estamos sometidos a el, imos votar en contra da suba da remuneración do seu salario. No actual mandato, produto como se di na proposta de alcaldía, que tamén nos gustaría, dito de paso, que nos explicara que é o que pide porque neste momento e lido o que se ve, non se sabe o que pide. Tendo en conta que vostede pide equiparar o seu salario cos anteriores alcaldes das diferentes corporacións, e fala do señor Guitián, do señor Urgal Alonso e do señor Antonio Araújo e como vostedes non son os incidentes nas súas remuneracións e como estamos falando dun asunto meramente económico, independentemente do tema político, que é un tema económico cando os servizos de Intervención teñen que actuar, teñen que saber que cantidade é a que van poñer, pois evidentemente, a súa proposta tal e como está formulada, non indica se se quere equiparar o salario co de Antonio Araújo que no seu momento cobraba 58.000 euros ou co salario de don Fernando Guitián que cobraba 48.000 euros, ambos, ambos, tanto o do señor Araújo como o do señor Fernando Guitián, plenamente dentro da normativa vixente no seu momento. Correcto? É dicir, cando don Antonio Araújo cobraba 52.000 euros, estando dentro da normativa vixente e cobraba totalmente o mesmo que cobrou o anterior alcalde, e cando se produciu unha modificación da Lei de bases e réxime local a raíz da famosa Lei de sostemento e estabilidade do gasto público produciuse un tope de gasto para os concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes de 52.000 euros, polo tanto, ámbolos dous alcaldes estaban dentro da legalidade. Vostede aquí, eu leo isto, non sabemos se se quere equiparar ao señor Antonio Araújo, no seu momento, ou ao señor Fernando Guitián, ou, nin para ti nin para min, e quedamos nos 50.000 euros, nin 52 nin 48, 50. Non o pon e cando hai unha dedicación exclusiva, evidentemente, ten que haber unha cantidade claramente establecida na proposta da Alcaldía porque senón dificilmente se vai poder derivar de alí unha notificación á Seguridade Social, etc., etc., e unha (...) de crédito, etc., etc. E por tanto, de nada vale que acompañe á proposta da alcaldía unha RC, creo recordar, que tiña unha RC cunha cantidade cando na proposta non se di que ese RC se corresponde coa proposta da Alcaldía, co cal, para empezar, Gondomar Concello Aberto non ten claro que é o que imos aprobar aquí, si que imos a aprobar unha suma entre 48.000 e 52.000 euros, nada máis, pero como o deixa aberto, é evidente que non se sabe moi ben o que hai. Mire, nós fixemos un pacto de goberno co PSOE e con Manifesto Miñor, unha das razóns ou unha das, porque pensamos que era bo para este Concello. No tema dos salarios, creo que vostede ten trucos, estaban con lóxicas diferenzas en aprobar que tiña que baixar as retribucións do Goberno, correcto? Ben, cada un fixo unha proposta, evidentemente, había un tope que era o RC do salario mínimo interprofesional que se aplicou á dedicacións exclusivas, e ben é certo que en atención especial, dedicación e relevancia do cadro do alcalde, evidentemente, ese tope, máis cando non era de Gondomar Concello Aberto ese tope subiuse ata as retribucións que vostede ten na realidade. Este acordo do goberno supuxo un aforro para as arcas municipais e se temos en conta simplemente os salarios de 30.000 euros con respecto á anterior Corporación, e se temos en conta os salarios e a Seguridade Social, supuxo un aforro de 37.861,64 euros, 37.000 euros máis que os veciños do Concello de Gondomar podían gozar porque evidentemente se non se dedican aos salarios do Goberno e se dedican a outras cousas, máis beneficia, evidentemente, pois evidentemente, é un beneficio e a nós pareceunos un acordo aceptable e así o fixemos. Por un lado, manter no que a nós nos correspondía e ao resto dos concelleiros 3 veces e medio o salario mínimo interprofesional, iso daba unha cantidade bruta anual de 31.781,27 euros, correcto? E, tendo en conta o seu cargo, que non é unha cousa calquera, ten un cargo relevante dentro dunha entidade municipal e dado que non é Gondomar Concello Aberto, e tiñan outras expectativas ou outro código que nós no medio da negociación aceptamos os 38.949,12 euros que vostede ten na actualidade. Ben, dito isto, nós non miramos ningunha razón para que vostede suba en 10.000 euros o salario, o seu salario, correcto? Home, cando menos oféndenos que despois de dous plenos onde o único punto da orde do día foi un tema sobre o xuíz de paz, onde, ben, non quero incidir moito neste tema, onde seguimos un pouco nas mesmas, a pedir na maneira en que traen neste pleno como primeiro punto da orde do día sexa a subida do seu soldo. Non nos parece correcto. Polo tanto, nós imos ser



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

coherentes, (...) nós imos ser coherentes coa nosa postura, imos manter o salario que no pacto que lle deu tendo en conta que vostede é o alcalde de Gondomar, non tiña por que cobrar igual que as 3 veces e media, senón algo máis, pero non hai dende logo, ningunha razón para que aumente nos tempos que hai 10.000 euros máis no seu cargo señor alcalde. Non vemos ningunha razón para isto e polo tanto nós imos votar en contra. De momento iso é o que temos que dicir, grazas.

Sr. alcalde: Grazas señor Pauliño del Río. Ben, chegou o momento de dar a cara. Non queda outra. Xustamente miren vostedes que eu era o que quería eu. Dar a cara e falar para os veciños que estamos aquí presentes e para tamén os veciños que non están pero que van ter a oportunidade de escoitarme porque estamos gravando cunha cámara e está na páxina do Concello e ademais en *Youtube* o vídeo íntegro coas miñas verbas. Polo tanto, xa o feito de que un gobernante dea a cara xa é importante e que ademais que quede aí escrito e que quede dito. Seguimos. Desculpe, por favor, eu vou falar, despois o que queira insultarme ao final insulta, eh? Pero eu dígoo por aquilo de mantela orde. Mire, eu vou falar como sinto as cousas, eu levo aquí dez meses gobernando o concello de Gondomar. Chegamos a un pacto de goberno os chamados partidos de esquerdas que asinamos que aquí está. Asinamos entre outras cousas a redución do salario do alcalde, dende 47.000 euros máis ou menos que cobraba o anterior alcalde, o señor Guitián, baixámolo a 38.000 brutas, é dicir, a 38.000 euros brutos, ben ata aí todo ben, e baixamos tamén as asistencias de órganos colexiados: plenos, comisión de goberno, xuntas de goberno, comisións informativas, perdón, tamén as baixamos para toda a corporación. E iso tamén está no pacto. Aquí, asinado. Ben, eu no primeiro pleno sen problema baixeime o soldo e ademais dixen, señor Gómez, é verdade, que me sentía orgulloso de ser alcalde e sigo sentíndome orgulloso de ser alcalde, que sentíame ben pagado, si, e é verdade que me sinto ben pagado comparado con outros. Se me comparo con moitos que traballan na Administración, por exemplo, ou cos cargos que en moitos casos temos dentro do Concello, págase mellor ao secretario municipal, o interventor, o arquitecto, etc. pois non me considero ben pagado porque aquí o secretario que está ao meu lado cobra 56.000 euros por exemplo brutos, por exemplo, e non pasa nada, está establecido así. A lei permite que un alcalde dun concello destas características poida cobrar un salario de até 50.000 euros, ou sexa, que o señor Guitián estaba dentro desa ratio amparado pola lei. E é certo, cobraba iso. Nós aquí en máis dunha ocasión intentamos baixarlle o soldo ao señor Guitián. Todos. Por que? Porque o señor Guitián ostentaba outro cargo de deputado provincial da Deputación de Pontevedra onde tiña ademais unha remuneración que pasaba por 3.000 euros ao mes. Pasaba xusto polos 1.700 líquidos que cobraba aquí e roldaba máis ou menos un millón de pesetas ao mes entón entendíamos que se estaba nun sitio 4 días, que eran os venres, e aquí non lle dedicaba a dedicación plena ao Concello, que tiña que rebaixarse por aquilo de aforrar, cousa que non pasa con este que é o que fala, este que lles fala está dedicado ás 24 horas ao Concello, e ademais digo unha cousa; poderei ter moitos defectos, poderei facelo mellor ou facelo peor, pero podo dicir que dende que cheguei estou dedicado ao Concello as 24 horas todos os días e creo que cumpro coa función de alcalde. Ben, cando marcharon os socios de Goberno de CABE, o alcalde asumiu todas as áreas de goberno como está asumindo, polo tanto, o alcalde de Gondomar agora mesmo asume máis de 13 concellerías, á parte do cargo de alcalde, ademais está da man da Comunidade no Valmiñor como estivo, na área metropolitana e demais. Como os de CABE cobraban dúas medias dedicacións e iso supuña 31.500 euros máis ou menos, pois mire, aí xa aforramos, dende logo que si, dende logo que si, entón, cales son as circunstancias ao mellor que cambian dende entón? Pois as circunstancias son entre outras, que pasados 10 meses eu creo que xa houbo probas dabondo para que un estea dedicado ao Concello a tempo completo e dedicado todos os días que para iso viu aquí. Ten que asumir unhas áreas que antes non asumía e se antes eramos 10 a repartir o traballo e a repartir os cartos, eh? Se alguén fai ese traballo a maiores eu creo que merece ser retribuído. Entón eu como estou convencido ademais de que me dan moito medo, a min os alcaldes, que non lles preocupa o soldo, danme medo porque polas nosas mans pasan moitos cartos e entón



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

dánme moito medo os alcaldes aos que non lles importa a súa nómina. A min si me importa. Eu sintome un afortunado, señor Gómez por ser alcalde e por cobrar o que cobro. Sabe ben que son funcionario de carreira, son avogado e podería noutro sitio e estou aquí porque quero, ninguén me obriga. É certo. Pero non me gusta facer, non me gusta facer esa política que entendo que non é axeitada nin boa de xogar coas retribucións dos cargos públicos, sobre todo como un alcalde que estivo aquí e que está nun concello de 15.000 habitantes. Alcaldes que estiveron anteriormente alí cobraban máis e non sei se fixeron o mesmo ou non. A min hai que darme a oportunidade de demostralo, pero tamén hai que darme a oportunidade de traballar. Ben, esta é unha decisión política obviamente, eu non veño aquí a convencelos de nada, eu o que si é certo é que hai unha cousa que eu creo me honra, que polo menos veño aquí a peito descuberto como é o Grupo Municipal que somos catro, ter maioría absoluta e subirse o soldo, iso faino calquera, iso faino calquera. Goberna a base de rodillo e punto. Eu non. Eu cando estou convencido de algo e cando creo que teño dereito a elo e creo nas cousas, plasmándolle a consulta e poño enriba da mesa o que penso. E penso e estou convencido de que o salario do alcalde de Gondomar non está á altura das circunstancias e pénsoo e direino sempre, direino sempre, vale? E como penso iso, o que faga é, en vez de andar negociando por detrás ou facendo cousas raras, é chegar aquí e facer unha consulta a todos vostedes que son os representantes da Vila e son 17, incluídos nós, e eu vótolle a esa información e dígolle a todos os Grupos Políticos, a todos lle digo en voz alta e mirándolles para a cara: Creo que o salario do alcalde de Gondomar é indigno, mirando o gasto que hai. Non vou entrar noutras historias de cualificar o que os anteriores nin que malos eran nin moito menos. O que si temos é un preferente que é un feito. O anterior cobraba o que cobraba e xa o dixeran e os anteriores tamén. Eu creo que a Administración empeza por aí, creo que me sinto lexitimado para pór enriba da mesa e para dicirle a todos vostedes como responsables e como delegados dos veciños, como cargo que ostentan, de dicirle e lle digo: creo que temos que subirle o salario ao alcalde. Creo que lle temos que esixir dedicación exclusiva e absoluta e que deixe a pel atrás traballando, témoslle que fiscalizar o seu traballo e esixirlle, pero non se trata de asfixialo nin a el nin a ninguén. E o que lles digo é como penso iso o poño enriba desta mesa para que todos vostedes o analicen, que digan o que queiran a favor ou en contra. O bo destas cousas é que eu non teño maioría. Eu veño aquí, dou a cara. Moitos dicíanme: *estás equivocado, vas levar por todas as partes, as redes sociais ferven, este non é momento, espera un pouco máis, volve a falar con outros*. Mire, si, pero non, eu son así e o penso e o poño aquí. Decidan vostedes, eu vou seguir traballando para e por Gondomar arreo, e dentro de 4 anos, e vostedes, vostedes os que me están mirando aí analizarán a miña xestión e pódolles dicir que non vai ser mala; pódolles dicir que non vai ser mala. Fagan o que queiran. Isto non é cuestión de saír a ombros e ser derrotado. É unha cuestión de responsabilidade política. Vostedes teñen a oportunidade hoxe de igualarlle o soldo ao alcalde que tiña anteriormente a corporación, que é o señor Guitián que está aí. Sábeno vostedes ou deixalo con 38.000 euros e eu seguirei traballando. Dicir que o pacto de goberno falaba da redución dos salarios. Eu para o próximo pleno, pois nada, tomarei nota. Farei o que teña que facer. Baixaremos, subiremos. Aquí estamos para falar diante de todos e para tomar decisións. Iso é o que hai. Señor Guitián, vostede hoxe ten un dilema, moral, legal, político ou como queira. Ten. Non?, ningún?. Non, non, xa llo din por vostede. Vostede ten un dilema. Vostede ten que, dentro de 10 anos, e diante miña ten que facer unha cousa, ou votar en contra despois do alcalde actuar co soldo que cobraba vostede como alcalde, á parte de cobrar tres mil e pico, largos, euros máis, si, da Deputación, ou votarlle en contra para que traballe a pan e auga. Iso si que é un dilema. Iso é un dilema. Veremos, veremos o resultado. Por favor, estou de última palabra. Despois vostedes pidan a palabra e falen. Non me quiten a min o minuto de gloria que xa bastantes hostiazos vou levar. E son un pardillo e chegar aquí en minoría con este soldo a que vostedes me dean por todas as partes e voten en contra e algúns se absteñan. Por favor, déixenme aquí tamén a min recrearme un pouco e falar. Despois piden a palabra e din todo o que queiran. Eu non vou a convencer a ninguén disto, non, non. Simplemente é un feito e é algo no que eu creo e estou



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

convencido, trasladollo aos compañeiros da corporación e eles toman decisións como as tomo eu. A veciñanza toma nota e non pasa nada e con toda a normalidade; que isto non pasa pois, oe, agora si que podó dicir que cobro pouco ou que cobro moito, pero o que non podó é andar a chorar por aí: "É que cobro pouco". O primeiro que me din é: pois lévao ao pleno e dílle a ver se che soben. E así está. Así de claro. Entón, é o que hai. Eu creo que un concello non se xestiona nin mellor nin peor por 8.000 euros arriba ou 8.000 euros abaixo. Eu traballo na Administración, estou na Administración e sei o que se move. Eu teño outra mentalidade. Eu creo que non se trata de fiscalizar a peseta a peseta o do alcalde nin dun concelleiro que ten dedicación exclusiva. Non, eu creo que a eses hai que esixirlle que traballen polos veciños e a Administración ten que ir por outro lado, ten que ir por outro lado e non se trata diso. De pouco vale que ao final vailamos ao político cando hai que reestruturar moitas cousas. Ben, para non estenderme máis, que chega ben, verdade? Que non quere que fale, pois o normal é que fale; que diga o que penso. Voulle dar a palabra a quen a pida, obviamente, e unha vez que dadas as súas intervencións cerrarei eu salvo que alguén a volva a pedir por alusións tremendas que non creo que pase, porque non se vai interromper. Petición de palabras? Señor Guitián ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Tiñamos claro despois das intervencións que nos reforza.

Sr. alcalde: Non sabía eu.

Sr. Guitián: A min sorpréndeme que di que vai traballar tanto e que vai facer tantas cousas e mire o que hai aquí. E igual que di que por 8.000 euros (...) Igual que di para un lado, pode dicir para outro. (...) Sabes que votamos nós no Pleno de organización de xuño de 2015? (...) Votamos a prol e nos abstivemos nas (...) Sabe que votou este Grupo en xuño de 2011? (...) Sabe que votou vostede? O que hoxe quere. Sabe o que votou vostede aquel día? Coherencia, coherencia...

Sr. alcalde: Dígao.

Sr. Guitián: Coherencia. Votou que non. En contra. Coherencia. Eu non teño ningún dilema. Vostede díxonos aquí moitas veces, imos intentar sempre votar e traballar con coherencia, e hoxe imos facelo igualmente competente, con coherencia en canto non só ao político. E a vostedes díxémoslle moi claro, vostede tomou unha decisión nun determinado momento que foi facer un goberno en coalición. Eu como cidadán, e llo dixen moitas veces, creo que como saberán, aínda que estea nun lado ou noutro, sempre é moi bo que exista un goberno en coalición e un goberno (...). Iso é bo para todo o mundo, é bo para o que sexa. Dentro dese acordo, como aquí se explicou, estaba o seu soldo, e vostede quedou encantado e así o dixo, e así o transmitía na súa proposta daquela e estaba encantado e hoxe mesmo o dixo aquí: Estou encantado porque ten un goberno en maioría se supón que ten un goberno bo. E nós votámoslle a prol porque nós aceptamos iso e porque coherentemente pensamos que iso está ben. Se nos houbera dito vostede que quería o soldo que tiña o anterior alcalde que estaba dentro da lei, houberámoslle votado tamén a prol, loxicamente, porque era unha aposta pola súa xestión. É como cando vas contratar a unha persoa ou ti contratas a unha persoa, é dicir, eu tiven non sei se a sorte ou a desgraza de contratar a moita xente na miña vida profesional, ofréceslle unhas condicións económicas. Estás facendo unha aposta por esa persoa porque aquí formulou a súa dedicación e o seu soldo e nós aceptamos esa aposta, válenos. Imos ver, que contra esa proposta que vostede facía de soldo había un goberno forte, un goberno en maioría. Canto lle durou? Canto lle durou ese goberno forte? Cinco meses? Catro? Seis? Un? É dicir, unha das premisas que vostede formulaba rompeuse, e fíxese vostede, primeiro o que nos trae aquí, o primeiro que trae a este plenario é subirse o soldo, é dicir, (...), o mundo ao revés, tería que baixarllo en todo caso, digo eu, (...), foi o que vostede dixo, agora que non teño un goberno forte e quero subirme o soldo. A actuación non funciona así eh? As matemáticas. Ás veces hai que saber sumar. Ás veces hai que sumar peras, mazás, etc., etc., e avisar os núcleos como se debe, porque (...) os números que (...) aquí ten que repasalos e gustaríame que no próximo pleno vostede me veña a dicir, ben, porque non sei se sabe que falta á verdade. Ben, iso como primeira cousa, é dicir, o primeiro que fai é romper o goberno



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

forte (...) e sóbese o soldo. É e o primeiro que fai. Canto? É o que lle dicía antes, nós fixemos, decidimos votar a prol porque fixemos unha aposta, é dicir, eu.. vou facer unha aposta (...), seguro que si. E quero gañar isto. (...) Perfecto, imos falar da xestión. Cantas cousas trouxo a este pleno en 8 meses? Podemos estar de acordo co que me diga ou non estar de acordo, pero como contidos trouxo: a modificación das taxas, a anulación da taxa do lixo que, por certo, foron da xente que lle marchou ou que votou. Trouxo as ordenanzas de carga e descarga e as ordenanzas (...). E terá vostede que librar-me doutras cousas (...). Probablemente cara a dentro fixo vostede unha xestión impresionante, impresionante, impresionante, pero cara fóra, cara a nós, os que estamos aquí e participamos neste plenario, non a vemos. Antes xa lle dixeron, leva dous plenos para traer a elección do xuíz de paz, tamén é unha cousa con contido pero é algo que non sae de vostede, vén imposto, que por certo, é en setembro e o trae en febreiro, paréceme que foi, e faltando a todas as normas de convivencia democrática que tiña ata entón. Por certo, a Comisión que sustentaba este pleno, este punto, e non (...) fíxose con 5 días, cando a norma di que son 6. (...) Non sei se pedir-lle moito máis, pero.

Sr. alcalde: Nada máis.

Sr. Guitián: Sempre lle diríamos desta maneira. Eu que lle dixen?, non traia isto agora, por deferencia política non podemos votar a prol. Non podemos porque entón onde vai a nosa coherencia? E dígollo máis, é que a súa coherencia sería non traer este punto. A súa coherencia sería non traer este punto, sería non traer este punto; que saiba que nós imos votar en contra.

Sr. alcalde: Grazas, señor Guitián. Señor Gómez?

Sr. Gómez: Imos ver, señor alcalde, eu xa llo dixen cando vostede, eu creo que xa quedou claro cando vostedes se fixeron os xordos, vostede e os seus concelleiros do Goberno e algún outro que xa non está no Goberno agora, eu díxenlle, sempre estiveron non agora senón en anteriores legislaturas sempre estiveron en contra (...), pero tamén hai que ter en conta que vostedes (...) vostede naquel momento dixo que estaba un (...) claros, xa llo dixen antes, foi vostede (...) de xogar coas súas (...). Foi vostede. Vostede. Aquí había un soldo que cobraba o alcalde e vostede o baixa e agora o quere subir. Iso non é..., non ten lóxica. Vostede impúxo, vostede e o seu Goberno e agora ben, cunha subida de soldo nun momento, nun momento, no que acaba de romper o Goberno. Levamos iso, 8 plenos, 10, 9, non sei cantos co mesmo practicamente (...). Pero ben, (...) que lle quede claro, que nós, o noso grupo está de acordo, non está de acordo en que se baixara o soldo no seu día, pero iso foi un problema seu, foi vostede quen o baixou, vostede no seu día, vostede díxome que era un afortunado, pois ben, se vostede se consideraba un afortunado, (...), pero (...) polo cal nós non imos entrar, nin entrar nos temas recordados, xa que o señor Pauliño falou de moitas cousas, o señor Guitián tamén e nós non imos entrar nisto. Como dixo na outra vez, este é un tema que ten arranxar vostede, vostede e o seu Goberno. Polo cal, nós non imos entrar neste tema. Nós ímonos abster. Nada máis. Moi ben.

Sr. alcalde: Grazas, señor Gómez. Algunha intervención máis? Señor Pauliño del Río ten vostede a palabra.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde. Simplemente era para dicir e comentar dúas cousas. Primeiro é certo que vostede se baixou o soldo, cerca de 10.000 euros, tamén o resto dos concelleiros con dedicación exclusiva (...) se baixaron o soldo. É certo, ben, non nos gustaría entrar nun tema de cifras, pero creo recordar que vostede tiña 4 exclusivas ao 60% de 21.000 euros, correcto? 4 dedicacións parciais, perdón, ao 60% así consta no Pleno, na proposta da Alcaldía, na aprobación e no Departamento de Tesourería e Intervención. 21.000 ao 60%, a dedicación parcial ao 100% é de 35.000; fagan vostedes unha regra de 3 simple, correcto? De 35.000; as dedicacións exclusivas deste Goberno, e cando estabamos Gondomar Concello Aberto, correcto? E de (...) son de 31.781,27 €, polo tanto, non se baixou vostede o soldo porque se se baixara só o soldo do alcalde e se acordaron máis de 30.000 euros segundo me din as contas de Intervención, dificilmente é compatible que baixándose o soldo o alcalde 9.000, imos deixar 10.000 euros, haxa unha rebaixa de máis de 31.000, 10.000 euros baixouse



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

o señor alcalde e 7.000 euros cada unha das dedicacións exclusivas con respecto ao que había aí. Polo tanto, hai unha baixada, hai un esforzo, do señor alcalde, no Pacto do Goberno e houbo unha baixada con respecto á anterior corporación por parte das concelleiras e concelleiros que estiveron neste Goberno. Quería deixalo claro porque parece que o esforzo do Goberno só estaba mantido polo señor alcalde, están polo señor alcalde e polo resto da concelleira e do concelleiro que neste momento cobran a exclusión. Sen que se rompera ningún código ético. En segundo lugar, eu podo entender, señor alcalde, que vostede diga eu agora asumo máis áreas; teño que cobrar máis. Porén, isto chócame con, cando vostede deixou Educación e Xuventude, non se baixou o soldo. Polo tanto, hai aí unha contradición, cando asumimos a área queremos subir, pero cando deixamos outras áreas, non queremos baixar. Non me parece entón razoable este tipo de razoamento. Simplemente un detalle que lle teño que dicir ao señor alcalde, e permítanme; eu podo entender perfectamente que vostede está lexitimado a pedir o soldo que vostede estime oportuno e esta corporación está en coa competencia que lle corresponde, está en dereito para dicir que si ou que non, pero dicir que está vostede a pan e a auga cando está cobrando 39.000 euros nos tempos que corren... carai! Parece. Soa por esta parte un pouco forte. Grazas, señor alcalde.

Sr. alcalde: Grazas señores concelleiros. Perdón. Señor Araúxo?

Sr. Araúxo: Grazas. Permítame, señor alcalde, (...) para explicar o voto do noso grupo. Se me permite que lle fale dende o punto de vista de alguén que foi alcalde, que quere (...) o soldo que cobrou tan mal e tan mal e arrastro e dende logo (...) de 5 compañeiros e compañeiras que traballaron arreo, (...), sen cobrar un duro, non? E quero dicilo tamén para que conste no inventario (...), que foron (...). Quería dicir tamén que afortunadamente os novos tempos da política que viñeron para quedar, afortunadamente, e que estamos vendo ademais aquí (...) e noutros sitios, que eses novos tempos trouxeron entre outras cousas que acabaron coas familias absolutas, acabáronse tamén os votos e a disciplina férrea tamén, as obediencias férreas tamén, e pola contra trouxo pois menos xefatura, máis liberdade, o de falar e de poder votar libremente sen ningún temor a esas obediencias que antes parece que era obrigado ter, non? Eu creo que iso, nós pensamos que iso é positivo e merecemos tamén que é potestade do señor alcalde, de facela orde do día, traelo con liberdade plena, e polo tanto introducir na orde do día as opcións que el considere oportuno, polo tanto, este asunto que introduce na orde do día é absolutamente lexitimo que o traia aquí ademais do que lle acabo de explicar que se pode compartir ou non e que nós dicimos que non compartimos. E por último dicir que nós tamén asinamos un Pacto de Goberno do que se falaba de (traballo), de dedicación exclusiva, etc., por certo, coincido con vostedes, nun Pacto de Goberno que aínda está por concretar e a (...) nós somos respectuosos co que pactamos e cos acordos e nesa liña e, e aínda así admitindo porque tamén así o defendemos, tamén o defendemos na negociación que o salario do alcalde era baixo, tamén o dixemos na negociación, pero ao final aceptou, aceptou, insisto, como noutras cousas que a nós non estamos de acordo, pero aceptamos polo concepto que era (...) naquel momento, non? E polo tanto, igual vostede ten a razón, que é un salario inxusto, pero eu tamén creo que neste momento non é, non é, non procede esta suba que vostede lexitimamente trae vostede a este Pleno. Polo tanto, o noso grupo, é un grupo de Goberno, que forma parte do Goberno, perdón, imos absternos neste punto. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, señor Araúxo, algunha intervención máis? Ningunha? Ben, para rematar, para pechar, ben, eu quería darlle as grazas a todos os voceiros e a todos os concelleiros, primeiro, pola súa xenerosidade por dicir verdadeiramente o que se pensa e non hai por que tomalo con acritude, eu quería saber concretamente que é o que pensaba cada grupo, cada un dos representantes dos veciños e roldábame na cabeza isto, cría que era xusto e que estaba ademais autorizado moralmente para pór enriba da mesa e falalo e cumprino. Chegamos aquí, falamos. Cada un dixó o que tiña que dicir. Nalgunhas cousas coincido, señor Gómez, grazas por darme o seu apoio moral aínda que prefería que me dera o seu voto, pero non mo vai dar, e grazas señor Pauliño por facer as correccións que se fixeron que tamén é certo que..., non vou entrar se rompeu un, se rompeu outro, grazas tamén ao señor Guitián. Eu contaba con ter



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

o seu apoio aquí hoxe por aquilo de que como di aquilo que tamén o mesmo salario ía ser máis complacente comigo, aínda que só fora por aquilo de ser cabaleiro, pero ben, saíume mal. Teño que dicir a favor de Natalia que cobraba menos, como dicía, a dedicación de Natalia era máis baixa, corríxame señora Natalia, máis baixa que as concelleiras, que teñen dedicación exclusiva. A señora Natalia cobraba menos do que cobran as nosas, hai que dicilo, están aí os números, xa llo digo eu. Hai que darlle a razón a quen a ten porque se baixara o soldo o 10%. Eu aínda estou intentando a ver se me vota a favor, pero non creo. Mire, isto hai que tomalo, como hai que tomalo, con tranquilidade, non pasa. Eu vou seguir traballando. Quedo máis tranquilo. Quedo liberado. Eu non teño nin por que enfadarme nin me parece mal, ao contrario. Saqueime un peso. Sei que agora este tema é un tema que xa está. Imos seguir avanzando. Imos seguir traballando noutros puntos. Imos facer cousas que temos que facer para iso está. Polo tanto, sen máis, grazas a todos. Votos? Imos someter á votación este punto. Polo tanto, a aprobación do salario do alcalde actual respecto ao salario do alcalde anterior, así como así consta no informe de Intervención e tendo en conta que entraría dentro da legalidade porque os outros dous. Non.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 4 votos a favor: do Grupo Municipal do PSOE; 7 votos en contra: 4 do Grupo Municipal do PP e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e; 5 abstencións: 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor e 2 do Grupo Municipal I.X.G, acorda rexeitar esta proposta de Alcaldía relativa a modificación da retribución da dedicación exclusiva do alcalde.

3. Proposta relativa a aprobación da prórroga do III Plan municipal para a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes de Gondomar.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 29.02.2016, que literalmente di:

"Vista a proposta de Alcaldía de data 26.02.2016, que literalmente di:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE GONDOMAR

ASTO.: Aprobación da prórroga do III Plan municipal para a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes de Gondomar.

ANTECEDENTES:

O Pleno do deste Concello de Gondomar, en sesión de data 05.12.2012 aprobou o III Plan municipal para a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes polo período 2012-2015.

FUNDAMENTOS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Artigos 9.2 e 14 da Constitución Española.
- Artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

- *Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.*
- *Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*

Dende o ano 2005 o Concello de Gondomar leva desenvolvendo políticas de igualdade de forma sistemática e ininterrompida a través do primeiro e segundo PIOM.

No ano 2012 aprobouse o III Plan Municipal de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar 2012-2015, que coa finalidade de contribuír á consecución da igualdade de oportunidades de mulleres e homes do territorio no ámbito público, privado e doméstico, estrutúrase arredor de tres áreas estratéxicas: sensibilización e participación en igualdade de oportunidades, emprego e conciliación e, loita contra a violencia de xénero. Estas áreas definen seis obxectivos específicos relativos á: toma de conciencia en relación á igualdade de oportunidades, participación do tecido asociativo e da comunidade educativa, incremento da empregabilidade das mulleres de Gondomar, apoio á conciliación, garantir a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero, e, sensibilizar cara á erradicación da violencia de xénero.

En data 05.04.02.2016, Margarita Pardo Fontán, avogada-directora do CIM presenta informe solicitando e xustificando a prórroga deste III Plan de igualdade municipal, en base á seguinte motivación:

“Considerando que a vixencia do Plan municipal de igualdade rematou no 2015, que nos atopamos xa no 2016, ás técnicas do CIM entendemos que este PIOM constitúe aínda un marco adecuado para continuar traballando nas áreas que comprende; por outro lado estanse a recopilar os datos do desenvolvemento do mesmo, co obxectivo de coñecer o seu grado de execución e impacto, proceso complexo que precisa dunha sistematización na recollida, envorcado e procesamento da información obtida, polo tanto dunha temporalización na asignación de cada unha das tarefas.

Asimesmo a práctica totalidade dos indicadores e obxectivos do III PIOM seguen a estar vixentes hoxe en día e seguen a ser acordes coas necesidades actuais da nosa sociedade en materia de igualdade.

Ademais para acceder a certas liñas de subvencións é imprescindible contar cun Plan de Igualdade vixente, que nos proporciona o marco no que actuar nun período determinado en materia de igualdade, e sen o cal, as accións que puideramos acometer non terían un carácter integral e instrumental na consecución dos obxectivos desta Concellería.

Unha vez realizada a avaliación do Plan, esta será o marco sobre o que se elaborará o seguinte plan de Igualdade, procesos ambos que precisan de tempos e esforzos de traballo e reflexión nun proceso de investigación-acción-participación que implica a toda a cidadanía no interese de acadar un novo marco de actuación no que priorizar os criterios de traballo dende parámetros de adecuación ás diversas realidades do municipio e dende a premisa de que unha sociedade máis igualitaria é unha sociedade máis xusta e equilibrada.

Tendo en conta o anterior, considérase proceden te manter vixente o III Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de trato entre Mulleres e Homes de Gondomar, aprobado en sesión plenaria de 5 de decembro de 2012, durante o proceso da avaliación do mesmo e de elaboración dun novo Plan Municipal de Igualdade, o que asegurará ao Concello de Gondomar un marco de actuación consensuado e efectivo a curto prazo e lle permitirá acceder a diferentes liñas de subvención.”

Considerando que o Artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei 5/97, que recoñece a competencia dos concellos en materia de actividades de promoción da muller, pola presente propoño se acorde:

- *A aprobación polo pleno da Prórroga do III Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar.”*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (03 votos a favor: do grupo municipal do PSOE; 04 abstencións: 02 do grupo municipal do PP, 01 do grupo municipal Concello Aberto: e 01 do grupo municipal Iniciativa por Gondomar; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto."

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Grazas señora Iria. Se me permiten, para redundar un pouco máis na proposta da Alcaldía, dicir que se pretende prorrogar o terceiro Plan de Igualdade entre mulleres e homes do noso Concello. Este plan foi aprobado ademais en sesión plenaria do 5 de decembro de 2012 e tiña unha vixencia até o ano 2015, é dicir, hoxe en día non está vixente. Iso implica para a Administración Local e para acollerse a calquera tipo de liña, liñas de subvencións, axudas e demais é necesario ter en vigor un plan de igualdade aprobado ou prorrogado que neste intre os técnicos do CIM, a directora do CIM e todos os do Departamento considera que este Plan está totalmente, aínda por desenvolver, que ten un camiño que andar e que non é necesario facer un novo Plan, primeiro porque non está feita nin a avaliación deste Plan, entón aconsellan a súa prórroga, tamén ao mesmo tempo hai que dicir que nun plan de igualdade supón pois 8.000 ou 10.000 euros aproximadamente e diso sae bastante a concelleira Patricia Durán porque no mandato pasado como responsable de área foi quen de levar a cabo o terceiro Plan de Igualdade e tamén hai que dicilo, ao seu respecto, que fixo un traballo inmejorable, só sería mellorable por nós, por desgraza, a verdade é que podemos dicir que si que fixo un bo traballo, que hai un magnífico Plan de Igualdade recoñecido por todos e que si é certo que ten moito recorrido aínda, señora Durán, e que convén prorrogalo para entrar na liña de subvencións e demais. Doulle a palabra a quen queira intervir. Señora Durán, grazas.

Sra. Durán: Grazas, alcalde, moi boas noites a todos e a todas. Ben, con respecto a esta proposta, o noso voto vai ser a prol. Como acaba de dicir o presidente-alcalde o que se fai aquí é a prórroga do Plan que aprobou o Goberno anterior, sendo eu efectivamente a concelleira; di vostede que é mellorable. Tiñan vostedes a oportunidade de liderar o novo Plan. Este agora vai durar catro anos, así que, señor alcalde a oportunidade igual se vos pasa. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, señora Durán. Intervencións? Señor Gómez?

Sr. Gómez: Simplemente manifestar a nosa intención de voto (...). O voto de Iniciativa por Gondomar vai ser a prol. Nada máis.

Sr. alcalde: Grazas, señor Gómez. Señora Varela ten vostede a palabra.

Sra. Varela: Grazas, señor alcalde. Ben, primeiro que nada imos facer un chamativo que se utiliza como argumento que non se fai un Plan de igualdade porque custaría 8.000 euros, algo que nos gastaríamos tódolos meses se vostede se subira o soldo hoxe. A min gustaríame tamén repasar o sentido do voto e Gondomar Concello Aberto por suposto vai ser a prol desta proposta, pero á parte dun plan de igualdade, ademais para poder pedir subvencións, sirve para moitas máis cousas. Tamén nos gustaría que o discutiramos e falado no Concello Municipal da Muller antes de traelo ao Pleno, pero como non se convoca pois obviamente isto é imposible. Isto debería contar coas distintas organizacións de participación para ter unha diagnose moito mellor da situación, da xente que participe, mellor vai ser a diagnose e a proposta, e necesitamos o plan de igualdade porque ben, ademais da violencia de xénero e nas súas manifestacións máis agresivas, non?, como son a violencia física e psicolóxica, realmente esa é a punta do iceberg das desigualdades das mulleres e dos homes. As mulleres gozamos de menores de salarios e gañamos en Europa un 25% menos de media cós homes e a temporalidade é máis precaria, moito máis forte, incide moito máis nas mulleres ca nos homes, a aceleración tanto horizontal como vertical é moito maior tamén nas mulleres. Entón, ben, cremos que o plan de igualdade que orientaba as políticas xustas de igualdade en tódolos niveis da Administracións é fundamental, pero tamén cremos que este Plan que consta en principio de, ese Plan que hoxe imos prorrogar que consta en principio de 3 fases, que é unha



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

diagnose, un desenvolvemento onde se propoñen certas medidas e un sistema de impedimento á (...) como ben dixo antes o señor alcalde, este terceiro paso non está feito aínda e cremos que é imprescindible porque non sabemos de todas estas medidas, cales se fixeron, cales non, que incidencia tivemos, se realmente significaron un cambio, se non, as cousas que temos que cambiar, e ben, é difícil realmente avaliar o Plan 2011-2015 sen ter ningunha avaliación. Entón, gustaríanos saber se se vai facer e o informe da relación do concepto municipal, simplemente se presentará ao final da prórroga fixado no 2019, entendo, entón, ben, gustaríame que (...). Grazas.

Sr. alcalde: Grazas señora Varela. Dicirlle, imos ver, para non liarnos, que parte da proposta, a proposta di todo, prórroga, polo tanto, e iso que me sabe mal esa palabra. Estamos continuando co que xa está feito, non estamos facendo de novo. Entón non podemos entrar a debater e a cambiar algo que entendemos que está feito e que polas circunstancias expresadas consideramos necesario prorrogar, primeiro porque é un magnífico Plan de Igualdade, esa é a verdade. Segundo, porque é necesario facelo así por economía administrativa, é certo que cós 8.000 xa faciamos un, e co que cobrou vostede en 10 meses faciamos dous. Tamén é certo que hai que desenvolver a avaliación, por suposto que hai que facelo, si. Agora mesmo están recollendo datos e traballando niso, pero un plan de igualdade obviamente non se fai dun día para outro como para agora coller este que está aquí, ademais, tiralo ao lixo e pórse a facer outro porque iso implica, entre outras cousas, non poder acollerse á liña de subvención. Como é un bo argumento que hai que traballar nel, hai que acabar de desenvolvelo, hai que avalialo, e temos traballo dabondo dende logo nesta área. Espero estar á altura das circunstancias como estivo a anterior concelleira e xa non lle fago máis halagos. Grazas. E se chegas a votarme a favor... Uf.. Intervencións algunha máis? Ningunha intervención máis.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes acorda aprobar esta proposta de Alcaldía relativa a aprobación da prórroga do III Plan municipal para a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes de Gondomar.

4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.

a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo I 2016.

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2015 dende o:

1/1 do 4 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de decembro dos empregados públicos.

2/1 do 4 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de decembro dos empregados públicos.

3/1 do 6 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 1.

4/1 do 7 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa especial de asesoramento e seguimento do PXOM do Concello de Gondomar n.º 01-16.

5/1 do 7 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar. Exp. 11847.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

6/1 do 7 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para construción de vivenda unifamiliar illada e muro de peche. Exp. 11936.

7/1 do 7 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de ampliación de prazo. Exp. 11991.

8/1 do 8 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Finalización do procedemento de solicitude de cambio de titularidade de actividade. Exp. RX 4919/14.

9/1 do 8 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de secretario accidental.

10/1 do 11 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Finalización do procedemento de solicitude de ocupación de dominio público. Exp. RX 3227/15.

11/1 do 11 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade. Exp. R.X. 7243/15.

12/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Reorganización do persoal ao servizo do Concello.

13/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de anticipo da nómina do mes de xaneiro da traballadora M^a Carmen Rodríguez Pérez.

14/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: Axuda económica para pago de dúas cargas de gas butano e gafas graduadas. Exp. PX n.º 01/2016.

15/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Acta da Comisión de Valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

16/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para execución de muro de contención. Exp. 11943.

17/1 do 12 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de autorización de terraza na vía pública. RX 4898/15.

18/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación das bases reguladoras do concurso-desfile de comparsas e carrozas do entroido 2016. Exp. F 01/2016.

19/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007350 10.12.15.

20/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007350 10.12.15.

21/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007350 10.12.15.

22/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007350 10.12.15.

23/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007350 10.12.15.

24/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Efectuar as delegacións xenéricas das áreas de Cultura, Deportes e Igualdade.

25/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Orde de execución á empresa GESECO AUGAS, S.A. para tala de árbores de parcelas sitas en Rapadoiro Donas, Gondomar. Exp. 143/2015.

26/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007628 18.12.2015.

27/1 do 13 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007628 18.12.2015.

28/1 do 14 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

- 29/1 do 14 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación de gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para PAGP de mensualidades de academia escolar para clases de apoio. Exp. PX n.º 02/2016.
- 30/1 do 15 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Plan de Coordinación de Seguridade e Saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra demolición de vivenda unifamiliar de Rebeca Fernández Prieto en Donas, Nogueira. Exp. 98/13.
- 31/1 do 15 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Resolución de recurso de reposición, listaxe definitiva de admitidos e excluídos, composición do tribunal e fixación da data da primeira proba teórica (test) do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de servizos varios.
- 32/1 do 15 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Renuncia do IES Auga da Laxe á comunicación previa de obra. Exp. 11892.
- 33/1 do 15 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Contestación ao requirimento de Augas de Galicia.- "Adecuación da rede de saneamento no concello de Gondomar (OH-336.938. – Pozo de bombeo".
- 34/1 do 15 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Execución da sentenza ditada polo Xulgado do Social N.º 2 de Vigo dentro do Procedemento Ordinario 648/2015.
- 35/1 do 16 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de modificado proxecto saneamento en Lourido, Vilaza.
- 36/1 do 18 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria Pleno da Corporación Municipal do Concello de Gondomar nº 01/2016.
- 37/1 do 18 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitud de ocupación de autorización de terraza na vía pública. Exp. Rx 4881/15.
- 38/1 do 19 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Actualización do Salario Mínimo Interprofesional que afecta á solicitude da liña 4 do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.
- 39/1 do 19 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Adhesión o Convenio de Cooperación Educativa entre a Universidade de Vigo e o Concello de Gondomar.
- 40/1 do 19 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitud para a tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 20, 22 e 23 de xaneiro, na honra San Sebastián, no barrio de San Sebastián da parroquia de Mañufe do Concello de Gondomar. N.º 1.
- 41/1 do 20 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 01/2016.
- 42/1 do 20 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de verbena. Exp. 12020.
- 43/1 do 20 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Incumprimento do horario de peche. Exp. 23/14.
- 44/1 do 20 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Acta da comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 45/1 do 20 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Alta no programa SAF-LIBRE concurrencia do Concello de Gondomar.
- 46/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Bolsa de práctica laboral de Adrián Román Carreiro na Biblioteca Municipal.
- 47/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.
- 48/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requerimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de autorización de ocupación do dominio público.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

49/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. De luz. Exp. PX n.º 03/2016.

50/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. De luz. Exp. PX n.º 04/2016.

51/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. De luz. Exp. PX n.º 05/2016.

52/1 do 21 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de mensualidades de asistencia a gabinete psicopedagóxico. Exp. PX n.º 06/2016.

53/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello.

54/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal funcionario do Concello.

55/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello.

56/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de obra para legalización de galpón e peche de finca de sita en Gándara Peitieiros. Exp. 12019.

57/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Declaración de ineficacia da comunicación previa de obra en Hervillás, Vincios (SOLO NR). Exp. 12022.

58/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para cambio de titularidade de actividade. Exp. RX 4815/15-Exp. 7977.

59/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitud de ocupación de autorización de terraza na vía pública. Exp. Rx 4868/5.

60/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. De cargas de butano. Exp. PX n.º 07/2016.

61/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal funcionario do concello.

62/1 do 22 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal funcionario do concello.

63/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud licenza para liña de alta tensión de 132 KV Gondomar-O Rosal. Exp. 11095.

64/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar. Exp. 11150.

65/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud de licenza de obra para reforma de vivenda unifamiliar. Exp. 11911.

66/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente comunicación previa para limpeza de canalóns de recollida de augas da chuvia do tellado en edificio sito na Praza Angel Urzaiz núm. 7 Gondomar. Exp. 12011.

67/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente comunicación previa para limpeza de canais de recollida de augas da chuvia do tellado en edificio sito na rúa Diego Sarmiento de Acuña núm. 12 Gondomar. Exp. 12015.

68/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente comunicación previa para limpeza de canais de recollida de augas da chuvia do tellado en edificio sito na rúa Elduayen núm. 6 Gondomar. Exp. 12016.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

69/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitud de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para a recuperación e posta en valor do bosque de Ribeira do río Miñor ó seu paso pola zona residencia baixa redonda e edificio Garzas, en Gondomar. Exp. S 112/15.

70/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitud á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para a contratación temporal de persoas en risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o exercicio 2016.

71/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. De gasóleo. Exp. PX n.º 8/2016.

72/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para adquisición alimentos. Exp. PX n.º 09/2016.

73/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación expediente de solicitud de licenza de obra para vivenda unifamiliar (proxecto básico) e aliñamento en San Cibrán Donas. Exp. 11989.

74/1 do 25 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar. Exp. 12012.

75/1 do 26 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de fachada (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11914.

76/1 do 26 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón de comunicación previa de obras para reparación de cuberta e cambio de tella (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11915.

77/1 do 26 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa e impostos relativos á solicitud de licenza de 1ª ocupación. Exp. 11983.

78/1 do 26 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Contestación ás alegacións formuladas por María Pilar Fontán de Castro. Exp. 118/2011.

79/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 02/2016.

80/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Plan de coordinación de seguridade e saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra Pavimentación vial municipal Sermán 1, Donas" Exp. 31/15.

81/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Orde de execución, para tala de árbores de parcelas lindantes ao recinto da depuradora sitas en Rapadouro Donas, Gondomar. Exp. 143/2015.

82/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas e impostos relativos á solicitud de licenza de obra de cambio de cuberta e demolición de galpón en A Pedra, Morgadáns. Exp. 11793.

83/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar illada, piscina e peche. Exp. 12006.

84/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitud de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar. Exp. 12014.

85/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda a Constantino Bas Barros. RP1/16.

86/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda a Modesta Martínez Puime. Exp. RP2/16.

87/1 do 27 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda a María Susana Pérez Álvarez. Exp. RP90/15.

88/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de xaneiro dos empregados públicos.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

89/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Advertido erro material na Resolución de Alta no Programa de Saf-Libre Concurrencia do Concello de Gondomar de data 20 de xaneiro de 2016.

90/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Alta no programa Saf-Libre concurrencia do Concello de Gondomar.

91/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de pagamento de taxa relativo á solicitude de 1ª ocupación. Exp. 10553.

92/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de pagamento de taxa e icio relativo á solicitude de licenza de legalización de ampliación de vivenda e porche. Exp. 11840.

93/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa da celebración de verbena en honor a San Blas. Exp. 12025.

94/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos nº 1/2016 na modalidade de Incorporación de remanentes.

95/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 2/2016 na modalidade de Xeración de Créditos.

96/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 3/2016 na modalidade de Xeración de Créditos.

97/1 do 28 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos nº 4/2016 na modalidade de Transferencia de Créditos.

98/1 do 29 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Autorización para a execución subsidiaria para o mantemento de medidas de seguridade, ornato e funcionalidade público da finca do Pazo do Conde de Gondomar. Exp. 144/09.

99/1 do 29 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de prórroga para construción de vivenda unifamiliar e retranqueo de muro tradicional en Monteiro, Borreiros, Gondomar. Exp. 11304.

100/1 do 29 de xaneiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de cuberta e fachada (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11884.

b. Dar conta da Información a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención.

Pola Presidencia dáse conta da informe periódico do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.

2. Contido:

A. Informe-Resume das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.

B. Execución do orzamento de gastos correntes.

C. Execución do orzamento de ingresos.

D. Movementos e situación da Tesourería.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

c. Liquidación do orzamento do Concello de Gondomar do exercizo 2015.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Pola Presidencia dáse conta desta aprobación por Resolución de Alcaldía de data 26.02.2016, de acordo co que establecen os artigos 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

5. Mocións.

5.a. Moción de data 26.02.2016 presentada por D. Pauliño del Río Iglesias (R.E. núm. 942 de 27.02.2016) relativa a COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE URBANISMO.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde. Pensamos que dada a transcendencia do tema, e para darlle a oportunidade ao señor concelleiro de urbanismo de que explique aquí diante desta corporación e da veciñanza a problemática xurdida a través dos expedientes abertos na APLU, as distintas interpretacións que se deron dos feitos, entendemos que é unha ocasión, se o concelleiro o estima oportuno, independentemente de que aprobe isto, de que compareza xa neste mesmo Pleno para dar as explicacións pertinentes. Ben, leo:

O concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias dá lectura a esta moción, que literalmente di:

Pauliño del Río Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN : COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE URBANISMO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vistas as declaracións do Concelleiro de Urbanismo sobre a situación de determinadas vivendas no Concello con expedientes de legalidade abertos pola APLU e dada a situación urbanística do noso Concello.

Solicitamos do Pleno acordo para a súa comparecencia ante o mesmo nos seguintes termos:

- 1. A situación dos expedientes abertos pola APLU en Gondomar.*
- 2. A súa xestión ao fronte da súa Consellería para resolver esta problemática.*
- 3. A situación dos expedientes con orde de derrubo.*
- 4. A tramitación de avoga@s de oficio por parte do Concello para os afectados.*
- 5. O resultado das conversas mantidas por vostede cos responsables da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística*

DELIBERACIÓN

Sr. del Río: Nesta primeira... Gustaríanos que se falara de todos os expedientes, non dos concernentes de Morgadáns. En segundo lugar, a súa xestión (...) Consellería para resolver esta problemática que temos en Gondomar. En terceiro lugar, a situación dos expedientes que se fixeron con orde de derrubamento, e en que situación evidentemente empezaron ou están, é dicir, cales daqueles expedientes foron dados, lle deron a licenza, cales puideron solicitar a licenza, cales tiveron pagada a licenza, en que situación se aproba, sen entrar nós, en determinadas situacións que de orde familiar, persoal que nós pensamos, que independentemente de que haxa que telos en conta, non convén airealos demasiado. En cuarto lugar, gustaríanos saber que sexa, ou se nos entendemos mal, a tramitación dos avogados de oficio por parte do Concello de Gondomar para os afectados, entón tamén nos



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

gustaría que se explicara porque require que nos dea unha explicación e en quinto lugar gustaríanos saber cales os resultados das conversas mantidas polo señor concelleiro co responsable da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística que creo que foi este luns. Iso é todo. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, señor Pauliño. Ben, presentada esta moción para que compareza o concelleiro de Urbanismo dando explicacións dos parágrafos mencionados, non ten necesariamente que comparecer neste intre. Pode facelo no Pleno seguinte por se non ten información suficiente para poder facer a súa exposición e argumentos, aínda así prefiro darlle a palabra para que el se pronuncie ao respecto, se quere comparece agora ou noutro intre ou se pode comparecer agora e dicir o que teña a ben e noutros momentos ser máis explícito se procede. Señor Araúxo ten vostede a palabra.

Sr. Araúxo: Grazas, alcalde, efectivamente o feito de aprobar esta moción hoxe, a comparecencia produciríase no seguinte Pleno, non? Pero eu vou comparecer, non hai ningún problema, xa lle comentara ao alcalde da intención de comparecer neste Pleno para explicalo arredor da moción, simplemente, non? A moción creo, ou toda a que se pode dar publicamente e polo que a comparecencia será ao final de todo, non? Non sei se... Unha vez que rematen as mocións e todo, non? Ben, eu dígoo porque a comparecencia aínda vai levar tempo, evidentemente. Non hai ningún problema, eh? A corporación decide.

Sr. alcalde: Señor Pauliño que, vostede que presenta a moción que prefire, que o expoña agora ou..., o digo por se nos alargamos noutras e...

Sr. Del Río: Iremos ver, nós solicitamos a moción. É unha... está. A proposta está feita a través dunha moción, que require unha aprobación polo Pleno e unha votación, a partir de aí o concelleiro ten a liberdade, como xa ten pasado noutras peticións de comparecencia de facelo no momento e no lugar que estime oportuno. Se quere facelo no seguinte Pleno, el na súa vontade, se o quere facer neste cando rematen o resto das mocións, está no dereito de facelo, nós simplemente presentamos esta moción e dámoslle liberdade ao señor concelleiro para que unha vez aprobada actúe en consecuencia.

Sr. alcalde: Grazas, señor Pauliño. Aclarado.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

Sr. alcalde: Señor Araúxo ten vostede a palabra para pronunciarse respecto á súa comparecencia cando o considere oportuno.

Sr. Araúxo: Pois eu non teño inconveniente en comparecer ao rematar as mocións. (...).

Sr. alcalde: Grazas, señor concelleiro. Queda polo tanto emprazado o mesmo para o remate das mocións, comparecer sobre esta e dar explicacións sobre os puntos expresados.

5.b. Moción de data 27.02.2016 presentada por D. Antonio Araujo Quintas (data de entrada no Rexistro de Entrada do Concello 27.02.2016) relativa a APOIO AO POBO SAHARAUÍ NO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD.

Sr. Araúxo: Grazas. Esta moción (...) porque é unha moción triste ten que ver con esa radio que leva máis de, máis non, leva 40 anos, desa radio (...), que era o chamado Sahara español (...), do pobo saharí non? Do pobo de saharí. Ben a exposición de motivos dí así:

O concelleiro D. Antonio Araujo Quintas pasa a ler esta moción que, literalmente di.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

MOCIÓN DE APOIO AO POBO SAHARAÚÍ NO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21-e DI nº 36.032.724-G, concelleiro pertencente ao grupo municipal de Manifesto Miñor da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de febreiro cumpriuse o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática, o chamado Sahara Español. O Concello de Gondomar, e sobre todo a súa veciñanza, leva anos solidarizándose co Pobo Saharauí de diversas maneiras, incluso facendo importantes esforzos de mobilización e organización, económicos, persoais, etc. Un exemplo a valorar, a imitar e que compre seguir apoiando dende a apoiar dende a institución municipal que esta Corporación representa.

Por todo iso o Concello de Gondomar quer sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui. As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundazioa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a mans do goberno de Marrocos.

Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación. Por todo iso, o Concello de Gondomar manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.

2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharais de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharais e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharais desaparecidas.

4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafirmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

mostra do apoio maioritario da veciñanza de Gondomar á lexítima loita do Pobo Saharai pola súa liberdade.

6. *E por último, agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás de Gondomar que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.*

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Moitas grazas, señor Araúxo. Intervencións ao respecto? Si, señor Pauliño, ten vostede a palabra.

Sr. del Río: Grazas, señor alcalde. Nós evidentemente imos votar a prol, temos presentado unha moción exactamente na mesma constante, polo tanto, non nos queda máis que referendar o dito polo señor Araúxo. Dito isto, tamén dicir que é unha pena non ter en conta o remanente de crédito, social que queda o 31 do ano pasado para facer unha achega da recepción dos campamentos escolares (...). Imos votar a prol. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, señor Pauliño. Señor Gómez ten a palabra vostede.

Sr. Gómez: Simplemente manifestar a nosa intención de voto neste caso a prol.

Sr. alcalde: Grazas señor Gómez. Nós coma sempre apoiando as mocións dos nosos socios non nos queda máis remedio e estamos convencidos ademais de que hai que votar a prol desta moción. Faltaría máis.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

5.c. Moción de data 26.02.2016 presentada polo Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto (data de R.E. 26.02.2016) relativa a DEFENSA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS TRADICIONAIS E O SEU MANTEMENTO NAS INSTALACIÓNS ACTUAIS.

Sr. Villar: Boas tardes a todos e a todas. O grupo municipal Concello Aberto presenta a Pleno para o seu debate e aprobación se procede da seguinte moción:

O concelleiro D. Josué Villar Ballesteros pasa a ler esta moción que, literalmente di.

O Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN PARA A DEFENSA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS TRADICIONAIS E O SEU MANTEMENTO NAS INSTALACIÓNS ACTUAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Galega de Artesans Tradicionais fundouse en xaneiro de 1997 en Gondomar por seis cidadáns de Gondomar, catro mulleres e dous homes, que formaban parte do alumnado dos primeiros cursos de téxtil que se organizaron neste concello. Estas persoas formaron posteriormente a primeira cooperativa téxtil artesanal de Galicia, tamén en Gondomar.

A partir de 1999 empezouse a utilizar un espazo compartido no laboratorio do centro de secundaria que naquel momento estaba no edificio que agora é o COL.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Coas seguintes corporacións acondicionáronse e homologáronse os espazos que ocupa nestes momentos para realizar os cursos de téxtil do plan FIP: tecedor de teares, que se organizaron tres, fiado e tecido, que se organizaron dous, e máis diversos monográficos que se fixeron ao longo do tempo.

Coa corporación gobernada polo BNG organizouse un curso máis do plan FIP, neses espazos homologados, de tecedor de teares, sendo o 953 do alumnado mulleres.

Neste longo período de funcionamento fixéronse cursos con docentes de gran prestixio internacional procedentes de Alemaña, Francia, Portugal e de diversos lugares do territorio español.

Fixéronse tres cursos de restauración téxtil con docentes do Museo do Traxe de Madrid e da Fundación de Gremios e máis cursos de conservación de téxtil que impartiu a recente Premio Nacional de Ciencias Nieves Valentín.

Tamén se abordaron outras artesanías tradicionais como a restauración de azulexos, novas tecnoloxías aplicadas á cerámica, e o cristal.

Todos estes cursos son financiados por diferentes entidade públicas, son de custo 0 e súa realización permite obter o certificado para conseguir a carta de artesán de Galicia, como poden testemuñar diversas cidadás deste concello.

Neste tempo a actividade deste taller ten conseguido que Gondomar se converta na referencia formativa da moda e da artesanía téxtil en España.

Estas actividades sempre foron coñecidas polos diversas corporacións municipais que as divulgaban a través dunha roda de prensa ou dunha nota, salientando o seu apoio ás mesmas.

No momento actual están nove artesas tecendo as súas labores de perfeccionamento no oficio téxtil. Ademais está rematando un curso de patronaxe no que participan vinte e tres artesas de toda Galicia. Esta dinámica supón que todas as que veñen de fóra dormen, comen e almorzan neste concello, contribuíndo á mellora do comercio local.

Neste taller atópase a mellor biblioteca de téxtil tradicional de Galicia. Asemade conta con ferramentas específicas de oficios extinguidos como sombreirería, plumería, flores de tea ,... (oficios de moda). Hai dezasete teares de baixo lizo, teares de alto lizo, rocas, cardas e toda a ferramenta precisa para os oficios de liño e da la.

Así mesmo, as dúas maletas didácticas do papel a seda que recorren as escolas de Galicia están feitas e dirixidas desde este taller; experimentándose estas maletas nos colexios de Gondomar. Tamén participa nas xornadas galegas de artesanía.

Por todo isto, dende Gondomar Concello Aberto propoñemos ao Concello de Gondomar a aprobación dos seguintes acordos:

- 1. Que o Concello de Gondomar valore, defenda e difunda a actividade do Taller de AGAT.*
- 2. Que se evite a súa reubicación polas eivas que se poden producir no material e ferramentas, así como pola parada nas actividades que perxudica ás artesás que utilizan o Taller.*

DELIBERACIÓN



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. alcalde: Moitas grazas señor concelleiro Josué Villar. Algunha intervención sobre este punto? Ben, quería dicir ao respecto sobre este apartado, sobre este punto, acabo de pasarlles a todos vostedes un informe de prevención de riscos laborais que teñen aí sobre este establecemento e tamén un informe policial da inspección ocular levada a cabo das instalacións. Ben, explícome, miren, sobre este tema, cando empezamos a analizar polo miúdo, concretamente, unha vez que o señor Josué Villar abandona o Goberno, que era responsable dese edificio, actividade que alí se levaba a cabo, e atendendo a queixas, reivindicacións, etc. doutros socios e poder incluso, poder darlle a quen demandaba o local aí, unha ubicación, empezouse a analizar pois esta situación de redistribución de locais e actividades que se estaban levando acabo alí, facendo, e levantando ademais unha polimetría do lugar. Ben, detectóuse que, onde está a Asociación de artesáns, que ben, era obvio, estaban ocupando un espazo moi amplo, eu non digo que sexa esaxerado nin moito menos, digo que é unha realidade, un espazo aproximadamente de 500 metros cadrados segundo os informes, o cal, o primeiro contacto que tivemos co responsable era ver e comprobar se había posibilidade de ter menos espazo, se lles sobra espazo, e poder situar alí pois o Clube de ciclistas, unha Asociación de xordos, un Clube de taekondo que temos en espera, outro de danza, etc., etc., púidose comprobar que realmente o espazo que teñen para a Asociación fállle falta; teñen teares, ocupan espazo, almacenaxe, e tal, pero tamén se detectou nesa inspección, señor Villar, que ben había unha instalación eléctrica deficiente, así consta no informe de prevención, que había certo perigo de que houbera unha deflagración pois polo uso, ou pola acumulación aí de bombonas. Teñen aí as fotografías. Estufas acendidas, etc., etc. Entón ben, o que se pretende facer aí é o seguinte, para ir ao gran. Primeiro, non se pretende botar a ninguén de aí, a ninguén, simplemente se chamou aos responsables da Asociación para dicirlle: "Mire, somos do Concello, somos a Administración, e neste caso tócame ser o alcalde e quero saber, ben, se vostedes poden dispor dun espazo máis reducido para cederllo a outras asociacións. Que é o que teñen aí? Se lles fai falta todo iso e nos informan que a iso temos que darlle un cambio. Non podemos correr ese perigo de que pase algo aí e que haxa unha explosión, que haxa un cortocircuíto, etc." entón analizouse o problema aí e como en tódolos sitios, como vostede ben. Púxose a funcionar a calefacción, puxéronse algunhas melloras, agora imos meter o saneamento, a cometida eléctrica e ben hai que organizar iso porque lle fai boa falta. E á Asociación se lle dixo, ben, que teríamos que ter un contacto con eles, a falar, dialogar e nada máis, pero nunca, nunca, nunca, se lle dixo que os iamos botar de aí nin ninguén, ninguén, ninguén, dubidou da súa capacidade, do seu valor, das súas actividades formativas recoñecidas no noso país, nin que deixaran de levar o nome de Gondomar por todo o mundo adiante. Para nada. Simplemente é un espazo que hai que controlar, que hai que optimizar, que hai que mellorar; ese e todos. Temos que velar pola integridade física das persoas que aí estean, e de terceiros e polas propias instalacións, fixéronse os informes preceptivos de riscos laborais, de electricidade, e de almacenaxe e iso o imos solucionar. De feito, xa llo adianto, que estamos mantendo conversas continuamente cos responsables. Xustamente os responsables desa Asociación, o máximo responsable, non me atrevo a dicir se presidente porque non o sei exactamente, pero Albino está fóra esta semana e a semana que vén e estamos emprazados xa a quedar o luns con outros responsables que hoxe se entrevistaron comigo e demais, á mañá, e acordamos, primeiro, corrixir as deficiencias que poidan haber alí: eléctricas, de almacenaxe, de perigo, pois, a ver os enchufes teñen que ser de tapa, non están. As lámpadas teñen que estar cerradas; non é o caso. Hai que mirar todo. Se hai que pór un extintor máis. Se hai que sinalizar condutos de emerxencia, se as portas abren para fóra, para dentro, e é a nosa responsabilidade. Pero esta é a responsabilidade de calquera persoa que monte unha empresa. Entón estamos nesa liña. De pór iso en condicións, pero sen intención de botar a ninguén que nin que ninguén pense que estamos fiscalizando e dunha maneira inquisitiva, aí enriba da xente agora para ver se largan de Gondomar porque non os queremos. Iso, imos, que nin se lle pase pola cabeza a ninguén. Mire, é máis, xustamente o que queremos facer, é xusto o contrario, que é o que falaba eu con eles. Dicía: "Mire, é que temos que facer un



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

convenio, temos que conveniar con esa Asociación. Temos que facer un convenio para xustamente acordar unhas contraprestacións, *yo te doy y tu me das*. Nós lle damos instalacións, pagámoslle a luz, pagámoslle a auga, e vostede qué nos dá? Pois nos teñen que facer..." e eu dicíalle en outras cousas, "participar no que é *na maleta do gusano de seda*", levar a cabo un convenio con academias, coa universidade e demais para que, incluso a xente que está preparando prácticas, posgrados, e iso, que poidan vir aí e poidan facelo e desenvolver esas prácticas artesanais e proxectos de fin de carreira. Potenciar Gondomar como marca. Si, por suposto, polo mundo adiante e ser un orgullo para nós ter en Gondomar pois xustamente a Asociación Galega de Artesáns recoñecida en todo o mundo. Pero tamén temos que vender Gondomar. Entón eu quero estar con eles para ser os primeiros en potenciar a marca de Gondomar polo mundo adiante, pero creo que temos moito traballo que facer, tanto a asociación coma nós, porque é unha cousa que realmente, non vaian pensar que saben moito sobre Gondomar os que están aí, hai que pórle un cartel, hai que sinalizalo, hai que chegar aos colexios xustamente, con actividades nos colexios, con charlas, temos que deixar que os colexios veñan aí a coñecer ese obradoiro artesanal recoñecido en todo Galicia, que poidan ver como se fan os teares, como se traballa a seda e todo o demais para que veñan. Temos que ser o referente, que xustamente xa o están facendo, pero eu creo que temos que potencialo máis dende o Concello e eles mesmos traballar co Concello en consenso. Primeiro evitar danos a terceiros, coa debida seguridade, poñerse a funcionar, potencialo, recoñecelo, publicitalo, por suposto. Facer cursos de iniciación, artesanía. Pois nós temos que dicirle á asociación que nos prepare un par de cursos ao ano para á xente de Gondomar, e que sexan gratuítos para que os rapaces, pois para que os homes e as mulleres vaian alí e fagan cursos, pero hai que potenciar iso na nosa páxina, do Concello, na páxina hai que, hai que potenciar todo. Niso estamos. Niso estamos. En Gondomar, dende logo ten que ser recoñecido grazas a esta Asociación e a Asociación ten que estar orgullosa de estar en Gondomar, no mundo enteiro. E para iso hai que facer un convenio, para iso hai que sentar, para iso hai que establecer e elaborar unhas cláusulas contractuais, conveniais, para que vaíamos da man, porque dende hai 20 anos estiveron aí pero nunca estivo iso... E é unha pena non aproveitar esta oportunidade e esta riqueza artesanal que temos en Gondomar. E a min dáme pena pasar polo CDL e miralos alí e que moitas xente non saiba que están alí, polo menos temos que publicitalo, traballar en conxunto, implicar os veciños de Gondomar, á mocidade, aos colexios, facer ademais, falaba con eles, facer a xornada, a feira artesanal no día internacional da artesanía. Facer unhas xornadas monográficas onde a xente poida acudir alí, iso hai que abrillo, hai que potencialo. Temos unha riqueza, pero non a temos potenciada. E eu creo que o Concello é a súa obriga. Temos que estar orgullosos disto e aí é onde estamos, eu non sei se hai alguén que me está escoitando que teña que ver con isto, pero sabe que é así e aí vou estar, pero vou estar con eles, vou estar co IEN e vou estar co alfareiro, e vou estar cos da formación, e coa cultura, con quen teñamos que estar. Non se trata de censurar nin de botar a ninguén. Trátase de ser responsables da xestión municipal e pór iso a funcionar legalmente e que aí non pase nada, e se verdadeiramente lle fan falta 500 metros, 500 metros, pero á xente tamén hai que explicarlle, porque eu como alcalde teño que explicarlle e quen está esperando para meter aí a súa asociación, dicirle que non, cando alguén ten 500 metros. Entón hai que xustificar, pois mire, estamos falando dunha cousa seria, dunha cousa que é unha riqueza en potencial. E iso é unha obriga do Concello, dende logo, nas alturas das circunstancias. Polo tanto, remato, non só imos votar a favor desta moción é que xa está isto avanzado. Para a semana nos imos sentar a conveniar, e imos potenciar, e imos presumir da Asociación Galega de Artesáns que temos a sorte de tela aquí en Gondomar, pero ten que enterarse todo o mundo mundial de onde está. En Gondomar, en España, e iso corre da nosa man como administración local. Téñao por seguro. Polo tanto, se alguén máis pide a palabra para intervir, sen problema. Se ninguén a pide, señor Josué, ten vostede a palabra. Perdón, señor Josué.

Sr. Josué: Si.

Sr. alcalde: Perdón, señor Josué. Señor Guitián ten vostede a palabra.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. Guitián: Grazas, a verdade é que non reparamos nas verbas, pero cando vostede contou cando di que, (...), que teñen pensando traballar nun principio (...). Nós, cando estivemos no Goberno, (...), E ben, pensamos ao principio deste mandato que efectivamente ían por aí, pois (...) e despois do que liamos na prensa con respecto a isto, a sensación que tiñamos era a contraria, aínda que agora vostede volver dicir que efectivamente polo labor de arranxalo, esta situación, a obra (...), o propio edificio require de (...), ben, nos gusta. Por outra banda, en canto á actividade, eu ben, pois por casualidades da vida son coñecedor destas actividades, desta en concreto, e sei que hai moitos anos que (...) de recoñecido prestixio, polo menos en Galicia, (...) a nivel nacional ou incluso máis alá e sei que cada certo tempo se fan cursos con artesáns téxtiles de recoñecido tamén prestixio que veñen aquí, a Gondomar, cada certo tempo, a facer claro, eu diso non entendo nin sei, pero sei que a xente que está ao redor deste mundo, deste..., dos téxtiles e dos artesáns téxtiles que si que coñecen o concello de Gondomar e sei que cada certo tempo veñen aquí a facer distintos cursos, (...) e doutras veces veñen xente de fóra, incluso de fóra. Eu creo que incluso de Europa, cada un co (...), o certo é que é aquí en Gondomar. É dicir, é (...). É unha pena, loxicamente, pois que esta xente que está aí nese sitio, pois que marche, temos claro que (...). Quería, para rematar, falar un pouco desta nova, que non nos pasa, que é un pouco o que ía dicir, porque leo na prensa que dá a sensación de que non cumpre a normativa ou o que sexa. Hai aquí, entendo eu, dous incumprimentos da normativa, se me permite, como primeira, eu creo que hai un incumprimento da normativa no propio edificio, será polo tanto responsabilidade do Concello adecuado e igual ou quizais hai un incumprimento da normativa por parte da propia actividade dos que están aí, que é este... (...). Ou é grave ou non o é, a propia nota di os riscos que hai e dá as solucións, é dicir, haberá que esixirlle non a estes, a todos, uns primeiro, a nós, ao Concello que ten o edificio adecuadamente (...). Mire os que (...). Perfecto. Estamos con vostedes neste caso, e agora, a estes e aos demais, ver que cumpran coa normativa e que non existan riscos como os que aquí (...). Igual que se lle esixe a calquera outra actividade que haxa onde sexa, por exemplo, nun taller, nun edificio de vivendas, (...) por exemplo. Pois diso se trata. Fágano e adiante e por suposto de acordo en que continúe aí e de falar, de vender Gondomar como marca, etc., pois moi ben.

Sr. alcalde: Grazas, señor Guitián. Dicitrille ao respecto para isto aclararlle unhas cousas. Non, coincido con vostede e lle agradezo ademais a intervención porque sigo os incumprimentos, eu non lle quero facer a responsabilidade á Asociación para nada, estou falando dos incumprimentos que ten o Concello en todo o edificio que nós temos unha obriga que é cumprir primeiro nós, non? Despois, se temos unha actividade aí, temos que vixiala, e entón se hai calquera outra cousa que incumpre para os que están facendo alí porque traballan con fíos e cunha cousa ou outra, pois hai que adaptala, por suposto que si, e primeiro é identificar o problema. Ese informe de prevención se non me equivoco mal é de onte, ou, nolo deron hoxe, pois iso non llo puiden pasar nin tampouco puiden actuar respecto a iso, entón nolo entregan hoxe e xa o pedín con anterioridade e imos mirar todo tipo de actividades, pero eu creo que a xente, os socios, non poden mirar iso como unha..., como un socio das asociacións que están aí. Digo, non poden mirar iso como unha situación de fiscalización inquisitiva por parte do Concello a eles, non? É un tema que nós estamos de acordo que os ten, pero tamén temos que velar tamén polas seguridades, (...) se explota unha bombona ou morren tres a responsabilidade é do Concello, a responsabilidade, polo menos vai ser compartida entre todos. Nós temos unha obriga. Mire, eu para dicirlle que o proxecto, nós imos facer agora un investimento aí de 105.000 euros que foi unha subvención da Deputación. Imos facer o saneamento dos tres edificios, do ximnasio, das oficinas e do grande, que non hai saneamento, tira da cisterna e vai para abaixo e queda alí, e iso é así. Encontrámonos con ese feito. Imos levar a cabo a cometida eléctrica, que é un escándalo, que calquera día aí ha de pasar algo, así o digo, e isto queda gravado, e eu espero que non pase nada e a calefacción púxose a funcionar, o que pasa é que cada vez que se pon a funcionar, os radiadores, uns saltan, outros non funcionan, hai que estar aí constantemente e imos facer tamén un firme, adecuar toda a



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

zona, os exteriores do colexio pequeno, pero cando digo isto, tamén teño que dicilo que ese proxecto non o fixemos nós, ese proxecto estaba feito por vostede, e eu non llo digo como reproche, dígolle que eu aproveito as cousas que estaban ben feitas doutros Gobernos e sería ridículo que eu non aproveitara o que fixo este ben, entón, iso, como outras actuacións que estaban feitas polo goberno anterior, e nos pareceron idóneas, ademais de levalas a cabo. Coincidimos neste caso co goberno do P.P., co Goberno que hai actual porque, ao final é unha cousa que cremos oportuna para Gondomar e claro que temos que vixiar, vixiar no bo sentido da palabra, enténdase. Como temos que vixiar o Concello, eu agora estaba no Concello e o outro día dinme en prevención de riscos laborais, as escaleiras que soben ao Concello teñen unha separación entre barrotes de 30 centímetros, cando non poden pasar de 10, é que se cola un neno, entón, é un perigo. Cando me din iso, automaticamente imos pór un (...), claro, como iso todo, o fariamos calquera nos negocios, nas nosas casas, é de sentido común, pero claro, a min cando se me di, ou cando me chegan, que o queremos botar, e tal, para nada, o que queremos é potencialos, enténdaseme ben, aproveitarse no bo sentido deles, dese potencial que teñen para que Gondomar estea orgulloso de ter a mellor asociación de artesanais, de artesanía, e claro que temos que utilizar iso e botarlle unha man ou o que sexa e veña, a ver se saímos canto menos en Galicia, polo mundo todo se coñece, todo o mundo, en Gondomar veñen aquí e están encantados e veñan. Señor. Voulle dar a palabra ao señor Josué Villar que ma pediu con antelación. Vale, perdón. É que antes non había palabras por esa banda e agora animáronse todos. Pero primeiro ímoslla dar se non lle importa ao que presenta a moción ao respecto, señor Josué Villar ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Ben, (...) vostede falou de moitas cousas, dixo moito, pero non dixo nada.

Sr. alcalde: Esa é a túa opinión.

Sr. Villar: Este tema, se eu non estou equivocado, ante á luz pública hai unhas declaracións súas na prensa, en Gondomar. O peor das declaracións non era que vostede que recoñece, que o Concello ten que corrixir defectos, que ten que imprimir a seguridade, que ten que velar polo servizo público, faltaría máis, estaría moi ben, todo o que sexa mellorar. Non teño nada que dicir. O problema é que a política xurde cando vostede, dalgún xeito, non sei se voluntariamente ou involuntariamente (...). E queda mal.

Sr. alcalde: Perdón? Deixou?

Sr. Villar: Quedar mal.

Sr. alcalde: Ah.

Sr. Villar: Como vostede, como alcalde, vostede mesmo, como alcalde, vostede di que eu non sei, (...) a xente, non sei se é ou non presidente da Asociación, o informe policial di o que, á parte disto, non sei se o informe de riscos laborais, (...).

Sr. alcalde: Aí ten un informe

Sr. Villar: (...) Ben, si, si, o informe da Policía (...) E entendo aquí que, que se pide dende a Alcaldía, que se vai a eses locais e se comprobe a seguridade das instalacións. A min o que me sorprende é a (...), por que neste local si e noutros non. Como dicían outros membros da corporación, é o propio Concello o que ten que cumprir a normativa neste edificio, (...) e cando vostede, como alcalde quere velar pola seguridade nese edificio, e penso que o correcto sería empezar a facer un informe de todo o edificio, comprobar todas as aulas, todas (...), e que se pode entender daquela forma que vostede ten algún tipo de fixación con esta Asociación, iso é o primeiro. Logo falaba vostede do espazo. Ben, sabemos que obviamente, o Concello de Gondomar ten problemas de espazo. Non temos espazo dabondo, pero o que si que lle digo é que vostede, empeza antes con (...) das cales, eu sendo concelleiro xa falara con tres, e espazo hai, senón en Gondomar, no primeiro andar, (...) por imposición, por imposición do Goberno e dúas aulas, tres aulas pequenas, perdón, e unha grande que neste momento está sendo ocupada por (...) electoral, que ten o proceso alí, polo tanto está case coma un almacén. Vostede pode, se quere mudar o uso destas aulas e dotar de espazo (...). Por tanto, esa



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

comunicación tampouco a entendo (...) vostede (...) e faltaría máis. Pero o que, o que vostede (...), precisamente non axuda, non axuda a colaborar co resto da Asociación, nin proxecta unha imaxe do Concello que quere axudar a esta asociación. O que (...) foi o alcalde, entrou nunha expedición como un elefante nunha cacharreira e cargou o sobre. Todos (...) os problemas da seguridade do edificio, non dunha soa Asociación, é dicir, que por suposto, ten moito que mellorar, a seguridade (...) dende o propio Concello, a cada unha das asociacións que están aí, e non entendo, esta (...) na súa decisión de (...). Por outro lado, vostede ten, se mal non estou informado, 629 sinaturas até o día de hoxe. Entendo que foi por xente, (...) como concelleiro de Gondomar Concello Aberto que vostede ten un tipo de problema coa (...) arbitraria con esta Asociación. E (...) nun principio, pero (...).

Sr. alcalde: Grazas, señor Gómez. Se me permite, por alusións, aclaro unhas cousas. Señor Josué, a prensa non é Boletín Oficial da Provincia, a prensa é a prensa, eu non respondo do que sae aí, á prensa non se lle dixo o que vostede di que o iamos botar fóra, mire, é que eu, a verdade é que non me quería meter neste fregado, mellor deixalos esforzos para ser, ben, non quería entrar eu a darlle un pouco de caña, falando claro, pero despois de estar no goberno 8 meses, administrando o que xa era coñecido como a "casita de Josué", non? Deixou vostede á xente, cada sábado deixaba unha asociación fóra, na porta, deixou á xente menor de idade de atletismo encerrados ás 10 da noite dentro do local porque lle fecharon a porta. Administrou locais, quitou locais, sinalizou, cambiou, deixou a asociación sen oco, como eses que estaban aí, porque hai peticións feitas e agora dime que a distribúa, mire, a súa etapa aí xa acabou, por sorte, porque vostede puxo, deuse conta a tempo de que era mellor marchar que quedar a facer o ridículo. Entón, dixo: mire, vou deixarlle isto ao alcalde, para que o afronte el porque senón vai ser unha desfeita e o alcalde chegou e agora vai controlar iso, téñao por seguro, sempre hai por onde empezar, empezamos polo local máis grande, e empezamos por onde había as queixas, pero non empezamos nin cun (...) dunha cacharreira nin nada, eu saín do despacho e fun abaixo, mirei o local, pedín os informes preceptivos, analizámoslos, subsanamos o problema e chamamos ás partes, conveniamos, chegamos a acordos e iso é facer política e é solucionar problemas. Cando vostede me diga a min que eu aí xero problemas, que cada vez que xere problemas, vou dicir, malo, pero aí había un problema nese colexio e había moitos problemas e os segue habendo, que non se sabe realmente, non se sabe porque lle preguntei a vostede 20 veces e tamén tiña as súas lagoas. Andaba con planos para arriba, planos para abaixo, agora collo esta ventá, logo cambio esta ferradura, despois fixemos un baño, vostede quitoulle a tapa do baño e meteulle unha ferradura, logo púxolle baños para CABE, baños para (...), non é verdade? Pero se ata se administrou vostede un local, CABE PODEMOS, non sei que, local e baño privado. Non me faga falar, ensínalle fotos señora concelleira. Entón deixémonos de historias. Imos ser serios e estamos noutra cousa. Estamos falando dunha asociación, non estamos falando do Concello de Gondomar. Deixémonos de historias, pasósenos xa o momento, isto é buscar solucións a un problema. Estamos falando de seguridade, estamos falando doutra cousa. Isto é un tema serio, policía, que é isto? A GESTAPO agora para que entre o exército. Non, mire, xa pasou a etapa de entrar co exército e de vestir uniforme, como comprenderá a miña altura non me pon a min iso. Imos ser serios nisto, imos solucionar o problema e imos facer dese centro verdadeiramente un multiusos e un centro asociativo e deportivo e lúdico e cultural, o que vostede queira, imos acondicionar o terreo, imos pórle saneamento, calefacción, luz e imos facer que ese sexa un espazo de convivencia e non sexa coñecido polo que coñecemos todos, polo antigo colexio. Iso ten que ser outra cousa, para aí hai un proxecto moi, moi moi atractivo, créame, só ten que darlle para miralo feito. E vai a telo ademais. Prométollo. E imos seguir co proxecto do señor Guitián que quitando unhas pistas que aí faloulle o escalímetro, que aí non comparto a ubicación do resto creo que é un bo proxecto, de integración desa zona como deportiva, lúdica e cultural. Señor Gómez ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Ben, despois de todo o que leva falado xa (...). Simplemente a nosa intención de voto que por suposto vai ser a prol. A min me parece ben que corrixa todos estes temas que hai



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

nese local e ten outros locais, pero nese local para adaptarse á normativa (...) e iso, de verdade que me alegra un montón de que estea de acordo totalmente porque a Asociación de Artesáns é un grupo para Gondomar, é un orgullo que estean en Gondomar, que leve o nome de Gondomar por moitos sitios e (...). Iso, dicirlle que toda esa colaboración que vostede ofreceu, que ben, ofreceu moitas cousas, como o fixo un montón de veces, pero ben, (...) pero que as fagan e que sigan aí co noso apoio. Nada máis.

Sr. alcalde: Grazas señor Gómez. Señor Villar ten vostede a última palabra e cerra vostede (...). Si, ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Mire, vostede está faltando á verdade. Non me vou (...) Nin moito máis. O que está claro. (...) Cando eu cheguei como señor concelleiro, vostedes xa levaban un tempo nese edificio. (...), para facer cursos de diferentes concellerías, (...) As asociacións que vostede di (...). E non llo digo eu, non son eu o que estou sometido isto a unha queixa, de 1.629 persoas na Vila que durante 5 ou 6 días reuniron sinaturas para dicirlle, non é Gondomar Concello Aberto, senón 1629 persoas (...). Sobre se vostede está informado (...), cousa que eu non entendo como a parte di, vostede como alcalde non sabía, estivo 7 meses sen saber o que acontecía no Concello.

Sr. alcalde: Si, porque eu tiña unha persoa responsable.

Sr. Villar: Igual debo recordarlle que o proxecto (...) E podo traelo incluso aquí, informándolle de quen, (...) e que cursos se (...) E vostede non tiña ningunha intención de (...) A día de hoxe ese edificio está moitísimo mellor que cando (...). Por último, nada máis.

Sr. alcalde: Grazas, señor Villar, señor Juan González, ten vostede a palabra e rematamos.

Sr. González: Ola boas noites, grazas señor alcalde. Ben, eu vou ser moi breve porque xa é un pouco tarde tamén. Ratifico totalmente o que acabar de dicir no tema este. Eu quería centrarme nun, puntualmente no tema da seguridade. Temos que pensar que aí, no CDL, como entendemos, como persoas maiores que pode haber problemas de risco, iso é o primeiro que temos quitar, o risco, todo o demais é subsanable. Hai un informe de seguridade alí. (...) Polo que me toca, non? Como ben antes dixo o alcalde, agora veñen unhas partidas que podemos arranxar o (...) ou como se mire, non? Ao señor Villar, quería dicirlle que (...) perdeu moito tempo coas chaves, coas ferraduras e tal, (...). Fisicamente, insisto, o tema da seguridade, neste caso é primordial e absoluto. É o primeiro que temos que incrementar, porque as cousas nunca pasan até que pasan. E repito, hai nenos, hai maiores e complicase, de acordo? (...) Moitas grazas.

Sr. alcalde: Grazas, señor Juan González. Señor Pauliño del Río ten a palabra e rematamos.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde, primeiramente para empezar (...) Imos ver, señor alcalde, nós dende Gondomar Concello Aberto agradecemoslle o seu cambio de postura, porque iso foi o que foi, un cambio de postura. Vostede nun bo día levantouse e dixo: Vostedes fóra. E llo dixo á prensa. Nun periódico, máis de un periódico. Díxose incluso nunha xuntanza con varias asociacións que estaban no recinto no que se lle convocou, e vostede tiña a intención de reubicarlos noutro sitio que non fora ese espazo. A maiores, e agora é cando vostede di, teñen que estar no lugar no que teñen que estar que é no CDL, adecuando as instalacións, a seguridade, etc., etc., iso é o que quere. Iso é o que quere. Iso é o que quere para a Asociación. Iso é o que quere. Segundo, vostede descoñecía claramente as actividades que se realizan aí, o prestixio que ten esta Asociación a nivel internacional, eh? Aquí veñen profesores belgas, franceses, xaponeses. Veñen eles, traen material para o (...) de Santiago, cando teñen que facer determinados cursos, un señor francés que vén (...), que se chama, que vén ex profeso a dar este curso, e vén o mestre Mateo, por certo, que é a categoría e o material se leva de Gondomar, o mestre Mateo para facer os cursos. É un curso, é unha Asociación que está recoñecida a nivel internacional. Está moi ben que potencie, que publiciten na súa web como dixo, que os axude, estupendo, estupendo, ao mellor o primeiro que tiña facer é recoñecer o que hai aquí, que vostede descoñecía a entidade desa asociación galega, de artesáns tradicionais. Agora xa o sabe, e rectificar, rectificar é de sabios señor alcalde. Rectificar é de sabios, pero as cousas hai que dicilas, verdade? Máis, menos, como son.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Segundo. Parécenos ben, porque o primeiro que hai que facer é dicir non, estes fóra, imos reubicalos. Aí hai un espazo; as condicións non son boas, e que fan estes aquí? O primeiro que ten que facer, vostede, como alcalde, eh? É coller e xuntarse coa xente e dicir: temos un problema, que é o que pasa? En que condicións se están dando? O acaba de dicir, que se dean cursos gratis. Se están dando cursos gratis dende que funcionan as actividades desta asociación galega. Están aí. Cursos de 20 persoas onde o único que sabe e o único que leva a xente de Gondomar a eses cursos? As ganas de facer e a vontade de aprender. O resto o pon ese local e esa Asociación. Tódolos materiais. Todos. Os poñen eles. Polo tanto, os cursos, claro que se dan gratis. Alédame, señor alcalde, que cambiara de postura e que agora vaia falar con eles, (...) para adiante, antes de crear esta alarma. Debeu consensuar antes e debeu acordar isto e alégranos de que vaia cambiar as condicións deste local, non só dos da Asociación, de todo o edificio. Alégranos, señor alcalde, pero as cousas, ás veces, hai que dicilas como son.

Sr. alcalde: Grazas polas intervencións. Eu creo que sobra xa, en redundar máis neste tema. Cada un que saque a conclusión das intervencións. Agora si podo dicirlle que este Goberno vai estar á altura das circunstancias, como xa o estiveron outros posiblemente, pero este non vai ser menos. Grazas polos consellos.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

5.d. Moción de data 22.02.2016 presentada por D. Antonio Araújo Quintas, concelleiro membro do Grupo Municipal Manifesto Miñor (con data de R.E. de 23.02.2016) relativa a CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

Sr. Araújo: Vou ser breve. Eu non me cansarei nunca de dicir que estas mocións que traio eu son insubstanciais seguramente para algunha xente dado o debate que aquí se dá ou polo menos que (...). Eu falo daquilo que dicía o, que dicía Castelao que hai cousas que non se senten no bandullo, e unha é esta precisamente que é o tema da (...), non? E na moción queda perfectamente clarificado. Esta é unha moción dun (...) que está vinculado, doutro país e sen ningún tipo de problema.

O concelleiro D. Antonio Araújo Quintas pasa a ler esta moción que, literalmente di:

*Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21 e na súa condición de concelleiro membro do Grupo Municipal "Manifesto Miñor", en relación coa problemática derivada dos incumprimentos múltiples do Goberno da Xunta de Galicia a respecto da defensa e da promoción da lingua galega, e do mesmo xeito que dúcias de Concellos de País están a facer, presenta a seguinte **MOCIÓN:***

CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Comité de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Gondomar manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

INSTA á Xunta de Galicia a:

– *Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.*

- *Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na liña 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.*

– *Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.*

– *Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias que se poden impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.*

- *Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.*

Asemade, acorda enviar o presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Grazas, señor Araúxo. Antes de nada quero desculpar á concelleira Natalia Salgueiro que por motivos persoais tivo que marchar e ausentarse do Pleno.

O Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro que facer algunha intervención, non tendo lugar ningunha, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

5.e. Moción de data 24.02.2016 presentada por D. Pauliño del Río Iglesias, concejal de la Corporación Municipal de Gondomar membro do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto (con data de R.E. de 26.02.2016) relativa a PROCLAMAR A GONDOMAR CONCELLO LIBRE DE DESAFIUZAMENTOS E PROPOÑER UN PLAN DE VIVIENDA

Sr. Del Río: Vai defendela a concelleira Jimena.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

A concelleira Dna. Jimena Varela pasa a ler esta moción que, literalmente di:

Pauliño del Rio Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN PARA PROCLAMAR A GONDOMAR CONCELLO LIBRE DE DESAFUIZAMENTOS E PROPOR UN PLAN DE VIVENDA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual crise impactou de maneira dramática na vida de miles de persoas, que por mor das dificultades económicas padecidas non poden cubrir as súas necesidades máis básicas. Esta situación levou a milleiros de familias á imposibilidade de facer fronte ás cotas hipotecarias ou de aluguer do seu fogar.

A súa traducción social foi miles de desafiuzamentos en todo o Estado Español e centenaes de miles de persoas que viron vulnerado o seu dereito a unha vivencia digna, enfrontándose a situacións de grave vulnerabilidade, precariedade extrema, pobreza e exclusión social, económica e residencial.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, os desafiuzamentos apenas baixaron, entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo do ano 2015, o número de lanzamentos practicados -que afectan a distintos tipos de inmobles, non so a vivencias e, no caso de estas, non so a vivencia habitual- foi de 18.869, o que supón un incremento do 2,1 % respecto dos 18.485 do mesmo período de 2014. O que vén demostrar que as políticas practicadas polos Gobernos do Partido Popular e as medidas introducidas polo Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección debedores hipotecarios sen recursos e o posterior Real Decreto-lei 1/2013 de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social non lograron parar este drama.

Ademais do anterior, despréndese do devandito informe, que máis da metade dos lanzamentos, o 52,6 % deriváronse de procedementos regulados na Lei de Arrendamentos Urbanos, e por tanto foron desafiuzamentos consecuencia da falta de pagamento de alugueiros. É dicir non só se trata de desafiuzamentos por falta de pagamento das Hipotecas senón que cada día máis persoas non pode facer fronte ao pago do alugueiro. Todo isto demóstranos que existe un problema de empobrecemento de amplos sectores cidadáns.

Estamos ante unha situación de emerxencia e vulnerabilidade habitacional que se incrementa pola existencia dun mercado de aluguer escaso, caro e especulativo sumado á falta dun parque público de vivencia social, menos dun 2% da vivencia construída. Todo iso constitúe unha auténtica anomalía no contexto europeo.

Con igual incidencia que o problema habitacional xorde entre a poboación o problema de pobreza enerxética. Entendida como a dificultade para poder pagar as facturas das subministracións básicos como puiden ser electricidade, auga, gas e luz resulta que xa afecta a un 10% da poboación. Os prezos de acceso e consumo destas subministracións, que



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

creceron de forma exponencial, volvéronse inasequibles para unha parte da cidadanía. E o peor é que esta situación de emerxencia social que sofren as persoas en situación de vulnerabilidade contrasta de forma abafadora cos inxentes beneficios obtidos polas entidades financeiras e as empresas subministradoras.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicitamos tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- *Declarar o concello de GONDOMAR como "ZONA LIBRE DE DESAFIUZAMENTOS", co ánimo de deixar patente a preocupación do municipio pola posible exclusión social de moitas das súas familias, ao estar en serio risco de perder a súa vivencia, e achegar solucións.*

SEGUNDO.- *Dar orde de non colaboración da policía municipal nos desafiuamentos de primeira e única vivencia de veciños da localidade mentres non haxa alternativa habitacional. Salvo que unha norma xurídica ou orde xudicial así o preceptúe.*

TERCEIRO. *Tratar, a través dun grupo de traballo que estudie, coas entidades financeiras, as vías para a achega de vivencias baleiras na localidade, en mans das devanditas entidades co fin de crear un banco de vivencias destinadas ao aluguer social.*

CUARTO.- *Crear, previos os trámites legais procedentes, un REXISTRO MUNICIPAL DE VIVENDAS destinadas ao aluguer social composto palas vivencias do punto terceiro deste acordo máis as vivencias municipais, e as de particulares e empresas que queiran incorporarse.*

QUINTO.- *Crear, previos os trámites legais procedentes, un REXISTRO MUNICIPAL DE SOLICITANTES de vivencias para aluguer social,*

SEXTO.- *Constituír, previos os trámites legais procedentes, un grupo de traballo composto por un representante de cada grupo municipal, un funcionario/a da área de benestar social e dous membros da PAHVigoTui e outros colectivos sociais que o desexen e que teñan como obxectivo a mellora das condicións de vida neste Concello Este grupo manterá reunións periódicas para decidir coa máxima brevidade, e terá como misión, a de coñecer e estudar a problemática que nesta materia poida afectar os veciños e veciñas de GONDOMAR, realizando as accións e formulando as propostas que legalmente consideren oportunas.*

SEPTIMO.- *Aprobación de axudas do 100% de taxas e impostas, ás persoas en risco de exclusión social que poida afectar á perda da súa vivencia ou no seu caso promover, favorecer e facilitar legalmente, o adiamento e o fraccionamento do pago de taxas e impostas municipais ás mesmas.*

OITAVO.- *Xestionar coas Administracións competentes a paralización de calquera embargo por falta de pago de taxas e impostas, a aquelas persoas en risco de exclusión social polo risco da perda da súa vivencia.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

NOVENO- Valorar a posibilidade de suplementar a partida orzamentaria destinada ás axudas para o pago de luz, auga, alugueiros, etc., así como dar pleno cumprimento a tal partida.

DECIMO.- Xestionar coas empresas que prestan servizos básicos neste municipio, tales como subministración de AUGA, ELECTRICIDADE, GAS, etc. a non suprimir esta subministración mentres dure o risco de exclusión social por risco de desafuzamento, instándolles a chegar a acordos de condonación e/ou adiamento de pago. O CONCELLO DE GONDOMAR non autorizará nestes casos, o corte ou suspensión da subministración de auga por parte da empresa concesionaria, conforme á lexislación vixente.

UNDÉCIMO: O Concello de Gondomar promoverá no ámbito municipal e solicitará ás administracións da Xunta e do Goberno do Estado as medidas necesarias para promover, favorecer e facilitar legalmente: Medidas de segunda oportunidade, o Aluguer digno e estable, Dación en Pago e que se garantan as Subministracións Básicas.

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Grazas, grazas, señora Varela. Alguén pide a palabra? Mire eu si que lle pediría se me podería aclarar un pouco máis o apartado, parágrafo segundo e máis o décimo porque di o segundo: Dar orde de non colaboración da Policía Municipal dos desafuzamentos de primeira e única vivenda de veciños da localidade mentres non haxa alternativa habitual. Salvo que xorda unha norma xurídica ou orde xudicial que así o preceptúe, é dicir, que sempre aquí sempre están obrigados a colaborar e a intervir porque a propia Lei de forzas e corpos di que terán a obriga de intervir en calquera momento e lugar e demais, hai aí unha contradición semántica claramente nese parágrafo, igual que no décimo no que di que o Concello de Gondomar non autorizará nestes casos o soporte de suspensión da subministración de augas por parte da empresa conforme a lexislación vixente. Vale? Pero enténdense un brinde ao sol; quedar ben pero despois ao final non imos facer nada porque as normas regulan o contrario. Era. Non sei se era así, se é da redacción da mesma e hai un erro, ou é así.

Sr. Del Río: Ben, o punto número segundo, non hai ningunha contradición porque o di claramente: Cando a lei, cando a lei (...) policía, cando unha norma xurídica ou unha autoridade xurídica así o preceptúe, non pode desobedecelo, evidentemente. No resto dos casos, (...). No tema décimo é o que di vostede, fíxese o que di: Xestionar coas empresas os préstamos de servizos, é dicir, que se, nalgún momento as empresas van actuar conforme á normativa (...), vostede, como presidente, como alcalde do Concello de Gondomar vai mediar, a xestionar que ese corte non se produza.

Sr. alcalde: Pero di: non autorizará nestes casos. Imperativo. Non é: xestionará, é que o Concello de Gondomar non autorizará...

Sr. Del Río: Lea até o final do parágrafo.

Sr. alcalde: Non autorizará nestes casos..

Sr. Del Río: (...) en que vostede poida autorizar estes cortes, vostede non vai facelo. Vai xestionar coas empresas digan, por favor, aguantar, dar máis prazo, darlle unha prórroga, etc., etc., pero nunca autorizar este tipo de cortes. Vostede ten a suficiente autoridade neste Concello para falar coas empresas adjudicatarias e chegar a un acordo con eles a favor dos veciños e veciñas desfavorecidas, neste caso, as que se van quedar sen vivenda. Iso é o que quere dicir eses dous puntos.

Sr. alcalde: Aclarado pois. Algunha intervención máis?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

5.f. Moción de Urgencia: Corrección camiño público.

Sr. alcalde: Como último punto da orde do día, que non hai, queremos introducir un de urxencia que é a corrección dun camiño. Perdón, señora Durán, ah pois. Non, non, dígolle que o outro día falámolo, si, pero non estaba vostede, estaba, estaba, a ver, que eu me aclare, que para iso estamos, non?

Sra. Durán: Alcalde, onte pola mañá, atopeime con vostede no Concello.

Sr. alcalde: Si

Sra. Durán: E precisamente a ver o expediente (...) que non atopaban. (...).

Sr. alcalde: Vale, vale, de acordo, eu onte...

Sra. Durán: O noso Grupo non está informado.

Sr. alcalde: Vale, vale, paréceme ben, pero déixeme que lle explique se ten ou non ten razón. Isto é un punto que propón o concelleiro de Urbanismo, como levado de urxencia, tratándose dunha corrección, dun erro de Inventario de Bens, e propón outro día para a Xunta de Voceiros e introduciolo de urxencia e, no seguinte está preparado o informe de Intervención, perdón, o informe do técnico, o de Secretaría, e estaba para a súa valoración ao dispor dos concelleiros. Onte si que é certo que aínda non o tiñan vostedes á súa disposición...

Sra. Durán: (...)

Sr. alcalde: Paréceme correcto.

Sra. Durán: Polo tanto, (...) do concelleiro de Urbanismo que ía traer o expediente, pero que ten que intentar, o que ten que procurar é que o expediente estea á disposición do resto dos grupos. (...)

Sr. alcalde: Que me parece correcto o que está dicindo, por iso eu quero propor como ben sabe, eu teño a obriga, de primeiro xustificar a urxencia, non? E dentro desta xustificación, sexa aceptado ou non. Eu pretendía xustificar ou argumentar a premura de traer este punto. Sen prexuízo de que despois consideremos todos que non é preceptivo, porque non tiveron o expediente para analizar nin nada, é máis, e nunca lle vou pedir a ninguén que emita un voto sen ver o expediente. Non sei se onte o miraron ou non. Dicar ao respecto que, ben, hai un informe do arquitecto municipal e do secretario municipal, que tamén teño que dicir, porque é certo, deixa entrever que hai un trámite previo que realizar antes da súa aprobación, como hai que dicilo, se vostede non o mirou, eu creo que o mellor, por prudencia, obviamente,

Sra. Durán: (...)

Sr. alcalde: Obviamente.

Sra. Durán: Nós non imos votar absolutamente nada que non coñecemos.

Sr. alcalde: Que si, que si.

Sra. Durán: Como vostede quedou, precisamente, na Xunta de Voceiros que quería dicir que o secretario persoal que nolo ía enviar por correo electrónico. Vostede onte está comigo, dime á unha e pico que non sabe onde está o expediente, polo tanto, se vostede non sabe se ao final o vai traer o concelleiro, enviar a este Grupo por correo.

Sr. alcalde: Que si, que si, señora Durán, non, pero imos ver, imos ver. Onte vostede preguntame: e o expediente? Non sei onde está. Nese momento colleume nas escaleiras e dígolle que non sei onde está. O expediente vén aquí como punto da orde do día, eu non sei se hoxe vostede tivo acceso a el ou non. Descoñecía. De todas as formas, se tivo acceso ou non.

Sra. Durán: Non está na orde do día.

Sr. alcalde: Xa o sei.

Sra. Durán: (...).

Sr. alcalde: A ver...

Sra. Durán: Xa sabía que o ía traer con urxencia.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. alcalde: Mire

Sra. Durán: Non estaba na orde, e insisto, (...) do concelleiro de Urbanismo de intentar, que xa que temos comunicación por vía correo electrónico, pois unha vez que se atopa o expediente, pois que o fomos ver. Quen estiveron sacando copias e quen non. Si sabía que algúns compañeiros, parece ser que si o teñen, porque estiveron esta mañá, pero ben, o resto que non estivemos, que se nos avisara.

Sr. alcalde: Pero, déixeme rematar, por favor, que eu entendo perfectamente o que me quere dicir, pero enténdame vostede a min, eu enténdoa tamén. Eu teño, eu propoño, se vostede me di: Mire, non mirei o expediente, como é o caso, e tal, pois automaticamente (...), para iso estamos, non se pode, eu non o sei, se o veu ver hoxe ou non. Se me di, non o miramos, mire isto así de urxencia, non. Pois automaticamente de urxencia, non. Pois automaticamente de urxencia, non. Por suposto, eu non lle pretendo meter o expediente. Pon o tema enriba da mesa para que vostedes teñan a posibilidade de dicir o que hai. Se non o consideran oportuno, polas razóns que sexan, xustificadas, o din e entonces entramos, imaxínase que vostede non di e que os demais tampouco, pois ben, eu enténdoa, recollo a súa, a súa protesta. Que ten razón, ademais. Polo tanto, quédanme dúas cousas, ou tirar para adiante e aprobar ou non a urxencia, sen prexuízo do que faga vostede, ou ser sensatos nisto, que é o que lle pido eu a todos os corporativos e retiralo e oe, nós facémolo ademais por un tema de urxencia social, por unha hipoteca, etc., non, pois unha persoa que ten un problema que é unha cousa de premura. Diso falamos, pero me parece correcto que se vostedes non o teñan, e ademais dicialles...

Sra. Durán: É que aí está o tema.

Sr. alcalde: Si, si...

Sra. Durán: Por iso lle estou dicindo, se tan urxente é o tema, había que ter a dilixencia debida para asegurarse de que todos o tiveran. Esta mañá estivo o compañeiro, o señor Salgueiro entregando as chaves ao secretario persoal e (...) se vostede quere (...), por correo electrónico non chegou, onte acerqueime, dime que non o atopan, eu dou por feito de que este punto non aparece.

Sr. alcalde: Paréceme moi ben.

Sra. Durán: Quero dicir que, entendo, pode ser que teña urxencia pero que nós non podemos votar a prol do que non coñecemos.

Sr. alcalde: Pero, perfecto. Eu non lle vou dicir que o faga, digo, unha vez que mo traslada, tomo nota e paréceme xusto que, o que di, eu non o sabía, por iso ademais advírtolle, sobre o informe, que lle debíamos dar unha volta porque o informe do secretario tal como vén, vén a dicir que lle deberíamos dar exposición pública primeiro a ver se hai alegacións ou non. É o que vén a dicir, entón iso é o que tamén quería dicir aquí, obviamente, vén a dicir iso neses termos, eu non quero, por Deus, enganar a ninguén nin moito menos. Pediu a palabra o señor Pauliño del Río. Ten vostede a palabra Pauliño.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde. Si, grazas, señor alcalde. Grazas. Imos ver, efectivamente, isto se trae; se nos comentou na Comisión Informativa dos Asuntos do Pleno que se ía traer por motivos de urxencia, explicóusenos por que, explicóusenos que posiblemente faltaba o informe do señor secretario, que estaría feito nese día ou ao día seguinte e que se traería por urxencia ao Pleno. Efectivamente, (...), como vostede comunicou na Comisión Informativa que é un asunto urxente, de interese social, evidentemente, fun tódolos días ao Concello a preguntar por este expediente e iso estiven, correcto? Pero é que teñen que ter (...) dúas cousas, unha, para ser a primeira vez que o digo, algo que sempre lle dixen ao señor Guitián, eficacia e eficiencia, que dá en (...). Mire, cando se trate dun asunto urxente de interese social, vostedes teñen que poñerse as pilas. Poñerse as pilas, o último informe dos técnicos de Urbanismo, creo recordar, que é o do 25 de febreiro, correcto? E, 24 de febreiro, e o informe de Secretaría é do 1 de marzo, correcto? Estamos a 3, estamos no Pleno e no expediente de hoxe pola mañá non había unha proposta que votar. Falta a proposta da Alcaldía. Polo tanto, xa me dirán vostedes que é o que imos votar aquí. Están os informes técnicos de Urbanismo, está o de interese da Comunidade de Montes de Mañufe por solucionar este tema. Fixo un informe.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Fixo un informe a prol deste veciño, que ese camiño é un camiño público. Estaba mal inventariado que había que darlle unha volta a isto. Sabían a necesidade que tiña esta familia, de que este tema estea resolto. Tardan en poñer á disposición o informe de tódolos corporativos e aínda por riba vimos aquí sen ningunha proposta que votar, porque, polo tanto, independentemente, independentemente, eu entendo que haxa grupos que non poidan votar a cegas, correcto? E debería haber cando menos unha proposta que votar...

Sr. alcalde: (...), señor Pauliño.

Sr. Del Río: E non a hai.

Sr. alcalde: Pero pódese facer verbal.

Sr. Del Río: Pois vale, pois.

Sr. alcalde: Pódoa facer verbal que é o que ía facer.

Sr. Del Río: Pois, estupendo... Pois fágaa verbal ou fágaa en verso, pero, evidentemente esta comunicación tiña que estar a disposición e dicir que tena que facer agora, verbalmente, non indica que non tiña que estar feita por escrito como se fai calquera outra proposta que se trae a este Pleno, máximo, que é un tema urxente e de interese social. Pídolle. É un rogo, que non se repitan este tipo de historias. Que non se repiten este tipo de historias.

Sr. alcalde: Rematou? Si. Ben, para aclarar, e rematar con isto, imos someter á votación de urxencia este punto porque o imos retirar. Ten toda a razón, e cando a ten hai que darlla. Eu a proposta podo facela verbal aquí que é o que ía facer, que é o que ía facer unha vez que se decida tratar este tema. A proposta non é o problema, o problema é a falta de achega da documentación a vostedes para que poidan analizala, pero iso xa llo dixen eu ademais, a vostedes, non me dirán que non, do propio, da propia Xunta de Voceiros, que non iamos ter tempo de analizala e que intentaríamos mandarlla ademais, pero ben, a ver, a min unha cousa que tamén, o meu compañeiro de Urbanismo, me pide, perdoa, a ver, que me vai dicir vostede. Fale.

Sra. Durán: Ben, imos ver. Que non veña vostede a dicir aquí, que nos di (...) nos di ese mesmo día que foi na Xunta de Voceiros, o martes, que pola tarde, o secretario persoal, nolo enviaría por correo. O martes pola tarde. Estamos (...).

Sr. alcalde: Que non lle digo que non. Non lle digo que non é certo iso. Refírome, que é verdade que quedamos en enviarlo por correo electrónico, a ver, solo me queda dicirlle, pero, eu traio isto aquí, para a súa aprobación se procede, por urxencia. Eu traio o expediente por urxencia cando me din, está o expediente, e é certo que, que quere que recoñeza realmente de que o expediente mo puxeron aquí enriba da mesa. Pois si, o puxeran enriba da mesa, hai que levar isto urxente a ver se pasa, e o aprobamos porque este home tal... Que veña, a min non me gustan moitas formas pero temos que respectar a dinámica de traballo do concelleiro de Urbanismo, entón, máis claro non llo podo falar. Son cousas do directo. Vale? Pois queda a próximo momento.

O Sr. Alcalde retira da mesa esta moción de urxencia por razóns co obxecto de que os concelleiros/as do Pleno poidan estudar o expediente.

Sr. alcalde: Deixámoslle a palabra ao señor Araúxo, o concelleiro de Urbanismo que comparece para dar explicacións en resposta aos termos establecidos na moción de CABE, sobre Urbanismo, APLU. Ten vostede a palabra, señor Araúxo.

6. Comparecencia do concelleiro de Urbanismo, D. Antonio Araujo Quintas.

Sr. Araúxo: Imos ver, como dixen ao principio, cando a moción, a miña intención era comparecer no Pleno para explicar todo isto, e por unha cuestión de tempo, non se puido incluír na orde do día do Pleno. Dá igual. Ben, vou intentar ser o máis breve posible, e sobre todo o máis claro que poida. Como vostedes saben, non lle vou a descubrir nada novo se lle digo que a situación urbanística do Concello de Gondomar é bastante crítica, por ser benévolos no cualificativo, non. E iso o que, e iso é o que herdamos algúns de segunda volta. Pero é o



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

que hai neste momento e polo tanto, como Goberno temos a obriga de resolverlle da mellor maneira posible os problemas á xente, para iso estamos aquí. É máis, eu se tivera que dicir un pouco, comezando polo final, se tivera que falar pola miña idea de como esta cuestión, diría que pasadomañá tivese que marchar do e do Goberno eu daría por boa a miña etapa neste tempo, polo feito de terlle resolto a estes 7 ou 8 veciños, creo que está resolto sinceramente, evitar o derrubamento das súas vivendas, que non é unha cuestión menor. Ben, eu como vostedes saben, está é unha problemática que xa vén de vello, a Axencia de Protección da Legalidade ten aproximadamente 46/47 expedientes do Concello de Gondomar, algún deles, hai que dicilo tamén, como logo explicarei xa están resolto, ben porque caducaron, ben porque así o resolveron, ou ben, tamén, porque a persoa afectada cumpriu a resolución que APLU lle enviou. Eu vou centrarme, se mo permiten, nos últimos casos que son os que temos enriba da mesa, que son realmente casos graves que temos enriba da mesa, que estamos intentando porque son dos que procurei ter a información, máis actualizada. Ben, á vista de que a Axencia da Protección da Legalidade empezou a resolver despois dun tempo considerable as alegacións feitas polos veciños afectados e xa emitindo resolucións de orde só coa posibilidade de recorrer en reposición desta orde, e obviamente ir ao Contencioso. Nesta situación hai xa digo que estes 8 casos que logo lles comentarei, son os que a nós nos chegan. Á vista de todo isto, dende o Departamento que eu dirixo, asesoróuselles en todo o que se puido, nalgún casos incluso xa anteriormente se fixeron as eleccións tamén, alegacións, por certo, contestadas nunha realidade asombrosa, porque efectivamente tiñan que contestarles nesa brevidade porque senón caducaban os expedientes, caducábanlle á APLU, quero dicir e entón contestaron ás alegación con moita dilixencia. A vista disto as persoas afectadas veñen polo Departamento, tes que falar con elas, tes que votarles unha man, porque é a nosa obriga, insisto e empeza a aparecer toda a casuística que hai detrás de todas estas situacións, algunhas delas complicadas por non dicir dramáticas e nesas que empezan a chegar as contestacións ás alegacións, a xente empeza a verlles as orellas ao lobo, empeza a aparecer as preocupacións e dende o Departamento, quixemos, este que lles fala mandarlle un recado, unha mensaxe moi clarífa tanto á APLU como ás propias persoas afectadas, e esa mensaxe foi a que saíu nos medios porque así foi a pretensión de que saíra dicindo que nós estamos ao lado desas persoas porque estamos falando de persoas humildes, evidentemente, e porque estamos falando sobre todo de persoas que teñen unha situación urbanística sobrevida da que eles en moitos casos non son responsables, e que en último caso, todo o que aí hai, son vivendas ou construcións perfectamente legalizables incluso coa normativa que se está desenvolvendo neste momento no Concello e máis adiante a que poida vir, coa aprobación do Plan Xeral que sería realmente a solución definitiva para todo isto, non? Ben, eu cando entro no Departamento no mes de agosto, no verán, o primeiro que fago é darlle as instrucións ao técnico municipal, ao arquitecto municipal neste caso, para que faga unha, un informe da situación urbanística do Concello centrada nestes casos, de persoas que estaban baixo a lupa, o foco da APLU e tamén porque non só ese estudo atendía aos casos que estaban baixo a óptica da APLU senón que tamén daquelas peticións que había de licenzas de obra en núcleos que aínda estaban sen delimitar. Ben, dese informe que ten data, un informe que teñen vostedes que é de 14 de setembro, o arquitecto municipal pois elabora unha relación de núcleos rurais tradicionais a delimitar priorizando aqueles nos que a, por dicilo dalgunha maneira, a emerxencia urbanística, por distintos motivos, era máis salientable, e a partir de aí, puxémonos a traballar, entón empezan a delimitarse núcleos, como vostedes saben, o primeiro deles foi o de Campo Grande, en Vilas, que por certo, xa rematou o prazo de exposición pública, e neste momento está pendente do informe sectorial da Xunta de Galicia, falo memoria pero creo que de Patrimonio e de Medio Ambiente, a continuación publicáronse dous, catro máis, perdón, que están tamén, que aínda están, en fase de exposición pública que son, o de San Roque e o de Prado, en Morgadáns, o da Mourisca, en Chaín, e o de Penalba, en Mañufe onde tamén hai situacións urbanísticas complicadas, pero insisto, tamén hai, peticións de construcións de licenzas de obra nova que loxicamente non entran na problemática que



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

estamos falando hoxe aquí. Dicirlles tamén que, efectivamente, séguense delimitando os núcleos, seguindo este cronograma ou este informe que nos fixeron os técnicos do Departamento, dicirlles tamén que nestas delimitacións de núcleos estanse facendo cos medios propios do Concello, é dicir, cos técnicos municipais, eu teño que dicir, xa o dixen varias veces, que é un traballo excelente e moi ben feito, e incluso cunha celeridade considerable, non?, para o tipo de traballo que é, e o exhaustivo que está feito. Ben, feitas estas aclaracións do que sería un pouco do contexto desta situación, eu solicito hai unha semana, unha semana e algo, solicito á vista de toda esta problemática que nos viña enriba, solicito unha entrevista co director da APLU, non? Porque entendía e entendo e creo que os feitos me deron a razón que a solución de todo isto é unha solución política, basicamente é unha solución política, eu como xa lles comentei quixen darlle, quixemos darlle dende o Goberno Municipal, ese recado, esa mensaxe clara que tanto a APLU como os veciños que estabamos do lado deles, creo que se cumpriu perfectamente o obxectivo, e acto seguido pois falamos co, tiven a entrevista o luns, co director da APLU, en Santiago de Compostela. Paralelamente a iso tamén lles foi enviado a tódolos Grupos parlamentarios do Parlamento Galego un relatorio, un informe, como lles queiran chamar asinado por min onde lle solicitamos que tomen cartas no asunto, tanto no caso de Gondomar como no caso do, como nos dous mil e pico casos que hai no resto do país, o argumentario político que eu dei e que ademais de que estou convencido de que é así, e eu creo que é a percepción que ten a cidadanía, con razón, é que mentres se modifica a Lei do solo de Galicia para resolver problemas importantes, que eu non lles nego a importancia deses problemas en Vigo e noutras cidades, ou que incluso se modificou a Lei de costas, verdade? A Lei de costas nada máis e nada menos, basicamente para, en Galicia permitir que quede ELNOSA na ría de Pontevedra, resolver o Thalasso de Oia, etc., etc., e outras barbaridades, pois a nosa pregunta era por que motivo nega a notificación da Lei de solo se pón tamén unha cláusula ou un artigo ou un adicional, como se lle queira chamar, onde se contemple a posibilidade, a moratoria, ou a solución de todos estes casos que son insisto, legalizables, porque é do que estamos falando. Nós, eu sempre rexeitei esa palabra, son casos legalizables, porque, bueno, logo falarei diso máis polo miúdo, e polo tanto, non estamos falando nin de infractores, non estamos falando de grandes promotores, nin de pequenos tampouco, e moito menos estamos falando de especuladores, estamos falando de necesidades vitais como é ter unha vivenda máis ou menos digna onde vivir. Insisto, esta discusión mantíviena co director da APLU, que el me dicía se eu pretendía, se estaba propoñendo que dende o Goberno galego fixera unha Lei urbanística para os ricos e outra para os pobres, non? e non ten nada que ver, é ao revés precisamente, xa hai unha lei para os ricos e os pobres que non teñen cartos ou a xente sen recursos ou a maioría social, sen recursos pois non, se non tes cartos pois non podes coller bos avogados, recorrer e marear o tempo aí, verdade? ata que a conxuntura urbanística che permita legalizar o asunto, é dicir, se non tes cartos tiras a túa casa pero se tes moitos cartos, incluso tes a sorte de que poden cambiar a Lei do solo de Galicia para resolverche o problema. Ben, esta foi un pouco a discusión política que eu mantiven co director da APLU que estaba furioso, teño que dicir, porque non lle gustou nada o que saíu publicado na prensa e eu como xa estou nunha situación persoal e política de dicir as cousas sen andar con demasiados panos quentes pois díxenlle que se a el non lle gustou o da prensa que o sentía pero que iso éntralle no soldo porque é un cargo político, igual ca min, neste caso, e que en todo caso os veciños e as veciñas de Gondomar afectadas viñan ao Concello a pedir axuda coa súa situación persoal, nalgún caso a chorar pero el está a cento e pico quilómetros e que detrás deses expedientes que el tiña alí enriba da mesa, pois hai persoas, verdade? con situacións, xa digo, nalgúns casos complicadas. Ben, falando da casuística concreta, pois voulle a comentar. Ben os núcleos que nós estamos delimitando, evidentemente son delimitacións de núcleos pequenas porque son o que nos permite a LOUGA, pero que se nos da para resolver estes problemas e como xa dixen antes, para conceder incluso algunhas peticións de licenzas que hai nesas zonas. Dícialle antes que a APLU tiña abertas en Gondomar, que nos detectamos sobre 46 expedientes, algúns deles xa foron resoltos, por



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

citarlle un coñecido e que está á vista de todo o mundo como foi o derrubamento da nave da Comunidade de Montes de Vincios que estaba alí na entrada, na entrada de Vincios, foi derrubamento por orde dunha resolución da APLU, iso está aquí, iso foi tirado. Deses 46 expedientes, ou 47, que aquí falta un que non está, que é o do Centro Social da Comisión de Festas do Barrio de Prado, de Morgadáns, pois, 15 deles, curiosamente están en Morgadáns, e 7 dos cales teñen orde de derrubamento. Hai un que, que agora lles direi, que non está en Morgadáns, que está en Mañufe e agora voulle explicar un pouco a situación destes expedientes. Ben, a APLU dixo publicamente e tamén mo dixo a min alí, que eu non lle entrei niso obviamente, que se había segundas vivendas, que eu non sei, vese que teñen máis información ca nós e que incluso a maior parte das denuncias eran denuncias enviadas á APLU por parte do Concello de Gondomar, cousa que non é certo. Entón, destas 8 construcións hai 5, hai 5 que foron, 5 en Morgadáns que foron de oficio, realizadas de oficio pola propia Axencia de Protección da Legalidade. Hai outra que foi vía Rexistro da Propiedade, por unha cuestión que o Rexistro detecta reenvía ao Concello, e que o Concello tena que enviar a APLU porque está en solo rústico e é a competente en resolver ese asunto. E só hai un que é de oficio do Concello e eu creo que vén dada por unha denuncia dun particular pero iso non o atopei no expediente e logo a última que sería a do Centro social de Prado e é unha denuncia que chega a APLU a través dunha denuncia de oficio da Consellería de Patrimonio. Ben, polo tanto, isto é un pouco o que hai, e despois, respecto a estes dous expedientes teño que dicir tamén outra cousa que me quedaba atrás, hai unha delas, por exemplo, con orde de derrubamento que ten o proxecto básico e o aliñamento e polo tanto o proxecto e a licenza pagada, dende o ano 2006, esta é unha licenza que quedou atrapada naquel, ben, naquel tempo tremendo que vivimos en Gondomar cando se parou por orde do Tribunal Superior de Galicia, aquelas licenzas que se estaban dando e que non se podían dar, déronselle a algúns e outra xente quedou atrapada nesa situación. Hai outra tamén, en Vilas, que ten licenza, é unha obra con licenza, perfectamente licenciada pero que fixo algo a maiores, tamén está inspeccionada de oficio pola APLU e o que ten que derrubar neste momento é a parte, digamos, que está fóra de ordenación, porque non obtivo licenza para tela. Logo hai algunha outra que ten os expedientes iniciados, como son os aliñamentos, pagados e feitos, e o resto, non ten nada. Algunha delas incluso é unha rehabilitación, unha reconstrución dunha casa vella. E que máis tiña que dicir eu aquí? Ben, si, desta conversa, por último, desa conversa que se mantivo coa APLU, saíu o compromiso que eles fixeron público de que estas persoas e estas construcións que son legalizables, van contar con tempo dabondo para poder legalizar a súas vivendas, obviamente, sempre e cando o instrumento que ten que dar cobertura legal estea operativo, non? Neste caso sería a delimitación de núcleo que é o máis rápido e é no que estamos traballando. Entón ese tempo, o director da APLU non o soubo cuantificar, agora están na fase de recursos, de recursos de reposición, que sería o que entraría alí nun tempo que nos permitiría efectivamente, pois, mentres non o contestan, proceder a esa legalización, e chegado o momento aínda terían, segundo el me conta, a posibilidade de ir ao Contencioso. E por último, agora xa remato, efectivamente nun destes casos, dende os Servizos Sociais do Concello, pois, informámoslle e axudámoslle a unha persoa en concreto, a tramitación dun avogado de oficio para ir ao Contencioso se esa era a vía que esta persoa desexaba coller, entón estáselle tramitando, creo que xa ten o avogado concedido e non sei se o terá que usar inminentemente ou non, porque xa lle digo está antes o recurso de reposición. Ben, isto é así a grandes trazos, e case prefiro que vostedes me pregunten, se podo contestarilles, contestareilles se sei, e senón pois terei que buscar información para dala. Nada máis. Si, si, eu acabei, acabei. Ah, non está Paco, eh? Non o vin, eh? Perdón, non o vin, estaba...

Sr. alcalde: Perdón, rematou, señor Araúxo? Intervencións ou preguntas sobre a comparecencia? Alguén pide a palabra? Ninguén? Señor Pauliño ten vostede a palabra.

Sr. Del Río: Grazas, señor alcalde, eu era simplemente para que me quede absolutamente claro (...). Temos o compromiso da APLU de que vai haber un prazo non cuantificado, pero en



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

todo caso un prazo que vai permitir á legalización do establecemento dos núcleos rurais que obteña aí a licenza. Iso é correcto?

Sr. Araúxo: Si, efectivamente, a APLU...

Sr. Del Río: Sen horizonte temporal, poden ser seis meses, ou doce.

Sr. Araúxo: Ou incluso máis. A APLU, insisto nunha cousa, hai un prazo temporal suficiente, entendemos nós e a APLU tamén para legalizar todo o que sexa legalizable, ollo, todo o que sexa legalizable, quero puntualizar isto, quedoume atrás unha cousa que, que esa información a teño de hoxe pola tarde, que antes non a tiña e é que a raíz, ou ao fío desa carta que se lle enviou aos Grupos parlamentarios do Parlamento Galego, neste momento, polo que me contan, non sei como está iso estruturado, pero hai xa presentadas dúas iniciativas parlamentarias, unha creo que do Grupo Socialista e outra da parlamentaria de Cerna pedindo a, pedindo precisamente, falando do caso de Gondomar, pedindo explicacións á APLU e tamén, eu creo que son proposicións de leis pedindo modificacións ou engádegas ou é unha especie de alegación á Lei do solo para que se contemple precisamente esa moratoria. Pois eu, benvida sexa porque ao mellor igual co que se fixo en Gondomar, igual non só resolvemos o problema de Gondomar senón resolvemos o problema de moita xente do país, o cal a min particularmente paréceme ben.

Sr. alcalde: Ben, algunha intervención máis? Si, señor Pauliño.

Sr. Del Río: Gustaríame que abondara algo máis, entendo, que van ser legalizables todas as vivendas naqueles aspectos que sexan legalizables, que vai haber unha moratoria por parte da Xunta, neste caso en concreto por parte da Axencia de Protección de Legalidade Urbanística para deixar de actuar ao concello de Gondomar e legalizar esas actuacións, correcto? A partir de aí, gustaríame facerlle dúas preguntas, que a situación neste momento non está agotada a vía administrativa, e que aínda queda, está en fase de recurso de reposición, non está aberta a vía xudicial, isto supoño que tamén é así de claro, non?

Sr. Araúxo: A ver, á segunda pregunta, eu entendo que hai unha en concreto que si ten esgotado a vía administrativa, e é a persoa á que lle estamos tramitando precisamente o avogado de oficio. O resto están aínda na vía administrativa pero na última que é o recurso de reposición diante do organismo que emitiu a resolución de derrubamento, non? Que iso levará un tempo en contestar, o compromiso é que nos van dar tempo suficiente para contestar ao recurso e que poidamos legalizar esas vivendas pero incluso, se non lle dera tempo alguén, aínda tería a posibilidade do Contencioso, de acordo? Tamén teño que dicir unha cousa, a ver, no momento, a APLU, no momento en que nós teñamos delimitados e aprobados definitivamente os núcleos aínda que eles na resolución que enviaron, falan de aprobación inicial, que iso sería moito máis fácil porque algunha delas, por exemplo, a de Campo Grande, se pasadomañá chegan os informes sectoriais favorables traémolas a Pleno inda que sexa un Pleno extraordinario, entendo eu. E teríamos a aprobación inicial feita, entón, nós o que, no momento digo, no momento en que a ferramenta urbanística teñámola aprobada, a partir dese momento, a vía da APLU queda pechada, porque pasa a ser competencia nosa directamente, eles actúan en solo rústico, no momento en que está o núcleo aprobado xa non é solo rústico, pasa a ser competencia do Concello, e entón xa teríamos nós que actuar sobre o que hai feito, pero claro, resolvemos teoricamente a legalización en canto á situación urbanística, pero logo hai que falar da situación construtiva, da parcela, se o tellado cumpre, se as dimensións, a ocupación, se a edificabilidade, etc., etc., pero iso xa sería problema do Concello. Entón, a nós o que nos urxe agora é sacar isto, por dicilo dunha maneira gráfica, das gadoupas da APLU, pasalo ao Concello e entón nós aquí xa seguiríamos resolvendo pola nosa vía, é dicir, no momento no que os núcleos estean aprobados, segundo eles, inicialmente, pero eu como iso non mo creo porque igual cando o teñamos inicialmente vanos dicir que o queren definitivamente, pero ben, en todo caso, se con isto pasa ás nosas mans directamente eles danlle carpetazo, entón pasa a ser competencia municipal directamente. Creo que me preguntaba outra cousa pero non tomei nota, á parte da vía administrativa...



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. Del Río: Non, non, non se preocupe, que non, non se preocupe. Está. É dicir, que neste momento o único que podemos garantir destas vivendas é a paralización deses expedientes administrativos, para darnos tempo a actuar ao Concello de Gondomar. A partir de aí, será o concello de Gondomar que ten que ver se esas vivendas cumpren ou non coa legalidade urbanística e se son obxecto de licenza ou non.

Sr. Araújo: Claro

Sr. Del Río: Aí estamos. De acordo. Despois, o único que non me quedou claro, agradézolle a súa de intervención, o único que non me quedou claro foi o tema do avogado de oficio. Da súa tramitación dos avogados de oficio, por parte dos Servizos Xurídicos do Concello.

Sr. Araújo: Non, non. Explíqueime mal. Non son os Servizos Xurídicos do Concello.

Sr. Del Río: Perdón, a equivocación é miña. Por parte dos Servizos Sociais do Concello, non?

Sr. Araújo: Si, si.

Sr. Del Río: Que é o que están tramitando?

Sr. Araújo: O que están tramitando é informando a esta persoa como ten que facer para solicitar o avogado de oficio.

Sr. Del Río: Vale, vale. Agora xa me queda claro. Non están tramitando o avogado de oficio.

Sr. Araújo: Non.

Sr. Del Río: Están axudándolle a conseguir os papeis para ir ao sitio competente e ao órgano competente para solicitar o avogado. Vale. A dúbida era: non vaiamos crear un preferente estupendo, que sería que todo aquel de Gondomar que necesite un avogado de oficio, ten que desprazarse a Vigo, podendo facer o trámite en Gondomar.

Sr. Araújo: Até aí chegamos. Non se preocupe.

Sr. Del Río: Non, pero cando falamos de tramitación de avogados de oficio, enténdese iso, non o outro, non que se estean xestionando os papeis. Grazas señor concelleiro de Urbanismo.

Sr. Araújo: Se hai algunha pregunta máis, eu encantado. Insístolle que dos 46 expedientes non collín a información, porque é unha información bastante complicada de buscar no Departamento, e temos pouco persoal e están atascado de traballo. Xa lle digo, algunha destas 46, algunhas prescribiron, algunhas declaráronas fóra de ordenación, pero eu non sei cuantificalas agora, e polo que me contan os funcionarios, algunhas delas xa se cumpriron, como xa expliquei antes, a do derrube de Vincios e algunha outra máis, pero a nós o que nos preocupaba neste momento é abrir unha vía de solución para estas 7, que evidentemente vai quedar aberta para o resto. Pero eu quero que nos quedemos coa, eu creo que nos debemos quedar cunha idea, e é que estas persoas non son nin especuladores, nin promotores, nin infractores. Son persoas que quedaron atrapadas nunha situación urbanística non imputable a elas. En todo caso a responsabilidade é nosa, dos que estamos aquí, de todos e de todas e que teremos que resolver. E dígoo porque eu por aí escotei moitos comentarios e eu creo que son inxustos, a min parecíaseme moito cando me falaba, cando alguén me falaba, dicía, *bueno é que estades defendendo os intereses dos infractores*, bueno claro, e tamén defendíamos a tódolos aqueles miles e miles de broquers e de especuladores financeiros que eran os das preferentes, evidentemente, algunha habería no medio, loxicamente, pero a inmensa maioría eran persoas estafadas e aquí son persoas atrapadas, xa digo, unha situación urbanística complicada que temos en Gondomar, e que polo que se ve, no resto do país. Como anécdota, pois contar tamén para que o teñan claro. Cando lle dicía eu que este é un tema político, isto tamén llo comentei ao director da APLU, a raíz de todo este balbordo mediático, pois evidentemente chamáronme ao Departamento de Urbanismo, ao meu correo e ao meu teléfono particular, pois houbo, non sei, 5, 6, 7 chamadas de persoas afectadas, pois de Nigrán, de Bergondo, de Ourense, de Becerreá, ben, de 6 ou 7 concellos de Galiza que pouco menos me propoñían que liderase un movemento, unha cruzada contra a APLU para, para axudar a resolver este tema. Eu creo que no Parlamento galego tomaron nota deste asunto, é un problema grave, é un problema moi grave, e eu, desexo e oxalá que cambien ou que amplíen, modifiquen ou que corrixan a Lei do solo de Galicia, inda están a tempo, e que igual que meten esa outra historia para resolverlle os problemas ás grandes corporacións pois que metan un



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

puntiño aí pequeno que lles dean unha moratoria a todas esas persoas para que poidan, mentres non se aproba os seus instrumentos urbanísticos nos concellos, resolver, parar o asunto. E iso estaría moi ben, porque iso sería precisamente un aguillón bo para que os concellos se puxeran a resolver o tema urbanístico dunha vez, en xeral, non? Cando hai alguén que necesita unha solución por esa vía e que a lei lle di se aprobas iso e resolves isto vaslle resolver isto aos teus veciños. Ben, eu creo que todo isto ao final foi positivo, veremos como termina, non? En parte vai depender de nós, dende logo, do que dependa do Goberno Municipal e do concello de Gondomar, porque creo que neste asunto contamos co apoio de todos e todas vostedes. Por nós non vai quedar que todo o mundo poida legalizar, se é legalizable, a súa vivenda.

Sr. alcalde: Moitas grazas, señor Araúxo. Ten a palabra a señora Durán.

Sra. Durán: Grazas. Simplemente quería que o señor concelleiro, como manifestou e efectivamente dixo que este tema da delimitación de núcleos pois o que permitiría unha vez que estea delimitado, que se a APLU peche, archive ese expediente e o remita para o concello de Gondomar, que seríamos nós xa os responsables, e quería saber se xa ten máis ou menos unha idea desas construcións, se serían legalizables, é dicir, se é posible concederlle licenza ou se ao final a piqueta da APLU vai ser a piqueta do Concello.

Sr. Araúxo: Esta é unha boa pregunta. Pero si, temos. Eu destes casos que temos aquí diante creo que hai un que tería inicialmente un pequeno problema coa superficie da parcela mínima, polo que me comenta que pode ampliála comprando ao veciño. Urbanisticamente, pois son vivendas, como xa lle dixeran, algunha delas con proxecto e o que non sei se ten que derrubar esa parte, que non sería moi dramático porque creo que, creo que sería un porche ou algo así o que ten que derrubar, non?, no peor dos casos, e polo que me contan, creo que ten parcela suficiente polo cal non haxa problemas de edificabilidade nin de ocupación e as ademais, polo que eu coñezo, porque claro, non hai, destas que lle falo podo velo eu porque hai expediente no Concello, como que hai peticións de licenzas, hai proxectos e demais, eu tamén lle dicía ao director da APLU, é dicir, ninguén que gaste dez ou quince mil euros en proxectos de obra e en licenzas de obras, home, sería do xénero bobo, pois que pretendera gastar eses cartos e saltarse a norma, non? Non ten moito sentido, é dicir, que, iso fala moi en favor das persoas que quedaron aí atrapadas, non? Eu, nestes casos, detectamos un simplemente, en Vilas, que tería..., pero bueno, creo que pode resolvelo comprándolle ao do lado, non tería problema. E pode haber outro, pero tamén tería unha evolución porque, estamos falando nun ao mellor que lle faltaría 200 metros para completar a parcela mínima dos 600 e eu creo que noutro que lle falta como 50 metros cadrados ou así. Pero eu creo que incluso nas dúas, agora estou pensando, á parte de que poida comprar, a lei tamén contempla que diante da imposibilidade de estender a parcela, porque non ten posibilidade de medrar a parcela, pois a Lei contempla a posibilidade de dar licenza coa parcela que hai, e se eu estou rodeado dun camiño por un lado e doutro por outro, e polos lados hai edificacións, e a miña parcela que está aí no medio e ten 500 metros e son 600, a Lei permite modificar, demostrando a imposibilidade de ampliar a parcela, permiten edificar e legalizar. Creo que por aí até onde eu coñezo para xa digo, do que eles contan pois non debería haber moito problema, pero ben, por se acaso miraremos o proxectos técnicos cando os presente no momento da legalización.

Sr. alcalde: Algunha intervención máis? Nada. Damos por cerrada entón a comparecencia do concelleiro de urbanismo.

7. Rogos e preguntas

Sr. alcalde: Pasamos ao último punto da orde que son rogos e preguntas. Rogos? Algún rogo. Pasamos directamente ás preguntas. Perdón, señora Durán.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sra. Durán: Un rogo, (...) como un rogo, nin como pregunta. Gustaríame que cando estivesen elaboradas as memorias de Benestar Social do ano 2015 da Concellería de Igualdade (...) que se fixeran unha copia (...) Iso é todo.

Sr. alcalde: Grazas señora Durán. Tome nota a concelleira de Igualdade e Benestar para que se lles trasladen as memorias á señora Durán tan pronto como estean. Preguntas? Señor Gómez.

Sr. Gómez: Imos ver. Unha pregunta que xa levo feito en varios plenos, saber como está o tema do camiño de Morgadáns e o camiño de Chaín, pola parte de arriba da planta de formigón, e ben, sempre falamos, xa o levo preguntado en varias ocasións, e ben, (...) e se puxo o camiño de sentido único (...). A ver como está, se se buscou algunha solución, (...), porque de momento penso que segue na mesma situación (...). Simplemente, (...). E outra, outra pregunta é sobre o cambio de (...), Gondomar (...). Imos ver, iso, penso eu, se ao final queda nulo total, se se vai facer, se ao mellor hai que facelo, se hai unha garantía, se o concelleiro (...), que se vai facer con iso, se quedou definitivo que non se fai, cando teño pensado facela súa, o seu estado inicial. Saber como está iso. Outra pregunta é, imos ver, cando vostede chegou á Alcaldía, quitaron o aparello que había na porta do Concello que era os minusválidos e tal, como está a cousa, que non funcionaba, que levaba moito tempo parado, e ben, (...), nun principio, se iso o van arranxar, se van implantar outro sistema, se van facer unha rampla, (...), para as persoas con dificultade e minusvalía para acceder neste caso ao primeiro andar do Concello. Outra pregunta, o transporte metropolitano, no seu día, eu e vostedes tamén non aprobamos o transporte metropolitano polo problema que había de MelyTour da parada municipal, (...) o que leva feito e en que situación está o transporte metropolitano. Logo outra pregunta (...) o outro día creo que nunha rede social ou algo así, non como alcalde, como veciño de Vilaza sobre (...), quería saber se a auga de Vilaza se xa está municipalizada, (...), en que situación está a auga de Vilaza, (...) que ben xa se municipalizara, pero ben, saber o estado sobre o estado de Vilaza. (...).

Sr. alcalde: Prefiren que conteste ás preguntas dun en un ou déixoas todas para o final? A min me dá igual, se é máis ameno. Ao final, ben.

Sra. Fernández: Boas noites a todos e a todas. (...) sobre o Plan de Igualdade, gustaríame saber o (...) que saíu agora (...) quería saber cantas mulleres (...). Tamén quero saber sobre o tema do Rexistro (...) do Concello, gustaríanos saber cantas, cantos rexistros, cantas solicitudes entran ao día, gustaríame saber como se seleccionan, é dicir, por orde de chegada, se por periodicidades, seguridade, se es guapo, feo, se caes ben, se caes mal, porque iso o digo porque polo que se escoita e polas queixas dos veciños, levan meses sen resposta de moitas solicitudes, entón, gustaríame que ao mesmo tempo, xa que fan algunha solicitude que teña a contestación positiva ou negativa a curto prazo. Se o van facer, se non o van facer. E pola outra banda, tamén o colexio (...), que creo que está ao tanto, de que nas últimas (...) dixéronme que había algún cambio, pero iso tivo que botar un pouco a moral da xente, (...) moitas cousas, pero ben, gustaríame que dese a explicación do que vai facer, e esperemos unha solución inmediata dende logo, (...) pero non sei se irán a máis. Ben, despois tamén veremos algo que nos preguntan se



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

van agora, que agora está o tempo bo e vai chegar a primavera e todo, moitas persoas interesadas nas limpezas de fontes e lavadoiros. Nada máis. Grazas.

Sr. alcalde: Máis preguntas? Villar.

Sr. Villar: Ben, eu quería facer un rogo que (...) do Concello porque parece ser que na zona (...) aparece un concepto (...) datos, e por outro lado, xa é un tema (...) pois saber se vostedes teñen pensado (...)

Sr. alcalde: Si, máis preguntas? Señora Durán. Pauliño. Señor Pauliño.

Sr. Pauliño: Grazas, señor alcalde. Ben, imos ver, imos empezar polas preguntas. En primeiro lugar gustaríame saber cando van empezar as obras nas beirarrúas da rúa Emigrante que están licitadas. En segundo lugar, se se vai arranxar as beirarrúas na zona da parada do autobús que hai antes de chegar á rotonda da garda civil, hai moito tempo, que están bastante impracticables. Cando se van colgar na páxina web as taxas e impostos novas colgadas, as 25, vostede, o Goberno, onde hai cuestionarios autocubribles, e moitas facilidade e que eu creo que están sen colgar, está aínda á antiga, e se a xente ten que, queremos que a xente pague os seus impostos, hai que darlle facilidades. Gustaríanos saber se teñen algunha noticia sobre o novo centro de saúde. Gustaríanos tamén saber, algúns veciños e veciñas fálannos de roubos en Gondomar, se teñen constancia disto e de que medidas se van tomar, para a concellería de Vías e Obras, no mes de novembro, parece ser que se ía arranxar a estrada de Donas, no barrio de (...), cando se vai facer. Gustaríanos saber se en Portavedra a brigada vai arranxar as silvas, mesmo os toxos que hai no parque infantil, se se vai amañar o camiño que vai á casa de Jaime (...), en Portavedra, se se vai, a brigada de...

Sr. alcalde: A ver, despacio, despacio, que non damos abasto.

Sr. Del Río: Perdón.

Sr. alcalde: Camiño de Jaime, e de quen máis?

Sr. Del Río: De Luís.

Sr. alcalde: A ver se sei quen é.

Sr. Del Río: Non se preocupe que (...)

Sr. alcalde: Portavedra?

Sr. Del Río: Correcto. (...).

Sr. alcalde: Vale.

Sr. Del Río: Tamén estaría ben que (...) o camiño porque, hai que algunha que outra, alumeado fundido e se nos pode dar algún tipo de información sobre a canteira que parece ser, (...). Ben, despois quería incidir, hai unha pregunta feita pola compañeira IxG, tamén me gustaría incidir no tema da problemática xurdida no colexio (...) e parece ser que houbo xa algunhas, tivo vostede unha primeira reunión en agosto, como concelleiro de Educación e alcalde que era no seu momento para solucionar este tema. En setembro vostede se volve reunir coa ANPA, no colexio, nun Consello Escolar e dilles que necesitaba vostede que o Consello Escolar dera un proxecto feito, consensado coa ANPA e co Consello Escolar e llo fixeran chegar e que a partir de aí actuaría. Este proxecto foi remitido ao concello de Gondomar con data 11 de novembro de 2015, hai agora tres meses, o destinatario: Concellería de Educación, concello de Gondomar, (...) polo que se fai unha memoria do proxecto sen que a día de onte non



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

houbera contestación a este respecto. Gustaríanos saber se van vostedes actuar neste asunto. (...) o que se nos manifesta é que lle gustaría por parte do Concello, por parte do Goberno Municipal que lle dixeran: imos facer isto, imos facer aqueloutro, máis ou menos nun prazo. Despois, porque evidentemente, este proxecto haberá que velo, haberá que ver quen é órgano competente, haberá que facer unha memoria valorada, e que leva un tempo, pero evidentemente, o que se queixan, ao igual, a falla de, a non solicitude coa solicitude (...) tamén parece que hai unha queixa bastante xeneralizada de que non se contesta, nun sentido ou noutro, pero non se contesta aos requirimentos da veciñanza. E logo hai outra problemática, tamén, á parte do acceso rodado, e toda a problemática, nós coincidimos con vostedes, hai que acordar neste momento antes de que vaia a maiores, iso é evidencia moi evidente, pero logo hai outro problema que é o peche do recinto escolar. E aí xa non estamos falando nin de 20.000, de 5.000, de 15.000 ou de 10.000 euros, estamos de (...). Gustaríanos facer que ten que facer co tema do prezo do recinto escolar porque se o problema do recinto é instalar un (...), vale entre 1.900 e 2.000 euros resulta que parece evidente que antes de dicir se isto é competente, pois conservación, reparación, mantemento, nós rogaríamoslle que acometera ese gasto por un tema de seguridade para o centro e que non é un gasto digamos excesivo que poida acometer o seu Goberno, e que o faga por iso, teñen vostedes unha brigada de Obras, unha brigada de Educación, perdón, non a de Obras, unha brigada de Educación que evidentemente debería resolver iso nun prazo bastante breve. Gustaríanos que nos dixeran que teñen pensado, actuar, na dobre problemática, primeiro, contestarlle a ese Consello Escolar que está esperando a que lle digan algo e que acometa a obra do porteiro. A solucionar o peche do recinto escolar. Por un lado, no tema do, (...) perdón, do (...), por outro lado temos a problemática do colexio (...), dende o mes de decembro parece ser que non atenden a estas aulas. Hai algunha que outra carta enviada a vostedes, ao seu Goberno, que é onde non se lle (...), gustaríanos saber que é o que pasa, porque no Goberno do señor Guitián ían mal e arrastro, pero ían, pero neste parece ser que nin van.

Sr. alcalde: "Otros vendrán que bueno me harán".

Sr. Del Río: Ben, pois non o sei, espero que vostede non actúe en base a premisa ou que en vez de pedir 10.000 euros, case era mellor que devolvera os cartos. Se vai actuar desta maneira, case será mellor que devolvera os cartos.

Sr. alcalde: No próximo pleno.

Sr. Del Río: Estupendo. Agradézolle e tómolle a palabra para que no próximo pleno traia a baixada da súa retribución.

Sr. alcalde: Baixada xa a tiven.

Sr. Del Río: O que vou facer... Xa me parece bastante. Dende logo, ás veces escoitalo... E ben, non vou rematar aquí a cantidade de historias que necesita o colexio (...) de Chaín como na de Couso, como na de Guíñufe, como a de Peitieiros, como na de Vilaza, como na Sebe, o que é evidente é que hai, a brigada de Educación, que é certo porque cando ti queres (...) a xente á brigada de Educación, en todos os lados, menos colexios, pois evidentemente é porque está noutros lados menos nos colexios. Evidentemente. Iso é un feito constatado. Só actúa cando hai algún tipo de urxencia,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevadra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

pero non van co mantemento habitual que requiren esas aulas do colexio agrupado. Gustaríanos, vostedes teñen bastantes, creo que deben de ter un relatorio das necesidades, tanto de mellora, como de mantemento de todas as aulas, eh? Que van dende o armario das persianas até a colocación das portas dun baño, até a colocación dunha cadea que no ten tirador, etc., etc., etc., gustaríanos tamén, que por favor, nos días en que hai un pouco de frío demais, que esas aulas, que esas determinadas aulas onde os nenos non estean a 13 ou a 16 graos, ou que non lle poñan a calefacción e lla corten (...) e iso é certo, (...) ese sistema, eu, poñémonos á disposición do concelleiro de Educación, reflectíndolle en primeiro lugar que se restableza a súa (...) e logo que faga, e se meta en fariña e resolva estes puntos. Supoño que vostede terá á súa disposición as demandas que hai e se non as ten, pois evidentemente, nós non temos ningún problema en darlle traslado das mesmas. Iso é todo.

Sr. alcalde: Grazas, señor Pauliño.

Sr. Del Río: Ah, perdón, perdón, quedábame unha pregunta se é, se se vai convocar neste mes a Axenda 21.

Sr. alcalde: A axenda 21.

Sr. Del Río: A axenda 21. Grazas.

Sr. alcalde: Señora Durán.

Sra. Durán: Imos ver, unha das miñas preguntas que son formuladas (...) preguntando polo camiño do Laranxo que a última vez que se lle preguntou ao señor alcalde, que estaba intentando buscar unha solución cunha negociación cun veciño, cun colindante. Non sei como foron as negociacións, se finalmente xa teñen claro se hai aquí aí (...), coa formigoneira e con ese tema non? Se avanzou en algo as negociacións para intentar buscar unha solución consensuada ou se hai que ir alí a (...) e polo tanto, os tribunais que se decidan. Tamén preguntou o concelleiro señor Gómez, en relación ao transporte metropolitano, xa hai uns días, un par de semanas, non me lembro, saía a noticia dese acordo da área metropolitana, aí parecía que había un acordo franco que era do transporte, queríamos saber sobre o concello de Gondomar, cal foi a súa proposición e se finalmente acepta a proposta e polo tanto imos a encadrarnos no transporte metropolitano (...). Tamén, outra das preguntas que xa formularon, a compañeira Beatriz Fernández, o señor del Río, relacionado co colexio de (...) en Vincios, que tamén nos fixeron chegar desperfectos, e como xa dixo o señor del Río, que tivo entrada en Rexistro o 11 de novembro, que están pendentes da solución, parece ser que o señor alcalde falaba de que ía ter que facer un proxecto, que solicitaría a técnicos da Deputación. Queremos saber se ese proxecto é necesario, se é necesario; se neste caso, se xa se solicitou á Deputación, se vai ser a Deputación quen asuma esa obra, se vai saír algún plan de investimento da Deputación ou se vai facelo o Concello, e ben, pois un pouco saber como teñen este tema porque como xa explicou moi ben (...) o señor del Río da problemática que está preocupando (...) ás nais dos nenos (...). Quería preguntar como quedou finalmente a contratación da traballadora social, (...), como foi ese tema. Quería saber tamén se se avanzou algo na relación dos postos de traballo, na RPT, como vai ese expediente, se avanzaron algo ou non. (...) ou se está na mesma situación. Quería preguntarlles tamén, saíu en prensa, en varios medios, o 27 de febreiro, que



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

rematou en decembro o prazo que daba a Lei de transparencia para que os concellos pois crearan un portelo, de páxina web para publicar todos os datos, que obriga á Lei de transparencia e aí aparecería o concello de Gondomar como que incumprira a Lei de transparencia porque non estaba, non estaba coa normativa. Quería saber se xa fixeron, ben, se (...) teñen a contratación dalgunha empresa para que se encargue disto e polo tanto, dar cumprimento da Lei de transparencia. Tamén quería preguntar como vai o tema das beirarrúas que van dende Gondomar até Morgadáns. Aí hai un tramo, concretamente, de terra, de monte, e que remata en Chaín, que a empresa xa hai tempo que marchou e queríamos saber que solución se lle vai dar, para eses propietarios que parece que non quixeron asinar, e polo tanto, teñen o proxecto aí parado, paralizado, e que a verdade é que tal e como quedou a obra, pois, sen ese tramo, non ten moito sentido. Que é o que vai facer a Deputación e tamén se o señor alcalde está, previsionou, solicitou financiamento na Deputación para o novo asfalto; hai que arranxar esa estrada que quedou afectada despois das obras. Creo que preguntou, (...) polo mesmo tema, o señor del Río, cando falaba das rúas, das beirarrúas de Eduardo Iglesias, quero preguntar polo proxecto que estaba aí, (...) da Deputación, que xa deixou o Goberno anterior, queríamos saber como está esa obra, porque iso, o Goberno anterior pois estivo até maio, ben, (...) está ese proxecto parado e se está rematado este ano. Xa debería estar feito antes de rematar o 2015, porque tempo tiveron dabondo. E era para preguntar por un xogador, (...).

Sr. alcalde: Grazas, señora Durán, algunha pregunta máis? Ningunha. Imos empezar. Procurarei ser breve para non acabar moi tarde. A min é a parte que máis me gusta, os plenos, porque sempre é como unha proba ao control do Goberno a ver se o alcalde sabe de todo ou non. Entón imos ver se a pasamos. Camiño do Laranxo. Fixéronse negociacións aí para adquirir a compra dunha parcela, que xa o dixera nun Pleno, dunha tira pequena de 100 metros na parte alta e superior en fronte ao muro que está caído, pero non chegamos acordo, pídennos 8.000 euros por 100 metros cadrados, entón, estamos facendo presupostos para a construción de muro de pedra de Atios, que é como ten que ser, empezando dende abaixo até arriba, porque hai que empezar de novo para chegar, a ver se chegamos a un acordo de facer, esa é unha das propostas; de valorar e facer a media da mellor (...), dende parte do Concello, parte dos formigóns. Fáltanos un presuposto que está pedido por parte de (...), e senón o desbloqueamos así, hai que ir ao contencioso porque como ben sabedes, como ben saben, o arquitecto municipal di que a responsabilidade diso é da formigoneira é non do concello. Entón, haberá acabar co contencioso. Que imos facer? Fixéronse aí todas as xestións. É un tema que é do contencioso, xa o sabemos, que se nos vai eternizar a un ano ou a dous, entón o que si temos previsto aí, fíxose un estudo dunha nova sinalización de tráfico, iso xa tiña que estar e tamén o digo, xa tiña que estar listo hai cousa dunha semana ou case dúas, pero por un problema de saúde do concelleiro, que estivo hospitalizado. Incorporouse esta semana e retomou xa iso. E non é que o diga eu, porque agora saíu aquí, eu xa sabía que ía saír por iso o mandamos facer por urxencia, entre outras cousas, porque é un problema. Estivo xa no lugar, xa está marcada pola sinalización e todo para empezar mañá que é, imos a pórle dobre sentido de circulación, cambiar a sinalización que hai, a



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

dirección prohibida, por un sinal de perigo, estreitamento, limitación de velocidade, un espello para ter visibilidade nese tramo. Facer iso de dobre sentido, sinalizar todo o posible para que ao final non haxa o problema de dobre circulación. Imos ver, está, hai un estudo, onte estívoise marcando, hoxe, mañá a ver como queda e se a espera do último presuposto, falando claro, se o areeiro non asume responsabilidade eu vou dar orde aos Servizos Xurídicos e que presenten un contencioso inmediatamente como se temos que cortar ese tramo por necesidade. Non queda outra. Non hai solución. Temos un problema aí dun terraplén de 20 metros e aí está. Nós non podemos tampouco meternos na finca, porque se non temos autorización xudicial para ir por abaixo e facelo muro, porque non o podemos facer dende arriba, o cal ten que deixarnos acceso e non nos queda máis remedio que pedir auxilio xudicial para afrontar ese problema e eu non quería chegar a iso, non por nada, primeiro porque non é gustoso para o Concello; se hai que facelo faise, pero ademais vai ser unha solución a longo prazo. Entón, sinceramente, sei que teñen razón, oxalá puidera vir o próximo pleno dicindo que xa (...) o do formigón. Nós seguro que estamos até facer a metade, pois, eu, o meu presuposto vai ser de 13.000 euros, entón, (...) que me entregaron o outro día. Si (...). Dende abaixo até arriba. Imos empezar de novo, sacar todos eses bloques de formigón, que non me fío deles, igual montamos un por enriba e ben todo abaixo. Ben feito. Estamos á espera. Si, señor Salgueiro.

Sr. Salgueiro: Unha pregunta só. (...) O tema da prevención vaise facer, o arquitecto é coñecedor de que van a pór en dobre sentido a (...). Hai un informe do arquitecto que di que ese corte (poden catro) en sentido único.

Sr. alcalde: Se o arquitecto municipal coñece a sinalización que se vai pór mañá alí. Eu creo que non.

Sr. Salgueiro: Claro, é que hai un informe do arquitecto municipal que foi quen mandou cortar o vial ou (...) poñelo sentido único, é dicir, vostedes ao mellor van facer unha cousa que está ben; hai un informe do arquitecto que o impide. Ben, ese vial... (...)

Sr. González: Tal e como está a sinalización agora.

Sr. alcalde: Que impide non, que aconsella. Tamén hai un informe da Policía que indica quen ten máis, quen sabe máis ao mellor, o arquitecto, ou o xefe de Policía sobre o (...). Verémolo de tódalas formas, o que se trata é de facer as cousas ben.

Sr. González: Un segundo, alcalde, é que ademais tal e como, tal e como está o tema aí, está nun só sentido, pero baixan vehículos.

Sr. alcalde: ...

Sr. González: Perdón. Dicía que, tal e como está a sinalización agora está nun só sentido, pero co agravante de que baixan vehículos en todos os sentidos, ou sexa, temos mirado varios alí que, e até o alcalde (...).

Sr. Salgueiro: A sinalización está ben colocada, está ben colocada. A sinalización que hai neste momento está ben colocada.

Sr. González: Si, si, pero non a respectan, entón iso é un risco enorme.

Sr. Salgueiro: (...) Había momentos que rompía o sinal de aí.

Sr. González: (...) Entón o que nós queremos facer momentaneamente é darlle prioridade o que ascende por un espello e facer o (...) ben sinalizado e temos informes



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

técnicos da Policía. Non sei se procede o tema do arquitecto, que falarei co secretario entón, e se fai falta pois mañá antes de comezar as obras que están reformuladas como dixo o alcalde, pois tratarei de... (...) Nada máis. Grazas

Sr. alcalde: Grazas, señor concelleiro. Perdón, si, dígame.

Sr. Guitián: Eu non creo que sexa una competencia da Policía Local, refírome a que daquela non estaban (...), o que se trataba de restrinxir o paso cerca (...), diso se trataba e se se cruzaban dous coches, claro, un ía estar no bordo, a sinalización o que pretendía é que non se poña cerca deste bordo, diso se trata.

Sr. González: De acordo.

Sr. Guitián: Que non se poñan dous coches, un máis no bordo, o risco é importante. Ese é o informe do arquitecto, pero realmente o primeiro informe era moito máis restrictivo, era (...), conseguimos, oes, imos ver, conseguimos que paren os coches máis para arriba, da zona de arriba, (...) non era unha consulta do arquitecto ou da Policía, era do Plan de seguridade, (...) se deixes o coche a rente do noiro, a Policía que se poña como queira.

Sr. González: Se mo permite o señor alcalde, explícollo, señor Guitián. Ten toda a razón. Aí o que hai que evitar é que se crucen dous vehículos alí. Entón o que nós pretendemos no sitio máis perigoso agora que non se crucen os vehículos, darlle prioridade o que sobe, xa que o que baixa ten que ceder o paso, e como se chegara ao cruce, tivera que ceder o paso, pero non que se crucen os dous, porque como ben di vostede, hai un risco incluso de derrubamento, total que se vai (...), por suposto, non, entón si que estamos de acordo con iso, pero formulado doutra forma de que como estaba até agora, non é por nada, senón para tratar de mellorar un pouquiño e non deixa de ser un (...) loxicamente porque hai que facer unha obra en condicións e como ben dixo o alcalde, pois entrar en litixio ou como sexa, grazas.

Sr. alcalde: Si, señor Guitián.

Sr. Guitián: O que está dicindo do muro, (...) facer unha, un muro de 22 metros de altura, creo que (...). Voulle dicir unha cousa, a responsabilidade derradeira é súa.

Sr. alcalde: O sei, o sei, pero eu non lle dixen que non estivera calculado, quero saber de canto estamos falando de gastos para poder entrar nunha negociación, sen prexuízo de que despois acordemos facelo a medias e haxa que facer un proxecto e todo o demais, pero claro, se me pregunta a min: de canto estamos falando? A medias, si, pero de canto? Entón digo ben, imos pedir un presuposto porque senón, ao final, non sabemos de canto estamos falando; se de 50.000, se de 8, pero se fala, obviamente, polas características dese muro, eu entendo que, eu non sei, preguntarei, pero vai requirir algún tipo de proxecto e tal pola súa envergadura, pero ben, unha cousa é que cheguemos a un acordo e ao mellor o proxecto... Nós intentaremos que o faga incluso o arquitecto municipal, para aforrar eses cartos, e que non nos cobren... Ben, xa miraremos non. A idea é saber un pouco, eu creo que a pregunta é, eu enténdoa non, que canto valería iso? Hai que valoralo. É como se lle pregunto eu a vostede, ao concelleiro de Obras que estivo aí tamén, Salgueiro: de canto falamos? Canto vale? Entonces si, eu tiña entendido iso, e ademais, tamén polo que falabamos, pois o que me sorprende é que



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

cando me trasladan o presuposto, digo, pois imos pedir un par de eles máis, porque non me parece, eu contaba con iso, 40.000 euros.

Sr. Guitián: Eu creo que un muro de pedra aí non pode ser. (...)

Sr. alcalde: Pois xustamente....

Sr. Guitián: Míreo ben.

Sr. alcalde: Pois xustamente din que ten que ser de pedra, que non pode ser de formigón. Ben, aí eu non me meto porque sei que vostede controla bastante, pero ben, non o sei, se pedra, se formigón. A ver, eu non controlo non. Non teño os coñecementos que debo ter. Preguntaremos. Eu non sei se de pedra, se de formigón, se como sexa, o interesante é que houbera vontade de chegar a un acordo para levar a cabo a obra. Damos por contestada esta pregunta. Si? Si? Ben, mentres o do Grupo Municipal... Seguimos. Acceso ao Concello. Ben, o acceso ao Concello, temos un proxecto, temos un proxecto que nos fixo o arquitecto municipal para levar a cabo un estudo de ampliación das escaleiras exteriores cunha rampla de acceso, pero o estudo que nos fixo o arquitecto, tiñamos pensado meter dentro da liña de subvencións da Deputación que acababan hoxe, tal e como formulaba, tiñamos un problema porque a rampla que facía para que entre dentro da legalidade do 6% de desnivel e tal, se nos vai adiante do portal de (...), entón claro, non podemos invadirlle a entrada de paso. Entón era un dos problemas que se estaba estudando a posibilidade de poder facelo en especie de cancel. Non tan larga, senón en curva, pero iso ao final leva varanda polos lados e serían 4 varandas o cal non encaixaba e tal, pero ben, non acabamos de consensuar moi ben esa idea. Non o podemos meter, porque acababan hoxe, o que si é certo e que van comezar a facer un concurso de ideas aproveitando que agora xa non o podemos meter aí para ver se, porque hai opinións encontradas e outro arquitecto ten outra idea, o Pablo Muíños, o outro, entón un pouco... Pois mire, facer un concurso de ideas e a ver que solución lle atopan a iso e aproveitar incluso para facer unha, un acceso a todo o edificio, que fagan xa un proxecto de accesibilidade para todos os andares, co posibilidade dun ascensor, e todo iso. Estamos xustamente, estamos nesa fase porque non nos puido, porque non puido entrar nesa liña que acababa hoxe porque non tiña claro, non podíamos invadir unha entrada dunha familia e non nos daba tempo a modificar. Transporte metropolitano e tamén contesto á pregunta da señora Durán e ao señor Gómez. Ben, me preguntan polo transporte metropolitano pero eu creo que disociar o que é o transporte metropolitano e o Plan de Transporte da Xunta. O Plan de Transporte da Xunta é o que está en vigor agora mesmo, que están todos os concellos nel, menos Vigo e Gondomar que non entrou. O Plan de Transporte Metropolitano é un plan de transporte que se fará no momento en que entre en funcionamento a área metropolitana que xa é outro tema. Entra Vigo, o transporte urbano, etc., entón, se me preguntan polo Plan de Transporte da Xunta, eu as xuntanzas que tiven coa concelleira, coa directora xeral, e demais sobre este tema, con MelyTour, con ATSA, e con todos eles, non hai maneira de poñelos de acordo, a MelyTour e a ATSA, non quería estenderme agora do que pide un, do que pide o outro, e a conselleira e a directora xeral, neste sentido, pois non están moito polo labor agora mesmo, sentalos, porque xa o fixo, intentar chegar a un acordo, entón, como a concesión que teñen, quédanlle 4 anos como máximo e como, se entra o plan de



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

transporte metropolitano, tense que modificar todo iso... Pois nesa fase estamos. Na última reunión de alcaldes co vicepresidente da Xunta e coa conselleira adoptouse un acordo de que, cando se aprobara a área metropolitana de Vigo, cando se aprobara a lei tiña que estar dentro do Plan de Transporte da Xunta o concello de Vigo e Gondomar. Vigo e Gondomar, vinculada a nós, a ter que entrar, senón a área metropolitana non se levaba ao Parlamento. Entón eu aí intervín e díxenlle ao vicepresidente: Non pode facer iso porque eu non lle podo garantir que o meu Concello que vaíamos poder aprobar o plan de transportes porque non teño maioría absoluta, entón pode pasar que non mo aproben. Entón se Gondomar non entra, non se aproba a Lei. Polo tanto, teño a todos os concellos limítrofes, que van ser 14, pendentes de Gondomar, entón decidiuse quitar Gondomar e meter só Vigo porque dependía deles. Entón Gondomar non entrou nese acordo que asinamos. Gondomar queda, pode entrar, non pode entrar, non é condición sine qua non para entrar, para aprobar a lei. O problema tamén era Vigo, non era Gondomar. Xa todos o sabemos. E ben, temos o compromiso do alcalde de Vigo de que se vai entrar no transporte metropolitano antes da lei ser aprobada. Nós quedamos aí, na espera da aprobación da lei, que por certo, quedaban pendentes de modificar, modificar uns artigos, eh? Pasarnos un borrador definitivo, presentalo polas corporacións, todo, para, e traelo aquí. Que é unha potestade plenaria. Entra na área metropolitana quen quere entrar. E cada un asume as competencias que queira asumir, entón iso xa está. Entón estamos esperando a que a vicepresidencia en calquera momento diga: *ahí os va*, e listo. Está nas mans da Xunta. Á disposición da Xunta é total e un pouco os atrancos que había era Vigo, Vigo, Xunta, os dous grandes, dentro do que é a escena política, pero solventouse. Está. Ademais podo dicirvos que imos da man sen entrar en tema de cores políticas, eh? Nese sentido moi ben. Sobre a rede social. Tema: "augas de Vilaza". Si, eu colguei na rede social miña, e incluso no voceiro do alcalde, unha xuntanza que tiña o alcalde, non eu particularmente, senón o alcalde cos veciños de Vilaza para explicarlle como estaba a situación da municipalización da auga de (...) de Vilaza e aí díxolles, resumo brevemente. Cando cheguei eu ao Concello, ao Goberno, había un expediente e había unha resolución da Alcaldía, municipalizando a auga de Vilaza para que pasara ao Concello. Non quería redundar moito nisto porque é un pouco así... Eu cando queira explícollo, non vou discutir de cargas e gravames, de uso e goce, (...), pero en grandes trazos o alcalde anterior, por resolución, municipalizou augas de Vilaza. Había aí un informe do secretario municipal, quen non era de todo favorable, e o arquitecto tamén matizaba un par de temas e cando chegamos ao Goberno, outro informe do secretario municipal advertíanos de que esa resolución era nula de pleno dereito porque o alcalde non tiña a potestade para municipalizar a auga, senón que era unha competencia do Pleno e que deberíamos, dalgunha maneira, ser conscientes diso, e decidimos na Xunta de Goberno, onde, naquel momento estaba composta por 10 concelleiros de facer a revisión de oficio e mandala ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia para que ditaminara sobre a legalidade ou non da resolución. Unha vez emitido ditame do Consello Consultivo, chegou, non me lembro, hai 15 días ou así, que ditaminaba nula de pleno dereito a resolución da Alcaldía porque a potestade é do Pleno porque se fose unha cesión por menos de 4 anos podía facelo o alcalde. Se houbera unha



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

cesión (...) pois é unha competencia do Pleno. E entón, eu informei á directiva de Augas para dicirlle: temos este problema. Hai que dar marcha atrás. Hai que empezar de novo. É un acto nulo. Non é un acto anulable, polo tanto hai que empezar de cero. Aproveitar o traballo de campo que hai e tirar para adiante. O que si, nesas reunións tamén me acompañou Pauliño del Río como concelleiro de Economía e Facenda onde incluso tiñamos un problema, de a quen lles pasaba as costas, se ao Concello, se aos de Vilaza e nos decidimos, ben, o que era o acertado, que non lle podían pasar ao Concello nada porque non había resolución. Non había nada. Non vou explicar agora o da débeda e todo. Pero ben, o ditame é dicindo que hai que empezar, se a vontade política, empezar, hai que empezar de cero. Sen prexuízo de que se poida aproveitar algún traballo de campo do que hai. Polo tanto, non temos municipalización da rede de Augas de Vilaza nin temos traídas de augas porque o disolveron, nin pode pasar recibos de momento porque non. E iso é un problema entre eles, Comunidade de Augas e Espenia e Delfin. O Concello non ten nada que ver con iso. O Concello non colleu o servizo. Eu tamén lle dixen, e tamén llo fixemos saber no seu momento, que nós non estabamos (...) das rodas e que iamos actuar baixo o principio de legalidade e a vontade da última xuntanza cos veciños e coa, é dicir, coa directiva que está disolta, non se sabe moi ben, me comprometéin a retomar ese expediente, a levalo a cabo e a facer a municipalización de Augas de Vilaza ben feita e traela a Pleno, se procede, e para a súa aprobación e retomalo e nada máis. E nesa fase estamos. Dende ese día que tivemos a xuntanza a data de hoxe, o expediente alí está, a verdade. Teño que dicilo, non din nada máis, pero si que, que se subvención; unha cousa, outra, (...) pero si que imos, a vontade é volver a retomalo e tirar para diante para facer as cousas, de municipalizar a Auga de Vilaza, ben, esa é un pouco a cousa. Sobre o tanque de tormentas, señor Gómez e señora Durán, déixeme esta pregunta para o concelleiro. Non por esquivala eu, porque ten máis datos e déixolla para o final. Señora Fernández, os peóns, o 1 de marzo que entraron da Deputación pola subvención. Entrou un tractorista, entraron 3 peóns forestais e 15 peóns de obra pública. Entre eses 19, entraron 3 mulleres. Non temos, non temos, non somos quen para estipular homes, mulleres, o listaxe de admitidos e seleccionados o manda o INEM, nunha selección aleatoria informática, segundo uns códigos, a nós chégannos máis ou menos entre 3, 5 persoas de cada posto a cubrir, viña cento e algo. Fanlle a entrevista e a parte obxectiva de méritos, un baremo que hai, dende o punto de vista social. Despois fixéronselle as probas teórico-práctico segundo procedía e quen pasou, pasou, e non hai ningunha, non se pode facer nada polo tema de ser home ou muller. Queda o que queda. Sei que hai 3 mulleres. Están traballando dende o día 1 que entraron e isto dá un remanente tamén e un balón de osíxeno para traballar porque estabamos con 4 persoas en Vías e Obras escasamente. Sobre o Rexistro de Entrada, eu agora non lle sei dicir cantas entradas hai, nin saídas, pero o que si lle digo é que o Rexistro de Entrada é a parte máis obxectiva e controlada dunha administración. Todo o que entra se rexistra, leva un número, e todo o que sae tamén, ben, case sempre. Nalgúns casos houbo algunha resolución que non saíu como Rexistro de Entrada como debería, pero ben, ese é outro tema, pero a entrada e a saída queda rexistrada. As peticións que se fan; moitas delas xa van directamente ao responsable de área, dende



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Secretaría ou así, outras acaban na mesa do alcalde, e as que veñen á mesa do alcalde pois, eu trasládollas (...) ao departamento responsable e podo dicirlle que si é certo, que se agora imos mirar temos 70 puntos de luz solicitados, e non sei cantos camiños, cunetas, espellos, todo con este temporal, árbores e imos sacando o que podemos, coa xente que hai, e seleccionando cada concelleiro. Aí teñen, tamén cada un é arbitrario para facer o seu traballo. Eu non os vou estar a controlar. Sobre algo concreto pode preguntarme, pero non sei, non sei exactamente pero podo dicirlle que está o secretario municipal que o Rexistro é unha cousa moi seria e (...) pouco, pero as contestacións, si, moitas veces é un defecto da administración non dar a basto a contestar, pero non hai esa obriga, non? Estar contestando a todas as peticións, aínda que soe mal dicilo, hai que solventalas; pero somos os que somos. Eu espero que con estes peóns e calquera que estivo nese Departamento sábeo, temos unha carencia de medios humanos e técnicos incluso, (...) a escavadora agora está estragada, o tractor ten un brazo non homologado e non pode saír á rúa, un Patrol xa non anda, e ao final é o que hai. Ben, colexio de Vincios, tamén para ser rápido, pero son temas importantes. Hai que prestarlles atención. O colexio de Vincios, eu a primeira vez, fun a tódolos Consellos que puideron ir como alcalde. Debo ser dos poucos que pasou polos Consellos Escolares. Cando cheguei aí me dixeron sempre que había un proxecto feito, e todo feito da anterior concelleira. Eu podo dicirlle que non hai nada. Non é por sacarlle as cores. Non. Hai un borrador, unha idea, un bosquejo. Non hai un proxecto. O cal hai proxectos de moitos tipos, aí non hai. Entón me dicían de que querían baixar ao portal, pór un portal automático, facer unha explanada, unha zona de aparcamento, unha beirarrúa por un lado, cuberta con chapa, e todo iso, e cando falamos pois un pouco co arquitecto, díxonos: teño que facer un proxecto. Entón facer un proxecto, si, pero tamén hai que facer un proxecto e ter investimento, iso se nos disparaba. E despois tamén había a discusión de se o tiñamos que facelo nós ou se o ten que facer a Xunta, porque claro, Intervención tampouco nos deixa facer unha inversión desta maneira, recordemos que en Donas están facendo o aparcamento novo, un proxecto moi chulo, que queda moi ben. É un proxecto do anterior goberno do PP, non é noso. É cuestión deles. Nós só cubrimos o que tiñamos que facer, que tamén é moito, que era darlle para adiante e non amolalo traballo dos demais, que tamén é duro. Pero é un traballo deles. O de Peiteiros, salto así un pouco (...), o de Peiteiros tamén, cando nós chegamos había un traballo feito por parte do Goberno anterior, unha certa comunicación con Montes para unha cesión da Deputación, o que pasa é que cando non fixeran nada. Falamos co enxeñeiro, Juan (...), e estivemos alí, e dixo que era un compromiso do anterior Goberno que tiña con eles de facer o proxecto, que o mantíña, entón eu engadinlle ademais o estudo da rede semaforica, que tamén algo se falara, non? Para accionar cun botón e tamén está con iso, e hai un compromiso coa Deputación, pero claro, si que é certo, chámame e: como vai o de Peiteiros? *Si, ya está e...* E cando tes das conta vai pasando. O de Vincios, eu falei coa Deputación para facer un proxecto e me dixeron que si, pero aínda non me entregaron o de Peiteiros, como para ter o de Vincios nun mes. Entón falando co director e todo iso, eu o que dixen é, ben, ti faimo un borrador do que queres. Dime a idea, pero eu quero que veña consensuada coa ANPA, a ANPA é a Asociación de Nais e



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Pais de Gondomar, e eu voulle facer máis caso case á ANPA que ao director. Eu quero que a ANPA estea da man de todo isto. Entón decidiron que a ANPA e a Comunidade Educativa de facer, unha idea de traer o portal dende arriba abaixo, facer unha zona de aparcamento, asfaltar iso, quitar algunhas árbores, unha zona de xardín, pór un porteiro electrónico, unha beirarrúa por outro lado, cuberta de chapa para que os nenos non se mollaran e todo iso. Requiría un proxecto. A Deputación comprometeuse a elo, cando estivo aquí a presidenta ademais volvemos a recalcarlo e dixo que si. Estou esperando a que veñan facelo, pero ao mesmo tempo tamén temos o problema de: a canto se vai iso? Ben, eu o que lle dixen a eles vinte veces. Díxenlle: nós o que non podemos facer é que con recursos propios do Concello, operarios e tal, baixar ao portal, pór unhas columnas, baixar ao portal, valorar a ver se podemos un motor a ese, ou meter un portal novo, pór un telefonillo para que soe e o conserxe poida abrir, pois ao mellor por un videoporteiro igual nos sube, ou a ver, porque un videoporteiro son 1.000 euros, o portal igual son 3, as columnas son tal, xa nos imos a 10 ou, e xa habería problemas. Dentro do que poidamos, facémolo. Iso me comprometo, e me comprometo ademais así que veñan os operarios da Deputación, que de principio ían entrar o 1 de xaneiro e despois, xaneiro, febreiro e cando te dás conta é marzo. E niso. Non lle valía. Decidiron un deles cerrar, eu aí xa non me meto. Como alcalde digo, se a ANPA está de acordo, o director está de acordo e decidiron cerrar, e nós: que imos prohibilo? Entón, ben, non hai ningún problema, *“todo va bien, hablamos con la gente”* Ben, pois oe, facelo así, e nós tan pronto poidamos, proxecto e tal, pero díxenlle claramente ao director: Se me pide que lle diga agora cando vai a estar (...), pero eu dígolle de antemán que para este curso académico o miro moi difícil, antes de maio, se lle digo que si, minto. Eu prefiro dicirlle que non. E entón, para acabar, o concelleiro ten estado alí, estiveron comigo xente da ANPA, máis afectados, o director viu polo Concello. Fixemos de mediadores aí, intentamos, ben... E onte concretamente o concelleiro unha vez que, tivemos que suspender o Consello Escolar o martes pasado porque estaba hospitalizado e eu non podía ir. Suspendérono e nada máis que se incorporou foi falar co director quen lle propuxo isto: “Mira, por que non buscamos unha solución cos operarios do Concello e baixamos ao portal e miramos a posibilidade de pór un novo, asfaltamos aí un pouco e metemos a pala”. Todo traballo do Concello e man de obra, e pouco investimos, e despois traballamos sobre un proxecto e un compromiso novo, noso, e imos facer algo pero aí xa non sabemos se en maio, se en xuño, pero en principio pois levamos o portal para abaixo, os pais entran. Todo iso. E díxonos que lle parecía ben. Esa é a proposta que lle demos, pero agora como se denunciaron uns a outros, Garda Civil. O outro día a Policía tivo que ir alí porque un chaval quedouse, un pai diante do autobús; non lle deixaba saír. Case acaba detido. Pero claro, é un tema que nós como Concello estamos un pouco... Eu non lle podo dicir ao director: Abra as portas ou cerre, ou... (...). Ben, chegamos hoxe concretamente tivemos, onte Juan, Juan González, quedaron con iso. Eu chamei ao director. Baixounos á 1.30 e fixemos dalgunha maneira o que (...). Lle pareceu ben. A nós tamén. Vai trasladarlllo ao Consello do cole o martes. O martes hai Consello. Juan non pode ir porque polas tardes non, que lle colle moito frío. Irei eu ou quen sexa. Eu espero que digan que si e eu mesmo prometín a facer esas obras en



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Semana Santa cando o colexio peche. (...) Baixamos un pouco as columnas, baixamos o portal. Metemos aí os operarios agora que os temos e sacamos iso e así que veña a Deputación e se non vén a Deputación nos gastaremos cartos nun proxecto ou tal, pero eu quería acabar Donas, quería empezar Peitieiros, quería Vincios, e Chano Piñeiro, pero é o que hai. Non. E despois claro, non é iso, senón máis cousas. Ben, señor Guitián dígame.

Sr. Guitián: (...) No plan anterior da (...) decidimos gastar, ou facer, (...) de Donas, (...). Nós que pedimos tamén na Xunta, que xa (...) e fixeron o comedor do colexio de Peitieiros. O que vostedes din que de Peitieiros á zona da parada de buses era un acordo verbal que tiñamos (...) pero nós a terceira actuación que queríamos facer e era o compromiso que tiñamos, tampouco está escrita. Era un compromiso verbal, é dicir, que nos pareceu o máis urxente e quizais máis caro e o que nos parecía máis doado efectivamente era o de Vincios. E a idea e o compromiso que adquiridos. Daquela non estaba de concelleira (...), quen estaba facendo as labores de concelleira de (...) e (...) de Obras da Deputación non había maneira de facelo, tal e como o está dicindo agora vostede, foi o compromiso que tiñamos, (...) co diñeiro da Deputación ou (...) axuda que a Xunta fixera o comedor, o outro de Peitieiros (...) estaba tamén. Estaba para facelo así, pero nós igual, igual, (...) algunha axuda (...) pero o resto, a idea era facelo nós, porque nos pareceu doado e nos pareceu (...) Iso era o compromiso que tiñamos nós.

Sr. alcalde: Pois iso, a nós dixéronnos (...) que nos pedían algo máis. Ben, é normal. Eles teñen que pedir e nós eramos novos. Chegan e a ver se a estes lle enchufamos a obra. A min pareceume lícito, pero eu a esta me garantía, porque me podía comprometer cos operarios do Concello, un pouco de material e tal. Do proxecto este, non, porque ademais, chegamos e do verán as partidas estaban como estaban e tampouco había (...) deste orzamento. Non lle podía dicir outra cousa. É que non. Seguindo coa señora Fernández da limpeza de fontes e lavadoiros. Agora aproveitando a brigada. Temos que empezar a recuperar. Eu xa falaba coa concelleira. Falámolo. Está, si que é certo que está todo mal. Tivemos un parón de 3 ou 4 meses, dende que marcharon os últimos. Vincios é un clama o ceo. O preparado de losetas da beirarrúa e a limpeza das cunetas estas, da calzada, imos facelo xa. Limpeza de marquesiñas, lavadoiros. Hai que meter a brigada, o que pasa, é que tamén, con estas inundacións, as choivas e tal, caeron valados, atascan cunetas. Si, pero este ano, este ano non digo que fose (...). Ben, si é certo, é certo. Ao mellor ten razón, pero tomo nota cando veña outro detrás e dicirle o mesmo. Pero é así, non? Hai que estar, hai que estar no tema para saber. Nós xa o sabiamos pero non llo dicíamos. Contestándolle ao señor Villar, tomo nota do contacto este da web polo correo electrónico. A verdade é que non sei... Preguntábame tamén polo tanque de tormentas. Despois doulle a palabra ao concelleiro que está máis ao tanto disto. Pauliño del Río preguntábame "obra de beirarrúas en Emigrante". Iso está. Eu sei que a palabra ou a frase "está" en política é sabe Deus cando. Non, neste caso está. Falta o plan de seguridade e van empezar xa a facer as dúas empresas, porque hai dúas empresas e tardouse un pouco porque houbo un modificado de proxecto. O anterior Goberno tiña un viario, pero tiña unha zona de carga e descarga, que collía a dous ou tres coches diante da de Peñisco, entón a nós iso non nos gustaba porque tiña unha beirarrúa de dous metros cortada, viñan tres coches para carga e descarga e empezaba outra vez a beirarrúa, o cal, cando eu mirei iso dicía: pero se hai que baixar á calzada para bordear os coches e volver a coller. Non nos gustaba. Estaba pensado ademais para dar servizo aos establecementos da zona e tal e quitámolo. Houbo que facer un modificado e fíxose. Viu aceptado e está todo co plan de seguridade e queda exactamente igual. Creo que se quita unha farola. Había que sacar dalgún sitio para pagar o modificado. Entón separamos un pouco as farolas, creo. Medio metro cada unha e aforramos 3.000 euros. Se non me equivoco. Pero iso é xusto e legal. Niso. Imos empezar agora, Pauliño. O da Garda Civil, Eduardo Iglesias, esa... Ese é un proxecto tamén que quede claro do señor Guitián, dese



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Goberno, o da rúa Emigrante, pero ben, non, non... Os nosos comezan agora. Pero, (...) depende, fixémoslo nós, que fixemos o modificado. Da Garda Civil, a subida Eduardo Iglesias. Aí tamén, o PP, o Goberno anterior tiña tamén un proxecto de facer unha beirarrúa de dous metros continuando Eduardo Iglesias até o cuartel da garda civil. Tivemos que facer un modificado porque estradas, tráfico, non nos deixaba facer a rúa, a beirarrúa de dous metros porque eles, como non había interurbana, teñen unhas medidas de seguridade entre o carril de circulación e a beirarrúa, hai unha zona como un pequeno arcén de seguridade para que cando pasen os camións, o espello non lle dera na cabeza, na espalda, ou non lle pegue aos peóns, entón, tivemos que, non nos deixan facer a beirarrúa tan ancha. Tivemos que facer un modificado e onde tiñamos verdadeiramente problemas era chegar onde están as rodas que aí estreita moito, no último tramo e había que reformular ese muro e todo o demais, e entón chega até aí. O outro queda igual de estreito, ese pedaciño de muro. E se está negociando xa que (...), de mover a marquesiña, que (...) un pouco aquel valado que cae para aproveitar facer todo iso. Vai quedar ben. É un proxecto chulo seu, pero que me vai vir moi ben a min. Señor Guitián, a verdade é que hai que recoñecer xa estamos no final que aínda tiñan unha boa (...). Actualización das taxas e ordenanzas. Taxas e ordenanzas eu aquí a verdade teño que, aquí fago, fixen "auga". Isto, eh? Si, si, claro, tiña, a publicación, dou por feito que sabía de que estaba Pauliño falando. Taxas, ordenanzas, publicación da páxina. Isto, había un concelleiro, como vostedes saben, que era o que levaba a parte da web e todo iso, Participación Cidadá. Agora xa non está, e ben, eu non sei, a verdade mirareino mañá como está iso. Estaba nas súas mans. Agora o novo concelleiro non sei como faremos co reparto de áreas, pero en principio será un tema que ao mellor que asumirá el de contratos (...).

Sr. Del Río: Rebaixarase máis o soldo entón.

Sr. alcalde: Eu...

Sr. Del Río: Outro motivo máis... Ten que traer outra proposta no próximo Pleno, señor Ferreira. Non siga falando porque vai deber cartos.

Sr. alcalde: Señor Pauliño, eu son unha persoa, eu son unha persoa sincera. Teño que recoñecer que dende marchou vostede do meu lado o Goberno non é igual. Pero tamén lle digo, eh? As cousas non son como empezan. Eu sei que acabará volvendo.

Sr. Del Río: Si...

Sr. alcalde: Sobre o centro de saúde, o novo centro de saúde. Ben, a empresa deu en quebra. Eu falei. Non. Deu en quebra. Xa levamos tempo con isto. Non é nada novo. Eu falei... A última vez que falei co conselleiro de Sanidade que ademais é da zona. Foi a gala do deporte hai cousa dunha semana e media ou así. El me confesaba, que ben, xa lle gustaría a el ter o centro de saúde de Gondomar. Son os primeiros interesados, pero que está na contratación e fixeron todo o posible para que a empresa aguantase e que están coa contratación e así que, fagan esa contratación, que serán o que o dirán, que se compromete a vir a Gondomar, a facer unha visita a (...) obra e mirar as obras e ademais nós mandámoslle un escrito dende a alcaldía advertíndolle e preguntándolle como estaba iso. Cando ía empezar, cando tiñan previsto acabar e incluso lle faciamos unha advertencia que (...) se realmente o centro de saúde é inundable ou non porque temos as nosas dúbidas de que coas enchentes se inundan porque cando verdadeiramente aquilo, ou levanta moito ou (...), que o tiveran en conta. Esperemos que en breve nos chamen e nos digan; senón estaremos a tempo. Dos roubos de Gondomar, o que eu si sei é que hai cousa de mes e medio. Eu non sei se aínda vostede estaba con nós ou non.

Sr. Del Río: Xa estabamos liberados.

Sr. alcalde: Xa estaban liberados. Pois entonces, aquí foi cando subiu o (...). Bromas aparte. (...) As xustas, como vostede di. A verdade é que retiro iso porque non é o lugar nin o momento. Non mo tome a mal. Houbo varios... Eu sei que houbo nun fin de semana 13 roubos no interior de vehículos en garaxes. Xa se avisou á Garda Civil, montouse o protocolo de actuación. Si, 13 vehículos. Estrada de Donas. Outra obra do señor Guitián. Estrada de Donas, señor Pauliño. Está. Está só pendente do plan de seguridade. (...) En breve. En breve.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Adxudicada e tal. (...) Iso, eu calculo... Quince días. Máis ben, vostedes saben mellor cá min como vai isto e que ás veces falta un papel, (...) outros 5 días porque quedou algo atrás. Niso estamos, pero se vai facer. Outra obra do anterior Goberno. (...) Portavedra, parques infantís. Parques infantís. Agora que temos a brigada dos tres peóns forestais, a idea é poñelos a desbrozar e o tractor por outro lado. É unha das primeiras cousas que queremos. Parques infantís, darlles un repaso. Desbrozalos. Limpalos. Mirar como están de mantemento. Vernizalos. Darlle algo. Adecentalos cara agora o inverno. Os peóns empezaron o día 1. O día 2 foron ao médico. Non. Fixeron un concurso. O día 3 foron facer as probas médicas, a roupa... Empezará realmente mañá ou o luns. Entón até aí... Pero si que o imos facer, por suposto. De tódalas maneiras se sabe dalgún en concreto, e nolo fai chegar, pois moi ben. Do camiño de Jaime, de Luís, da Portavedra, señor Pauliño, da canteira, eu a verdade non lle vou mentir. Non sei nin quen é Jaime, nin Luís, nin... Non llo digo con ironía, non o sei en serio... Quen é... En serio, pero tomo nota a ver... Sabe algo a concelleira? Non. Vale. Tema Vincios, colexio... Xa o expliquei antes. A ver, eu isto espero que o martes da ANPA lle dean luz verde os da ANPA, perdón, do Consello da ANPA e poñernos a traballar xa en Semana Santa. Ese é o compromiso que temos co director hoxe. Proxecto remitido ao concello do peche, señor Pauliño, me pedía, non, era...

Sr. Del Río: Dá igual. Imos ver, vostede cando se reuniu no Consello Escolar e pediu que quería un proxecto destes arranxos consensuado pola ANPA e polos profes. Eles o fixeron, os pais, fixeron un proxecto o 11 do 11 de 2015, hai arredor de 3 meses e témolo no rexistro do concello.

Sr. alcalde: Non, pero non era un proxecto o que lle pedimos. Eu como fun e como me deron unha serie de cousas para facer. Eu díxenlle: facédeme unha relación de todo o que queres e presentades no concello e miramos. Entón pedían un falso teito dunha aula. Pintar un colexio. Non hai ningún proxecto.

Sr. Del Río: Non estamos do mesmo, señor alcalde.

Sr. alcalde: Non. Pois non coñezo ese proxecto.

Sra. Durán: (...)

Sr. alcalde: Vale, pois, eu sinceramente a min non me chegou... Ao igual (...).

Sra. Durán: (...)

Sr. alcalde: Eu o que me chegou foi de dividir armarios, pór unhas corcheiras, e todo iso se lle foi facendo. Aínda o outro día, 400 euros en dividir armarios, pór corcheiras.

Sr. Del Río: Non estará falando vostede do colexio da GRUPAL e non do de Serra-Vincios.

Sr. alcalde: Non, estou falando do de Serra-Vincios. Todo iso se lle fixo ao director e, pero no proxecto non, pero tamén lle digo. Igual chegou o proxecto e moitas veces non mo pasan a min. Pásano a urbanismo. Miran proxecto. Eu non o mirei. Non, non...

Sr. Del Río: Imos ver, señor alcalde, eu llo vou pasar para que mire un proxecto...

Sr. alcalde: Non, non...

Sr. Del Río: Que siga vostede... E rexistrárono no rexistro do concello...

Sr. alcalde: Si, si...

Sr. Del Río: Dirá o que queira vostede... A ver, despois di que o rexistro é a cousa máis regulada que existe na súa administración municipal.

Sr. alcalde: Non, a ver... Tampouco... Que o rexistro funcione e que sexa, vostede sabe de sobra Pauliño como funciona isto. Unha vez que entra por rexistro algo vai...

Sr. Del Río: Vostede quere dicir aquí neste pleno... (...)

Sr. alcalde: Si

Sr. Del Río: Claro, si ou non, que se o recibiu.

Sr. alcalde: Que non o recibín. Se o recibira porque ía dicir que non. Diríalle si, pois, poríalle unha escusa ou buscaríame a vida para dicir algo, eu que sei... pero lle estou dicindo que non, que non o recibín. Non o mirei. É máis, a min non me chegou. Chegoume unha relación de cousas, ademais teño unha carpeta con cada colexio de todo o que me chega, métoo e



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

mirei unha cortacésped, deshumificadores agora para os (...), para cada tal. Temos. Iso non me chegou.

Sr. González: (...) feito por... (...).

Sr. Del Río: (...) poñía proxecto feito...

Sr. alcalde: Pero era unha folla?

Sr. Del Río: E está informado incluso ao Consello Escolar, ao Consello Escolar. Hai unha arca onde foi un representante do goberno municipal. Non quero mentir. Déixeme... Hai un Consello Escolar o día 10 de novembro, correcto? De 2015. O día anterior a que metera ese proxecto por rexistro, correcto? Onde se di, eh? Exactamente: o proxecto é aprobado por unanimidade. Queremos unha reposta antes do Nadal. En caso contrario, a partir de xaneiro non se permitirá a entrada ao recinto escolar de (...).

Sr. alcalde: Mire, iso téño. Iso téño eu.

Sr. Del Río: Pois aquí está falando deste proxecto e hai un membro do seu goberno presente neste Consello Escolar. O día anterior, o día seguinte da celebración deste Consello, unha vez aprobado, que era o que quería vostede, o levaron ao concello e o remitiron, e meteron o proxecto por rexistro e aquí está a primeira folla que acabo que lle acabo de (...). Falta un plano A3 con todo (...), de cómo está agora e de cómo querían o tema.

Sr. alcalde: Mire, señor Pauliño. Eu o único mapiña diso que, non sei se chamarlle proxecto ou como, que é unha folla, un folio, cun debuxo... Nolo deixou a nós nunha reunión os pais, uns pais que viñeron, 4 pais que viñan, que estaban en contra da ANPA, por certo, e nolo deixaron un papel, así na mesa e... A ver, eu... Que non, que de tódalas formas, a ver... Mirarémolo... Eu, o que si que é certo e que isto está. Imos empezar con iso. O dos colexios rurais (...), mire,

Sr. Del Río: (...) Ese plano... (...)

Sr. alcalde: (...) señor Guitián, a min mo dan catro pais que veñen.

Sr. Guitián: (...) o único que facían era solucionar o problema da entrada e da descarga dos nenos que é do que se trata, é dicir, un circuíto para os coches, para que os nenos baixaron e seguiran a rota, que é do que se trata, é dicir, como un tramo, en debuxo, chegue e ver o que hai que facer, e se a maneira de facelo, coa brigada de obra de educación, unha vez (...), veñen aí e pechan o portelo, sen máis, porque soluciona, que é do que é ese plan. O proxecto do circuíto. (...) ou unha zona cuberta para que os nenos baixen e quedan na cuberta. Ben, ao mellor para iso, non sei, (...) non sei polo tema (...). Nun principio un debuxo (...) do que ten que facer.

Sr. alcalde: Ben, ben, ben... un debuxo, perfecto... Eu xa lle dixen que como trouxeron catro pais que viñan a unha xuntanza comigo protestando, reivindicando e dicindo que eles non estaban de acordo co que estaba facendo a ANPA, e o director, e me deixaron ese papel. De feito, (...), eu non o teño, pero imos, xa sei que dicir que non o teño non me vale porque teño que telo, (...), porque son o alcalde, pero ben, asúmoo e míroo. De tódolos xeitos, hoxe acordamos iso, de facelo, que xa o puidemos facer hai meses, porque foi a proposta que se lles dixo, (...), asfaltar, non queremos arriba. Agora ao final como iso está como está. Entran de noite no colexio, quitáronlle as rodas, aquel paseo que fixeron, de denuncias cruzadas. Se vai facer. A min xa me gustaría facelo antes. Señor Pauliño, para rematar o tema dos colexios. O dos agrupados. Imos ver, o dos agrupados, volvemos ao de sempre, eu cada vez que a ANPA queren falar co alcalde, eu recíboos, cada vez que vén unha directora e, máis, até teño un grupo de WhatsApp con eles (...). Non teño ningunha constancia de que me pidan nada. O único que me chegou dos colexios agrupados o outro día foi pedindo un deshumificador para colexio pola humidade, e pedindo un conserxe que lle pasei ao concelleiro contra a reivindicación que estaba aí.

Sr. Del Río: En contra da reivindicación que está aí, coa galiña azul.

Sr. alcalde: A ver

Sr. Del Río: Coa galiña azul.

Sr. alcalde: Ben.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. Del Río: Que se comparte... Ese é unha historia puntual. Nada ten que ver neste momento que dende hai cando menos dous meses, a brigada de educación non existe.

Sr. alcalde: Imos ver.

Sr. Del Río: Só en casos de urxencia.

Sr. alcalde: A brigada de educación estaba composta por unha persoa. Por unha soa. Só hai un brigada de educación.

Sr. Del Río: E se aínda por riba está por aí.

Sr. alcalde: Ben, eu, a ver, eu o do colexio de Chaín, hai contacto con eles, falamos e tal. Colexio de Vilaza, por exemplo, eu estiven alí, pintamos, metemos un baño novo. Onde estaba a ludoteca, ese espazo que non se usaba, habilitóuselle para eles para cando chove, que non teñen que saír ao patio e mollarse. En Vilaza. En Peititeiros se fixo a reforma do tellado, houbo que facer un modificado porque non se axustaba. Meteuse a parte do alerón que non aparecía. Pintamos e tal. O que pediron. Couto, se reformou o tellado e demais, que (...), se fixo toda a obra que había que facer alí. En Morgadáns, igual. Vilaza. Ou sexa, agora que piden deshumificador cada un, pois poden ser 300 euros, que son 6, hai que valorar se temos 1.500 euros para... Iso chegou hai... Onte, antonte, o concelleiro o ten, agora o mirará.

Sr. González: Chaín pide unha (...) para que non entre (...). Estiven coa directora (...)

Sr. alcalde: O frío, a calefacción, a min non me chegou ningunha noticia. O último problema que houbo co frío foi unha tarde que fallou a calefacción do conservatorio e se arranxou. Houbo un problema da calefacción da liña azul, complicado. Tiveron que vir varios técnicos e que non era capaz de funcionar. Está. É que... eu, imos, que eu saiba, estamos...

Sr. Del Río: Vale, señor alcalde, eu non teño por que, fale, negar (...) metéronme nesta (...) vostede o que está contando hoxe aquí me resulta certamente bastante increíble. En todo caso, eu voume a comprometer a que mañá ou o luns lle vou meter por rexistro, o rexistro espero que desta vez chegue, eh? Todos os amaños que hai que facer, as reivindicacións que hai de mantemento, tanto, do mantemento como das pequenas reparacións, como mover un inmovible, porque se non ese moble, non é que non poidas mover, é que hai unha serie despois de actividades que non as podes facer, correcto? Etc., etc., como de mover unha serie, como a terra, por exemplo, quérena remover para non sei para que, como unha cadea dun baño. Vostede descoñece iso para que despois poida actuar como queira, lle pasarei por rexistro todo isto.

Sr. alcalde: Imos ver, señor Pauliño.

Sr. Del Río: Polo menos para que teña coñecemento.

Sr. alcalde: Que si, é que estamos xa, eu creo que xa son as horas. Mire, eu se quere que os da (...) canalicen todas as reivindicacións a través do concelleiro Pauliño del Río, alá eles. Non, non... eu o que lle digo a todos os directores, que estou con eles. Dígolle que teño un grupo até... hai unha persoa que está en Educación, cunha brigada, eu se me entero que a directora dun colexio chama a Educación e non lle fai caso e mo din; eu son o primeiro en chamar a Educación e dicirlle: que pasa con isto? Pero a min non me chega nada. Teñen un conserxe todos os colexios. Claro, a ver, eu se piden, como que... Non, aí hai un concelleiro ademais que falará con eles e imos, a min non me chega... Eu cando (...), levanto directamente iso; me chamaron por teléfono cada dous. Mire aí hai este problema. Me chamaban: non hai papel hixiénico. Hoxe a comida chegou un grao máis frío. Ben, hai unha praga. Como onte en Peititeiros, que lle dicía ao concelleiro de que tiña unha praga, de que? Dáme datos. Unha praga, se é de criollos, de cucarachas... Se é de criollos, non nos (...) a nós. Son esas cousas... Que ten que haber diálogo... Eu non sei... Imos, Axenda XXI, Axenda XXI se vai convocar de novo, dígoo porque se vai convocar de novo porque Axenda XXI, como ben saben, hai un expediente que a preside o alcalde ou persoa en quen delegue. Vale? O alcalde ou a persoa a quen delegue que é o concelleiro ou concelleira de Medio Ambiente. A última convocatoria a fixo a concelleira de Medio Ambiente, presidiuna ela, non a presidiu o alcalde que é o presidente e o alcalde nunca fixo ningunha resolución ao respecto, entón, eu disto, fíxose mal, xa llo dixen, (...) rompémoslle a cabeza, e que é verdade... E que eu non preguntei



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

pola Axenda XXI, se estiverades calados, me preguntan da Axenda XXI, que vou dicir? A Axenda XXI, a concelleira fixo unha resolución e non hai denegación. Non hai unha resolución do alcalde delegando sobre a concelleira para que presida Axenda XXI. Fíxoa a concelleira unha resolución. Ela convocou as asociacións. Pode falar, cando acabe eu. E iso está aí; o expediente. Como di vostede, negro sobre branco, branco sobre negro. Imos aí que é onde está a resolución do alcalde delegando sobre a concelleira para a Axenda XXI. Pois agora que vou facer? Vou facer unha resolución. O que vou facer é convocar á Axenda XXI. O primeiro día que a convoque vou ir eu a presidila, acompañado do concelleiro de Medio Ambiente e alí mesmo vou dicir alí que a partir dese momento delego a presidencia no concelleiro de Medio Ambiente "X", o secretario será un funcionario "X" e o vicepresidente será "X" e eu a partir de aí, Axenda XXI canaliza ou pona a funcionar o concelleiro de Medio Ambiente que non sei aínda quen vai ser porque estou asumindo eu agora mesmo. Iso é o que hai. Eu, é a forma de proceder. Non se fixo correctamente. Ben, pois que (...) a Axenda XXI, ben, imos convocala? Si. Pero de novo ben. E agora doulle a palabra por alusións.

Sra. Varela: Grazas, señor alcalde. Neste campo de goberno, (...) Dentro das funcións da área de medio ambiente, dentro das competencias estaba a Axenda XXI, entón, sería competencia de vostede facer unha resolución da alcaldía delegando esta función ou é que teño que facer eu unha resolución da alcaldía porque non sei (...). E eu non podía facela nese momento. Entón, está dicindo que non estaba feita a resolución da alcaldía e a min achacando a culpa diso cando eu non teño ningunha. Entón, só para informarlle, Axenda XXI debería convocarse a partir do mércores deste mes.

Sr. alcalde: Grazas, señora Varela. Imos ver, o alcalde presidente ten que facer unha resolución delegando as súas competencias, competencias que ten dadas por lei, non me confunda o pacto de goberno onde se xuntan 3 que forman un partido político e acordan "x" a onde está a norma. A norma está por enriba de calquera pacto que asinen calquera partido político, entón, se hai lei que Axenda XXI a preside o alcalde ou a persoa a quen delegan, aínda que no pacto non acordásemos que fa levar a Axenda XXI, non ten nada que ver o pacto coa norma. O que hai que facer é: alcalde, quero pór a Axenda XXI en funcionamento. De acordo, concelleira. Secretario, faga unha convocatoria como fixo Araúxo co seu concelleiro de Educación, de Medio Ambiente, perdón. Como fixo Martín Urgal co seu concelleiro de Medio Ambiente, Carlos Cabaleiro, como fixo Fernando Guitián co seu concelleiro, é que está vostede aí, o que (...) da Axenda XXI e Administración segue a parte de quen estea de alcalde nese momento. Entón, mira que cando chegamos nós ao goberno falta. É que é tan sinxelo coma si. Colla o expediente e onde está a resolución do alcalde da convocatoria da Axenda XXI e eu lle vou dicir máis, até a hora de facer a convocatoria, home eu, o PSOE non recibiu, sábeo de sobra que llo dixen hoxe á mañá e houbo xente que non lle chegou. Pero non imos entrar niso. Só para que o saiba. Só, que imos facer? (...) Ben, agora vimos co pacto. É que é algo tan sinxelo. Oe, non pasa nada, pero hai que facelo. É que... quere que lle saque máis resolucións?

Sra. Varela: Non, non... (...).

Sr. alcalde: Eu o que quero é legalidade. E o que está mal se fai de novo mentres eu sexa alcalde e *iso está mal y se va a hacer de nuevo. Punto y pelota.*

Sra. Varela: Vale.

Sr. alcalde: A outra pregunta. Que máis quere que lle diga? Camiño de Morgadáns xa lle contestei, transporte metropolitano xa lle contestei, Vincios xa lle contestei tamén, contratación de, a contratación da traballadora social sabe que lle renovamos por seis meses e está pendente de xuízo, (...). Ten mañá o xuízo, entón, está pendente de xuízo, se a sentenza é favorable haberá que admitila. Se é desfavorable, se lle acaba o contrato. Se lle fixo esta renovación (...) do servizo, pola ratio a Xunta esixía dúas traballadoras sociais, ben, xa saben, se argumentou todo o posible habido e por haber para (...) mantela seis meses máis, pero como estaba pendente de xuízo... Foi readmitida (...), ben, e aí estamos, mañá ten xuízo. O tema da RPT, a RPT era unha cousa que asumía o concelleiro de Persoal, eu non a mirei nunca, non obstante, como agora tamén asumo eu Persoal, pedinlle por escrito ao secretario



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

municipal, se non lembro mal, esta semana, ou si; ma pasou, téñoa enriba da mesa do despacho. Tiven unha xuntanza do comité de empresa e con todos os sindicatos. Díxenlle que iamos retomar a RPT, que a miña intención era tirar para adiante con todas as da lei con esa RPT que estaba feita. Eu (...) téñoa alí, teño que botarlle unha ollada, pero non a lin, non sei como está. Algo que contou o responsable, algo que fun miraron así un pouco por riba, do organigrama da estrutura funcional, e ben, e imos retomar a RPT para tirar para adiante con esa RTP, e a miña intención é facela. Tamén é certo que agora en abril hai cambio sindical, hai eleccións sindicais entón tamén é cuestión de esperar á nova remesa porque ben, aínda que non creo que queden todos os mesmos, entón tamén pórse a falar con eles 15 días e dentro de 15 volver a ter 8 ou 9 delegados novos, ao mellor non é moi oportuna. É preferible esperar a primeiros de abril e empezar con eles. Dígame señor Guitián.

Sr. Guitián: A RPT achega (...) chegou o arquitecto, (...) recoñecen a RPT, a gardas e aí queda. Por que? Porque estabamos preto das eleccións e todo o proceso até ese momento foron foros abertos cos sindicatos, cos comités, perdón, (...) a cousa, e chegou un momento en que claro, (...) dalgún xeito tiñan que gardar silencio, ser discreto, (...). Entón, claro se encontraron cunha disxuntiva de que quedaban calados e estábanlle ocultando o que había o resto dos(...).

Sr. alcalde: Mo dixeron.

Sr. Guitián: Entón, como estaba feita, para os que quedamos, era convocar a mesa de negociación, e dar o seguinte paso. Iso mo pediron a min e non quixen. É unha cuestión meramente de (...), é dicir, as (...) por diante, se estaba eu pois quedaba convocada como estaban, pero no caso de non estar... Así llo dixeron, que non quería que se (...) e foi (...) de gardar, o secretario do concello e ben, daquela, (...) niso, é dicir, (...). Para que se falara sobre (...) e buscar un acordo para facer unha RPT (...).

Sr. alcalde: Si, niso, eu coincido. Non sabía o que vostede acordara e do que falara, pero coincidimos. Eu falei con eles un par de veces e incluso eu lle trasladaba que a min me gustaría agora este mes non sacar a RPT, nin darlle a eles nin tocar ese tema porque, para que nos entendamos, estamos en campaña sindical entón, claro, tamén pode manexar unha serie de datos, utilízalos e, entón eu prefiro abrir xa a mesa de presentación de candidaturas, estar buscando agora mesmo candidatos para un (...), outro para UGT, entón agora eu creo que este mes non é o momento de pórse nunha negociación deste tipo porque despois vai haber un cambio e eu creo que incluso, aséptico, non, deixalo aí. Así que veña o novo comité e tal imos tirar para adiante e a demais a RPT quero que sexa xustamente o que é a propia palabra, a relación de postos de traballo obxectiva. Me dá exactamente igual que non reteña, e a estrutura, é moi importante. E ademais estou moi animado con ese tema porque creo que vou facelo, que temos unha carencia. E tamén lle digo que antes de traela aquí, a aprobación e todo o demais, se lle vai pasar a todos os grupos políticos para que, para que participen, para que opinen, eu quero que sexa unha cousa de todos. Consensuadas, iso si. Por último, as beirarrúas de Morgadáns, Chain, xustamente agora tiña, as beirarrúas tiñan que estar rematadas o que pasa é o que o problema é tres, catro propietarios que non ceden, que son xusto a parte máis perigosa case, nesa zona escura antes de chegar á recta de Chain, e a Deputación o que fixo foi parar obviamente, porque non lle deixaban, seguir, e iniciar un expediente de expropiación. Nós falamos co arquitecto, co enxeñeiro de obras Juan Ategui. Estivo aí, (...) e incluso xente da zona que pedía unha serie de melloras, que se lle corriron, destas cousas que enriba da hora vai xurdindo, non? Agora aquí. (...) de todo iso, comprométeuse (...) no expediente, e dotaron unha data que eles calculaban que sobre maio podía ao mellor estar, podían estar aí co tema ese, expropiaron ese tres terreos o cal van saír máis prexudicados porque lle van aplicar a expropiación (...) até facendo zona de aparcamento. Se lle explicou, se lle dixo, pero ben, nós aí, está a Deputación, que é un expediente que eles levan de expropiación e listo. Eduardo Iglesias protestáballe antes ao concelleiro que iso, agora van empezar practicamente todas as obras, tardan, imaxínese. Socavón barrio de Martínez, as Razas, si, este sabe máis a concelleira porque hai un problema de Fenosa, xa estivemos alí, hai un pequeno conflito entre Hermanos López e a traída de



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

augas. Si, pero... pero estivemos... pero xa estivemos alí con (...), si, estivo o de obras, alí estivo o capataz levando iso e hai un problema coa traída e o (...), pero non o sei.

Sr. Salgueiro: O que hai é unha falta de obras, (...) un socavón que hai aí, o que se pode pór é unha chapa de obra para que (...) por riba, (...) o outro día aínda estaba tirada diante, dentro do socavón.

Sr. alcalde: Si, si...

Sr. Salgueiro: Entón un pouquiño máis de (...).

Sr. alcalde: Tomamos nota. Ímoslle dicir que vostede fixo (...). Puxo a.. Si, si, de verdade, eu sei que estiveron alí. Cando vai o capataz e a brigada parece que (...) sen (...), que son os profesionais, non? E quedaba por aí a contestación do Tanque de Tormentas, ao señor Pauliño.

Sra. Durán: Señor alcalde, sabe que eu lle preguntei pola lei de orzamentos (...).

Sr. alcalde: Ah, si, tachei a proposta para ver se se esquecía, pero...

Sra. Durán: (...)

Sr. alcalde: A lei de transparencia, si, estivemos falando xa cunha empresa, cunha construtora e todo isto. Estamos, estaba, tamén lle digo o mesmo, estaba o concelleiro Covelo con toda esa plataforma, ademais eu sei que o concelleiro tamén Antón aínda que non era cargo electo xa estaba traballando con ele niso, a actualización da páxina e eu creo que ben, a partir de mañá xa o temos no concello, xa nos xuntaremos, xa nos miraremos como está así, Antón, para empezar a, porque si é certo que hai que, ademais nós tanto sacamos de paseo a transparencia e todo iso, como non a imos facer, por favor, faltaría máis. Señor Araúxo contéstalle vostede sobre o Tanque de Tormentas que sabe máis como está iso.

Sr. Araúxo: A ver se (...), o Tanque de Tormentas temos pendente unha conversa co xefe (...), para saber como está exactamente a día de hoxe esa actuación porque dende que rematou o prazo daquela famosa subvención que se perdía, acabáronse as, os feitos ameazantes que chegaban aquí ao concello e tamén se acabaron as (...) da prensa por parte da propia (...). En función da información que tiñamos, pois, actuaremos porque ao mellor igual (...) igual ten que volver a pleno ese asunto no sentido de que hai que resolver o acordo que no seu día se chamou para (...). E restaurado, perdón, do (...) até o estado urbanístico (...) para proceder a (...), para proceder a reparalo, (...), xa lle digo, está pendente esta (...), a nós non nos consta que foran ao vulgado, (...) polo tema da (...) ou tanto era (...) dunha obra e (...) e en canto teñamos toda esa información actualizada, (...). Cal é a nosa idea? A nosa idea dende logo é tapar aquilo, (...) e volvelo ao seu estado natural que é (...). E creo que me preguntaban algo (...) se había alternativas, se me deron alternativas. A única alternativa que hai, a desta obra, é poñer a tubaría pola beira do río como (...) dixó, eu non sei se, (...) hai pouco e en Mañufe ao lado da ponte tapan os sumidoiros (...) un (...) Ben, iso era o que habería que bombear dende Mañufe para arriba. Eu sei que (...) e para bombear, o bombeo de arriba, xusto (...) esa tapa (...).

Sr. Salgueiro ?: (...). Non é a tubaría (...) que vai para abaixo (...)

Sr. Araúxo: Eu alí, alí hai unha tubaría nova que é unha tubaría de impulsión que vén para bombear, o bombeo dende a ponte de Mañufe, que a acción grande de bombeo estaría arriba. Segundo me explicaron eles, creo que hai como un bombeo intermedio tamén á altura do(...), hai outro bombeo, outra estación de bombeo aí. E despois, entón, de Mañufe, tal e como nolo explicaron, como nolo explicaron os da Voz de Galicia en Mañufe, bombearía todo (...). (...) Entón eu o que estou dicindo é, o que esa tapa, os dous (...), non dá máis é o que quería que bombeara o suposto bombeo (...), claro, claro, non, non, o goberno de Fernando (...) o problema é que había separar as (...). Non, pero Rubiales, viría doutro lado, (...). Entón como as separas? (...) Ah, pero perdoa, a ver, unha (...) do caudal e outra cousa é separalas, (...) Entendo eu, cousa que non estaba alí, por iso había que bombear. A miña pregunta é, o meu razoamento ía a que ese bombeo que ía aí colocado aí, non ía servir absolutamente para nada e chega o inverno e toda esa auga sae para arriba.

Sr. Guitián: (...)



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

36380 Gondomar

Sr. Araújo: (...) Desas e outras que... (...) Quero dicirle que a solución pasaría por unhas tuberías, como eu lle digo, por gravidade, non, e previamente gastar os cartos en realizar a rede municipal e separar na medida do posible as fluviais e as (...) para que teñamos un caudal permanente e (...), non vou entrar nunha cuestión técnica porque... vostede sabe máis cá min neste asunto, pero... Ben, o asunto é a, (...) é dicir que no momento no que teñamos claro con Augas de Galicia que pacta coa nova situación creada (...). Ben, a (...).

Sr. Villar: (...) Un segundo, o que eu (...) do Tanque de Tormentas, o que realmente (...) esa información, que digan, me preguntaba (...) o de seguridade (...) unha medida de seguridade para que...

Sr. Araújo: Ben, a (...) de seguridade non chegaba (...), a (...) de seguridade, que é (...) que practicamente, ben a brigada tirou o valado todo aquel, (...) haberá que ditar a que o propietario por agora para que arranxe, e se fora culpa nosa (...). Insisto, a seguridade diso pasa por (...) iso (...). Nada máis. Ben, desculpe, (...).

Sr. Villar: (...) poñer agora (...) unha medida (...). Iso é o que hai que facer.

Sr. alcalde: Ten toda a razón. Creo que hai que mandar alí a (...) para que faga unha inspección, e en todo caso requirir a... Levamos 4 anos e 58 minutos, a partir das 5 horas apágase a luz, entón damos por concluído este pleno. Grazas a todos por aguantar. Grazas a vós por aguantarme.

E non habendo máis temas que tratar, ás 20 horas e 23 minutos do día 11.02.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.

